

PREMIOS DE INVESTIGACIÓN
HISTÓRICA, CULTURAL
E ETNOGRÁFICA
CONCELLO DE FRIOL

VOLUME II



■

PREMIOS DE INVESTIGACIÓN
HISTÓRICA, CULTURAL E ETNOGRÁFICA

CONCELLO DE FRIOL

VOLUME II

■





PREMIOS DE INVESTIGACIÓN
HISTÓRICA, CULTURAL E ETNOGRÁFICA

CONCELLO DE FRIOL

CRISTINA BARREIRO ABUÍN
LAURA FERRO DEVESA
ESTEFANÍA PENA FERRO
BRAIS RODRÍGUEZ ROMERO
XABIER MOURE SALGADO
ANA FARIÑAS RODRÍGUEZ
ALBERTA LORENZO ASPRES
M^a DEL CARMEN PRADO PENAS



PREMIO DE INVESTIGACIÓN HISTÓRICA, CULTURAL E
ETNOGRÁFICA "CONCELLO DE FRIOL"

1.ª edición, marzo de 2022

Deseño e maquetación
Tórculo Comunicación Gráfica, S. A.

Deseño de cuberta
Tórculo Comunicación Gráfica, S. A.

Impresión e encuadernación:
Tórculo Comunicación Gráfica, S. A.

Coordinación:
Xesús Rodríguez Rodríguez

Equipo de Trabajo:
Dolores López Caión
José Manuel Iglesias Espiño
Mª do Mar Pérez Fra
Montserrat Castro Rodríguez
María de los Ángeles Buján Burgo
Xesús Rodríguez Rodríguez

Revisión Lingüística:
Dolores López Caión

© os autores e autoras, polos seus textos
© fotografías e gráficos, os seus autores e autoras

Reservados todos os dereitos. Non se permite a reprodución total ou parcial desta obra, nin a súa incorporación a un sistema informático, nin a súa transmisión en calquera forma ou por calquera medio (electrónico, mecánico, fotocopia, grabación ou outros) sen autorización previa e por escrito dos titulares do copyright. A infracción dos ditos dereitos pode constituír un delito contra a propiedade intelectual.

Dirixase a CEDRO (Centro Español de Derechos Reprográficos) se necesita fotocopiar ou escanear algún fragmento desta obra. Pode contactar con CEDRO a través da web www.conlicencia.com ou por teléfono no 91 702 19 70 / 93 272 04 47.

Andavira, no seu desexo de mellorar as súas publicacións, agradecerá calquera suxerencia que os lectores fagan ao departamento editorial por correo electrónico: info@andavira.com.

Depósito legal: C 511-2022
ISBN: 978-84-125227-6-1

Edita: Concello de Friol

Para citar este traballo:
Rodríguez Rodríguez, J. (Coord.) (2022). Premio de Investigación histórica, cultural e etnográfica "Concello de Friol". Friol: Concello de Friol.

ÍNDICE XERAL

Prólogo	15
JOSÉ ÁNGEL SANTOS.....	15

VOLUME I

A arquitectura renacentista de índole civil e relixiosa en Friol.	
Posta en valor e dignificación	17
CRISTINA BARREIRO ABUÍN	17
➤➤ 1. Introducción	17
➤➤ 2. Albores da construción: o castro da Castronela.....	18
➤➤ 3. A etapa medieval.....	19
3.1. A liñaxe dos Seixas	20
3.2. Hospital das Seixas	20
3.3. As loitas irmandiñas.....	21
3.4. A destrución da fortaleza.....	24
3.4.1. Os canteiros do Renacemento	24
3.4.1.1. Os canteiros medievais e as súas marcas ou signos lapidarios	24
3.4.2. Os signos lapidarios	25
3.4.3. Signos lapidarios nas construcións do Concello de Friol	28
3.5 A veciñanza da fortaleza de Pambre.....	29
➤➤ 4. A reconstrución da fortaleza: conversión a residencia palaciega	32
➤➤ 5. Pervivencia de elementos renacentistas na contemporaneidade.....	35
5.1. As ventás de San Paio	35
5.1.1. A ventá: función e utilidade.....	35
5.1.2. A ventá da torre de homenaxe: programa iconográfico.....	37
5.1.3. A ventá da rampa: programa iconográfico	39
5.2. Similitudes: ventás de Aranza (Baralla, Lugo)	40
5.3. As chemineas renacentistas de San Paio de Narla.....	46
5.3.1. A cheminea renacentista do salón principal	46
5.3.2. A exaltación da realeza: programa iconográfico da cheminea superior.	47
➤➤ 6. As chemineas no século XVI.....	49
➤➤ 7. O refinamento dos costumes no Renacemento: nova decoración.....	54
7.1. Elementos decorativos das chemineas: os dragóns	54
7.2. A unión do símbolo e da protección: a figa.....	59
7.3. Os dragóns: tema mitolóxico recorrente.....	61

7.4. Arquitecturas decorativas similares: Narla e Tovar.....	62
7.5. Reafirmación da nosa teoría iconográfica	70
➤ 8. Outras fortalezas de Friol: as ruínas do Hospital das Seixas	75
8.1. Os Seixas	75
➤ 9. San Paio de Narla e a súa presenza nos arquivos: lectura paleográfica.....	77
➤ 10. San Paio de Narla: adquisición e conversión en museo.	77
➤ 11. As medidas restauradoras.....	80
11.1. Estudo gráfico.....	83
11.2. Historia e idiosincrasia das torres de homenaxe. Razón de ser.	89
11.3. Variacións arquitectónicas: redimensionamento espacial.....	91
➤ 12. San Paio de Narla membro da Rede Museística Provincial.....	92
➤ 13. O labor de museoloxía social en San Paio de Narla.....	93
➤ 14. Actualidade do museo de San Paio De Narla.....	93
➤ 15. Conclusión.....	95
Arquitectura relixiosa renacentista: Santa María de Guimarei.....	95
➤ 1. A igrexa de Guimarei. Estudo histórico.....	95
➤ 2. A estrutura arquitectónica. Estudo formal.	96
➤ 3. O estudo arquitectónico de Guimarei segundo Huerta López	99
3.1. Marco teórico: análise límite	100
3.2. Estudo das patoloxías	100
3.3. Posible historia dos danos	102
3.4. Agretamento da bóveda da nave.....	103
3.5. Estabilidade	103
3.6. A bóveda de canón	103
3.7. O sistema de contrafortes	104
3.8. Inclinación dos estribos	104
3.9. Conclusión. Medidas de consolidación.	104
3.10. Anotacións de Huerta acerca de Guimarei	105
3.10.1. O estilo construtivo de Hontañón	106
3.10.2. O regramento: sistematización e funcionamento	107
3.10.3. Seguridade construtiva: o contraforte	108
3.10.4. O ditame construtivo do Renacemento	108
3.10.5. A perigosidade na construción	109
3.10.6. Posible historia das patoloxías.....	111
3.10.7. Posibilidades construtivas do arco.....	111
3.10.8. Planificación da construción: pasos a seguir.....	113
3.10.9. Consideracións sobre a seguridade: medidas de intervención.	113
3.10.10. Especificidade das medidas.	114
3.10.11. Conclusións	114
➤ 4. Desglose informativo sobre a parroquia e santuario de Guimarei.....	114
4.1. A autoría ou atribución dunha obra.....	117
4.2. Outras dependencias.....	118

➤ 5. Comparativa con outras edificacións: Santa María de Taboexa (As Neves)	126
➤ 6. O discípulo Juan de Álava e as súas influencias en Guimarei	130
6.1. O construtivo de Álava aplicable a Guimarei.....	131
➤ 7. O programa iconográfico de grutescos de Guimarei	142
7.1. Constantes en programas iconográficos.....	150
7.2. A aparición e xénese dos grutescos.....	155
7.3. Galería fotográfica de grutescos.....	159
➤ 8. Arquitectura civil	163
8.1. Os pazos de Friol: os esquencidos	163
8.1.1. O concepto de pazo.....	163
8.1.2. As casas fidalgas de Friol.....	168
➤ 9. Un fermoso achádego: a casa renacentista da Purreira.....	173
➤ 10. Marcas delatadoras doutro tipo de arquitecturas: os arcos conopiais e outros aditamentos.	177
➤ 11. Bibliografía	179
➤ 12. Anexos.....	187
12.1. Tipoloxía de ventás.....	187
12.2. Esquema explicativo das Torres de Allo	192
12.3. Detalles das ventas vellas da torre de Allo en Zas	193
12.4. Recetas decorativas do Renacemento: os anxelotes de San Paio Narla, dos Luaces de Mondoñedo e San Pedro de Allo.....	194
12.5. .A torre de homenaxe na arquitectura fortificada	195
12.6. Galería fotográfica	201
12.7. Arciprestados de Galicia e datos poboacionais de Friol.....	208
12.8. A xenealoxía: importante fonte auxiliar	212
12.8.1. A xenealoxia de Guimarei.....	212
12.8.2. A liñaxe dos Seixas.....	212
12.8.3. A árbore xenealóxica de San Paio de Narla	216
Toponimia do Concello de Friol.....	219
LAURA FERRO DEVESA, ESTEFANÍA PENA FERRO	
➤ 1. Contextualización histórica	219
➤ 2. Contido.....	219
1. Anafreita (San Pedro)	219
2. Anxeriz (Santa María)	222
3. Brá (San Martiño)	223
4. Carballo (San Xiao)	224
5. Carlín (Santa María)	226
6. Cotá (San Martiño)	227
7. Friol (San Xiao)	228
8. Guimarei (Santa María)	229
9. Guldriz (Santiago)	230

10. Lamas (Santa María)	231
11. Lea (San Xurxo)	232
12. Madelos (Santalla)	233
13. Miraz (Santiago)	234
14. Narla (San Pedro)	235
15. Nodar (San Mamede)	237
16. Ousá (San Xiao)	238
17. O Pacio (Santa María)	240
18. Prado (San Martiño)	241
19. Ramelle (Santa María)	242
20. Rocha (San Cosme)	243
21. Roimil (San Xiao)	244
22. San Cibrao da Pregación (San Cibrao)	245
23. Condes (San Martiño)	246
24. Santalla de Devesa (Santalla/Santa Eulalia)	248
25. Seixón (San Paio)	248
26. Seoane da Pregación (San Xoán)	249
27. Serén (Santa Cruz)	250
28. Silvela (Santa María)	251
29. Trasmonte (Santiago)	252
30. Vilafiz (Santa María)	253
31. Vilalvite (San Pedro)	254
32. Xiá (Santa María)	255
➤ 3. Bibliografía.....	258

As mámoas e os petróglifos do concello de Friol..... 261

BRAIS RODRÍGUEZ ROMERO, XABIER MOURE SALGADO

➤ Presentación.....	261
➤ Xeografía	261
➤ O Neolítico: As mámoas.....	262
➤ As mámoas no concello de Friol	264
➤ A Idade do Bronce: Os petróglifos	266
➤ Os petróglifos do concello de Friol	266
➤ Parroquia de Anafreita (San Pedro).....	267
➤ Parroquia de Anxeriz (Santa María).....	270
➤ Parroquia de Bra (San Martiño).....	273
➤ Parroquia de Carballo (San Xiao)	275
➤ Parroquia de Carlín (Santa María).....	277
➤ Parroquia de Cotá (San Martiño)	278
➤ Parroquia de Friol (San Xiao).....	283
➤ Parroquia de Guimarei (Santa María)	287

➤ Parroquia de Guldriz (Santiago)	290
➤ Parroquia de Lamas (Santa María)	294
➤ Parroquia de Lea (San Xurxo)	296
➤ Parroquia de Madelos (Santalla)	297
➤ Parroquia de Miraz (Santiago)	298
➤ Parroquia de Narla (San Pedro)	302
➤ Parroquia de Nodar (San Mamede).....	308
➤ Parroquia de Ousá (San Xiao).....	309
➤ Parroquia de O Pacio (Santa María).....	315
➤ Parroquia de Prado (San Martiño)	316
➤ Parroquia de Ramelle (Santa María).....	316
➤ Parroquia de Rocha (San Cosmede).....	317
➤ Parroquia de Roimil (San Xiao)	318
➤ Parroquia de San Cibrao da Pregación (San Cibrao)	319
➤ Parroquia de San Martiño de Condes (San Martiño)	320
➤ Parroquia de Santalla de Devesa (Santalla)	323
➤ Parroquia de Seixón (San Paio).....	327
➤ Parroquia de Seoane da Pregación (San Xoán).....	328
➤ Parroquia de Serén (Santa Cruz)	330
➤ Parroquia de Silvela (Santa María)	332
➤ Parroquia de Trasmonte (Santiago).....	334
➤ Parroquia de Vilafiz (Santa María)	336
➤ Parroquia de Vilalvite (San Pedro)	339
➤ Parroquia de Xiá (Santa María)	341
➤ Glosario de termos.....	344
➤ Bibliografía.....	347
➤ Anexo 1.....	350

Friol prehistórico. Un estudo dos petróglifos, túmulos e castros do

concello de Friol.....	357
ANA FARIÑAS RODRÍGUEZ	357
➤ 1. Introducción	357
➤ 2. O espazo xeográfico	358
➤ 3. Os petróglifos	359
3.1. Historiografía	359
3.2. Qué son os petróglifos?.....	360
3.3 Os petróglifos de Friol: unha visión de conxunto	362
3.4. Listaxe.....	365
➤ 4. Os túmulos.....	367
4.1. Historiografía	367
4.2. Que é o megalitismo?	368

4.3. Os túmulos de Friol: unha visión de conxunto.....	369
4.4. Listaxe.....	370
➤ 5. Os castros	414
5.1. Que é o mundo castrexo?	414
5.2. Historiografía	415
5.3. Os castros de Friol	415
5.4. Listaxe.....	416
➤ 6. Conclusións e perspectivas de futuro	422
➤ 7. Bibliografía.....	423
7.1. Petróglifos.....	423
7.2. Túmulos	425
7.3. Castros.....	426

VOLUME II

Friol como paradigma de estudo do románico rural galego.....	429
ALBERTA LORENZO ASPRES.....	429
➤ 1. Introducción	429
➤ 2. Influencia compostelá.....	430
San Paio de Seixón	432
➤ 3. Innovacións estilísticas.....	438
Santa María de Anxeriz.....	443
San Pedro de Narla.....	451
➤ 4. Últimas reminiscencias	458
San Pedro de Anafreita.....	460
San Mamede de Nodar.....	469
San Martiño de Prado	474
Santa María de Silvela.....	480
Santiago de Trasmonte	486
➤ 6. Conclusións.....	492
➤ 7. Bibliografía.....	492
Catalogación etnográfica do patrimonio hidráulico de Friol. Os muíños.....	497
CRISTINA BARREIRO ABUÍN, M ^a DEL CARMEN PRADO PENAS.....	497
➤ 1. Introducción	497
➤ 2. Contexto histórico-social de Friol	497
➤ 3. As orixes dos muíños na Antigüidade.....	500
➤ 4. Os muíños	500
4.1. O funcionamento dun muíño	502
4.1.1. Tipoloxía de muíños.....	504

4.2. A pedra dos canteiros nos muíños	507
4.3. O labor do muiñeiro.....	509
4.4. A materia prima nos muíños: o cereal.....	510
4.5. Caso autóctono: os muíños friolenses.....	511
4.6. Situación dos muíños na actualidade.....	512
➤➤ 5. Outro patrimonio da auga: pontes, pontellas, muíños de mareas.....	513
➤➤ 6. O ambiente festivo nos muíños: as foliadas.....	514
➤➤ 7. A temática poética centrada nos muíños.....	516
➤➤ 8. Bibliografía.....	518
➤➤ 9. Apéndice: Fichas de catalogación	520
9.1. Muíños habilitados na actualidade como vivenda particular: concello de Friol.....	625
➤➤ 10. Galería fotográfica	625
➤➤ 11. Listado e fonte de autoría das imaxes da catalogación	733
➤➤ 12. Anexos. Croquis das principais concas fluviais do Concello de Friol.....	746

FRIOL COMO PARADIGMA DE ESTUDO DO ROMÁNICO RURAL GALEGO

ALBERTA LORENZO ASPRES

III Premio de Investigación Histórica, Cultural e Etnográfica 'Concello de Friol'

O erudito e arqueólogo francés Charles Alexis Adrien Duhérissier de Gerville (1769-1853) acuña por primeira vez o termo *románico* para referirse á etapa da arquitectura que comprende dende a caída do Imperio Romano ata o século XII.

O termo xa existía relacionado coas linguas derivadas do latín –*linguas romances*–, pero el emprégao nunha carta de 1818 dirixida ao seu amigo Arcisse de Caumont, outro arqueólogo francés que é quen o difunde no seu libro *Essai sur l'architecture du moyen âge, particulièrement en Normandie* –Ensaio sobre a arquitectura medieval, particularmente en Normandía–, datado no 1824.

MARTÍN GONZÁLEZ: *Historia del Arte*, 2010.

➔ 1. Introducción

O estudo da arte románica de Galicia esperta un interese crecente nos últimos anos, tanto por parte de institucións –públicas e privadas– como da sociedade en xeral, en consonancia coa maior preocupación que se observa cara ao coñecemento e protección do noso patrimonio artístico e arquitectónico.

Non obstante, a atracción que orixina o románico rural é especialmente significativa na nosa Comunidade debido á conxunción de, sobre todo, dúas circunstancias: por unha banda, o auxe experimentado polas distintas vías do *Camiño de Santiago* na presente década, abranguendo máis alá do trazado francés; e pola outra, o notable crecemento do denominado *turismo cultural*.

Non é necesario lembrar que ningún estilo artístico callou tan profundamente na nosa terra como o románico, a pesar do seu tardío inicio en Galicia –nunca antes do último terzo do século XI– e da súa lenta difusión, levando as súas últimas manifestacións aos comezos da centuria do XIII e existindo in-

cluso posteriores recordos de certas actitudes románicas en igrexas que deste estilo só teñen unha difusa evocación.

En relativamente pouco tempo, a nosa xeografía cóbrese con magníficas catedrais, mosteiros e centenares de pequenos templos rurais. E é, sen dúbida, nestes últimos nos que se expresa máis directamente e con maior viveza o espírito creativo da arte románica.

Non obstante, existen numerosas lagoas no coñecemento do rico patrimonio medieval galego que é preciso emendar.

Por iso, partindo da análise pormenorizada dos oito templos románicos presentes no concello de Friol, para comprender mellor as súas características arquitectónicas, construtivas, estilísticas, iconográficas e ornamentais, elabórase unha radiografía temporal da arquitectura románica rural de Galicia, e de xeito máis específico da provincia lucense; de tal maneira que paralelamente se sistematizan unha serie de ciclos e escolas en estreita relación –principalmente– co núcleo difusor compostelán.

Isto permite aportar un pouco máis de luz ao complexo panorama das nosas arte e arquitectura medievais.

➔ 2. Influencia compostelá

A catedral de Santiago exerceu un influxo no románico galego case exclusivo ao longo dos dous primeiros terzos do século XII, o cal se manifestou nunha dobre dirección: por unha banda, nos elementos arquitectónicos; pola outra, nos motivos ornamentais.¹

Os elementos arquitectónicos máis frecuentes nesta arquitectura son os arcos de medio punto, columnas embebidas de fustes lisos coas súas correspondentes basas e capiteis, e fiestras cunha organización completa ou como simples seteiras. Dado o xenérico de tales elementos resultan moito máis elocuentes e expresivos os motivos ornamentais, que, ademais, permiten a adscrición ás diversas escolas.

Para o período enunciado, é necesario ter en conta a actividade despregada nas obras da basílica compostelá por Bernardo *o Vello* e por Estevo e o seu círculo. A difusión dos seus respectivos estilos non se debeu á participación directa de ambos mestres fóra da obra aludida, senón a través de artistas ou traballadores formados con eles –ou coñecedores da súa arte–; e máis factible semella esta opción. Deste xeito, pode afirmarse que practicamente toda a arquitectura románica de Galicia –aínda que de forma indirecta e parcial– participa do gran centro creador e impulsor que foi Compostela.

Bernardo *o Vello* –cualificado polo *Códice Calixtino* como *mestre admirable*– foi o iniciador das obras da catedral. O seu estilo ten unhas peculiaridades diferentes a canto se fixera e se estaba facendo en Galicia, servindo de punto de partida á arquitectura que aquí se realiza ao longo do século XII. A súa pegada no mundo rural foi escasa, polo que é necesario buscala en pequenos detalles ornamentais e na organización das fiestras: estas teñen o van rematado por un arco que se levanta a unha altura sensiblemente inferior ao que o enmarca.

En canto á influencia do mestre Estevo, arquitectonicamente falando, é case nula pola simplicidade das estruturas dos templos rurais lucenses; así pois, son as formas ornamentais as que permiten rastrexar devandita vinculación, e de maneira especial, os capiteis. Os máis frecuentes presentan unha temática vexetal que en ocasións se entretece cunha figura humana ou animal; outros ostentan unha decoración zoomorfa, considerándose excepcionais aqueles que empregan temas máis complexos.

A transcendencia destes introdutores da arte de Estevo no mundo rural –cuxa maior ou menor proximidade á obra deste mestre vén dada pola calidade e cronoloxía da súa actividade–, non se esgota con isto; senón que á súa vez forma pequenos talleres rurais cuxos representantes *ruralizan* e levan a un total esgotamento as formas creadas en Compostela, fenómeno que se desenvolve ao longo do último terzo do século XII.

1 YZQUIERDO PERRÍN, R.; *La arquitectura románica en Lugo*. Fundación Pedro Barrié de la Maza. A Coruña 1983. Páx.23-42.

Entre os mestres rurais formados cos máis vinculados a Compostela destaca en primeiro lugar o mestre Paio, sobre todo por ter deixado o seu nome gravado no tímpano da porta principal da igrexa de Santa María de Taboada dos Freires (Taboada). No lintel deste tímpano tamén se le a data da construción, polo cal é un dos poucos mestres xa non só coñecidos senón tamén perfectamente datados.²

Pero a pesar da influencia exercida por Compostela e en especial polo mestre Estevo e os seus colaboradores na arquitectura galega do século XII obsérvanse, en ocasións, influencias foráneas de difícil localización. Así ocorre na igrexa de **San Paio de Seixón** (Friol), onde algunhas das súas características máis sobresaíntes animan a pensar en núcleos casteláns, como por exemplo o de Ávila.³ Non obstante, e a pesar diso, non faltan tampouco trazos propios do románico de ascendencia compostelá, o que en definitiva corrobora a preponderancia deste núcleo, máxime se se ten en conta a nula repercusión que tiveron no románico de Galicia as influencias foráneas.

Por outra banda, o *Camiño de Santiago* ten unha gran importancia no mundo medieval europeo, e sobre todo na Península Ibérica: o seu influxo resulta extraordinario en tódalas ordes, e as súas consecuencias son especialmente notorias no campo social e económico. Pero tamén ten unha gran importancia no terreo artístico, e máis concretamente na expansión da arte románica, cuxas obras decoran o Camiño con monumentos tan sobresaíntes como os de Xaca, Frómista ou León, por citar só os lugares onde se levantan os máis importantes templos do románico español.



Fig. 01. Vista de San Paio de Seixón, setembro 2017. (Arquivo fotográfico da autora).

SAN PAIO DE SEIXÓN

A pesar do influxo exercido por Compostela e en especial polo mestre Estevo e os seus colaboradores na arquitectura galega do século XII, obsérvanse, en ocasións, influencias foráneas de difícil localización, como ocorre na igrexa de San Paio de Seixón (**fig. 01**), onde algunhas das súas características máis sobresaíntes animan a pensar en núcleos casteláns. Non obstante, e a pesar diso, non faltan tampouco trazos propios do románico de ascendencia compostelá, o que, en definitiva, corrobora a preponderancia deste núcleo, máxime se se ten en conta a nula repercusión que tiveron no románico de Galicia os influxos de fóra.⁴

A documentación medieval conservada acerca da orixe e fundación deste templo parroquial limítase a unha inscrición situada no muro norte da nave.⁵ A aparición na epigrafía tanto da datación fundacional –que se correspondería co ano 1140 da era cristiá– como do nome do mestre construtor supón unha característica excepcional no románico rural da zona.

4 YZQUIERDO PERRÍN, R.; *Op.cit.*, 1983. Páx.15-27.




Fig. 02. Planta da igrexa de Seixón. (Reinterpretación da autora).

Do templo orixinal, chegaron ata os nosos días parte dos muros laterais –actualmente reedificados– da nave, así como varios elementos ornamentais.

Planta

A igrexa de San Paio de Seixón mantén en planta as características propias do románico rural, con nave e ábsida únicas e rectangulares (**fig. 02**).

Coa habitual disposición litúrxica, a ábsida é lixeiramente máis estreita que a nave. O aparello granítico dispónse en filas horizontais, sendo na fábrica románica de carácter isódomo, o que lle outorga unha aparencia completamente regular. A parte do testeiro érguese sobre retallo e a ela engádeselle no seu muro norte unha sancristía, evidenciada tanto pola irregularidade das súas pedras como pola ruptura da uniformidade volumétrica da nave.

Nas reformas acometidas no templo reedifícanse ademais os muros laterais, suprimindo as seteiras, os aleiros e a case totalidade dos canzorros.

O edificio cóbrese cunha cuberta de lousa a dúas augas.

Alzado Oeste

A fachada occidental está composta por unha sinxela espadana dun único van e a portada, testemuño excepcionalmente definitorio –á vez que problemático– do estilo do mestre Xoán (**fig. 03**).

Devandita portada encóntrase moi deteriorada, carece de tímpano e organízase por medio dunha dobre arquivolta de medio punto (**fig. 04**). A menor apóiase nas xambas, que semellan estar decoradas cunha fina baqueta. E a maior sobre sendas columnas *acodilladas* coas súas correspondentes basas, capitais e cimacios; estes prológanse para apear a chambrana que envolve a arquivolta e que se decora con grosos billetes, en parte perdidos.

O arco maior está tallado en grosso bocel, o que provoca no intradorso e na rosca as habituais escocias. As basas das columnas son de tipo ático; os fustes, lisos –o da dereita atópase partido pola metade–, e os capiteis ostentan unha decoración vexetal. O da esquerda presenta tres grandes follas de contorno dentado cunha incisión a modo de nervio central, dispostas verticalmente e decoradas con pequenas



Fig. 03. Alzado oeste da igrexa de Seixón. (Reinterpretación da autora)

esferas.⁶ O capitel dereito decórase tamén con dúas filas de tres grandes follas, neste caso estilizadas, apenas talladas e rematadas nunha grosa bóla na esquina da peza.⁷ Os cimacios permanecen en nacela.

En canto á arquivolta menor, está configurada por cinco doelas. Na súa rosca, unha serie de incisións forman dúas filas sinxelas cuadrifoliadas nas que cada unha comparte coa contigua un dos seus pétalos, o que produce a sensación de continuidade decorativa. No intradorso existe unha gran variedade de rosetas enmarcadas en círculos tanxentes entre si. A diferenciación volumétrica no modelado de cada elemento é significativa, sendo máis refundida ou vigorosa segundo o motivo. De esquerda a dereita, a primeira doela componse de dúas rosetas na que a inferior é lisa, moi resaltada e estilizada, e a superior posúe sete pétalos similares a gaxos de laranxa. A segunda doela presenta unha flor central co seu núcleo baleirado que podería ser un xirasol, e está adornada nas súas esquinas por outros catro motivos florais difíciles de definir debido ao estado da peza. A que se corresponde coa clave encóntrase moi borrada pero deixa adiviñar outras rosetas nas que se resaltan o centro e o borde do círculo. A penúltima representaría unha flor de lis con dobre folla, enmarcada circularmente e con motivos ornamentais nas esquinas.⁸ A última exhibe unha primeira roseta cos bordes do círculo e os pétalos tallados, e unha segunda cun xirasol, bastante refundido e no que se destacarían de maneira

6 Esta representación abstracta das follas de acanto foi recollida por Pita Andrade como elemento de gran difusión no románico rural galego, e aludiría a talleres composteláns. PITA ANDRADE, J.M.; "Observaciones sobre la decoración vegetal en el románico de Galicia", *Abrente*, 1. A Coruña 1969. Páx.85-108.

7 Vázquez Saco interpreta estas esferas como avultadas cabezas humanas. Pese a que a erosión podería ter borrado os trazos antropomorfos é máis probable, tal e como apunta Delgado Gómez, que se trate de bólas. Esta terminación das follas é moi característica do románico rural de influencia compostelá e encontraría a súa representación en igrexas do entorno próximo, como podería ser o capitel da portada occidental da igrexa de San Cristovo de Novelúa (Monterroso). VÁZQUEZ SACO, F; *Op.cit.*: Papeleta 21, 1943. Tomo II, Páx.153-154. DELGADO GÓMEZ, J.; *El románico en Lugo y su provincia*, tomo III. Edinosa. A Coruña 1996-2006. Páx.441-446.

8 VÁZQUEZ SACO, F; *Op.cit.*: Papeleta 21, 1943. Tomo II, páx.153-154.



Fig. 04. Detalle da porta principal da igrexa de Seixón, setembro 2017. (Arquivo fotográfico da autora).

incisa as liñas estruturais da flor. Ao tempo que varían os motivos dunhas rosetas a outras tamén varía o volume da labra, de xeito que mentres as da dereita quedan refundidas, as da esquerda quedan vigorosamente modeladas.⁹

En xeral, non pode dicirse que estes esquemas ornamentais sexan frecuentes en Galicia –e máis en torno ao 1140–, aínda que tampouco constitúen unha novidade total xa que as rosetas foran utilizadas, por exemplo, na catedral de Santiago –onde é certo que teñen unha calidade moi superior ás das aquí presentes–. E é igualmente certo que as arquivoltas con rosetas teñen un maior desenrolo en Ávila¹⁰ e na nosa terra só adquiren certa difusión trala construción da igrexa do antigo mosteiro de Aciveiro.¹¹

Por outra banda, nesta portada habería que salientar tamén a carencia de tímpano. Probablemente a porta quedaba acubillada por un sinxelo pórtico de madeira, o que xustificaría a presenza duns ocos existentes sobre ela; pois non pode tampouco esquecerse a enorme frecuencia con que estas estruturas se construíron en Galicia.

Alzado Norte

9 YÁÑEZ PUENTES, A.; “Seixón”, *Enciclopedia del Románico en Galicia: Lugo*. Fundación Santa María la Real del Patrimonio Histórico. Aguilar de Campoo (Palencia) 2018. Páx.1385-1389.

10 YZQUIERDO PERRÍN, R.; *Op.cit.*, 1983. Páx.15-27.




Fig. 05. Alzado norte da igrexa de Seixón. (Reinterpretación da autora).

Os lenzos laterais da nave –o do norte e o do sur– foron reconstruídos, sobre todo na súa parte alta, polo que tan só resta unha ínfima representación do que foron as acubillas a bisel, as cales descansan sobre catro canzorros, simples e en caveto, situados dous a dous na parte máis occidental destes muros laterais (**fig. 05**).

Neste mesmo lugar da fachada norte e a certa altura do solo, consérvase unha inscrición nunha pedra rectangular que aporta datos relevantes acerca da data e do autor da obra. O seu notable deterioro levou a algúns autores a crer que esta desaparecera.

ERA MILESIM / A CENTESIMA / LXXVIII FECIT / I(O)H(A)N(i)S MAGISTER¹²

É dicir: *Na era 1178* –correspondente ao ano 1140 da nosa era cristiá– *a fixo o mestre Xoán*.

É a primeira ocasión –e practicamente a única– na que se manifesta non só a data de construción, senón tamén o nome do seu autor; aínda que nada se sabe sobre este mestre que tampouco volve aparecer en ningunha outra edificación. Incluso o coñecemento que del se obtén ao estudar este monumento é parcial polas importantes reformas que sufriu.¹³

Baixo o documento epigráfico, en varias pedras, pódense observar cruces e un signo de infinito, posiblemente marcas de canteiros.

Alzado Leste

Ao igual cos muros laterais da nave, tamén foron reformados os muros do presbiterio (**fig. 06**). Conservouse a fiestra do testeiro, un dos elementos máis significativos do templo (**fig. 07**).

O van enmárcase por un arco de medio punto, con aresta en baqueta e adornado con finas medias canas na rosca. Unha chambrana axadrezada completa o conxunto desta fiestra que non difire doutros exemplos da rexión.¹⁴ Ambos arcos, cunha imposta intermediaria en caveto que sobresaie lixeiramen-

14 Esta ornamentación está moi presente en multitude de exemplos do románico rural galego e que, segundo Pita Andrade, encontra o seu centro difusor na catedral compostelá. PITA ANDRADE, J.M.; “Observaciones sobre la decoración geométrica en el románico de Galicia”, *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 18. Santiago de Compostela 1963. Páx.35-56.




Fig. 06. Alzado leste da igrexa de Seixón. (Reinterpretación da autora).

te do muro, aséntanse sobre dúas pequenas columnas de fustes lisos e monolíticos, levantadas sobre basas áticas e con estilizados capiteis vexetais de anchas follas dispostas en dúas filas e sen decoración algunha.

Por outra banda, cómpre salientar as nítidas diferencias existentes entre as partes máis significativas da igrexa parroquial de Seixón, é dicir, entre a decoración da porta occidental e a da fiestra do testeiro. Este feito fai indubidablemente máis difícil o concretar a personalidade do mestre Xoán, que ademais de ser un dos poucos artistas deste momento que deixaron o seu nome, pode considerarse tamén como un dos pioneiros na difusión do románico polo mundo rural de Galicia.¹⁵

Alzado Sur

Ao igual co muro lateral norte, o lenzo lateral sur tamén foi retocado, sobre todo na súa parte alta (**fig. 08**).

Nesta fachada, ademais dos dous canzorros conservados que permanecen lisos, ábrese unha porta constituída por un arco de medio punto a pano co muro, de directriz lixeiramente apuntada e de cronoloxía máis tardía.

Interior

15 Segundo Yzquierdo Perrín, á dificultade na identificación das características do mestre Xoán, súmaselle ademais o feito de que sexa considerado un dos primeiros difusores do románico no rural galego. As arquivoltas con rosetas, que tan profusamente desprega este autor na portada principal, son un motivo pouco habitual no románico rural ata a construción da igrexa do pontevedrés mosteiro de Aciveiro. É por iso que este estudoso apunta á influencia de talleres foráneos como os abulenses, nos que este motivo é bastante usual. Non obstante, os motivos florais manifestarían a preponderancia dos talleres composteláns, fronte á pouca repercusión que os estranxeiros, como o de Ávila, tiveron en territorio galaico. YZQUIERDO PERRÍN, R.; *Op.cit.*, 1983. Páx.15-27, 218.



Fig. 07. Detalle da fiestra absidal da igrexa de Seixón, setembro 2017. (Arquivo fotográfico da autora).

No interior unicamente cabe mencionar, como elemento da fábrica orixinal, o banco corrido de pedra sobre o que se asentan os muros laterais da nave e as portas meridional e occidental –ambas de medio punto e sección prismática– (fig. 09).

Relativamente recente, refíxose a cuberta a dúas augas de castiñeiro e abriuse a fiestra do testeiro que se atopaba tapiada. Esta apertura –xunto coa da porta sur– proporciona un xogo de luces e sombras no espazo interior que supoñemos que sería maior no momento da súa construción, coas seteiras dispostas nos muros laterais.

En canto ao arco triunfal, este desapareceu.

No sotocoro –posiblemente sitas no seu emprazamento orixinal– podemos encontrar dúas pías bautismais. A maior é de tradición románica moi sinxela, de labra ruda con fonte en copa e realizada en granito. A súa cunca é semiesférica, cunha moldura a modo de sinxelo ornamento na súa parte superior. Apóiase sobre un sinxelo pé de sección prismática octogonal que descansa sobre unha base cilíndrica. O seu tamaño medio remite ao bautismo por infusión e inmersión, nun momento en que ambos ritos convivían.¹⁶ A pía bautismal é coetánea á igrexa e poderíamola datar en torno ao ano 1140.

➤ 3. Innovacións estilísticas

No último terzo do século XII a arquitectura románica galega, e en especial a arquitectura románica rural, pasa un dos seus peores momentos pola falta de xenios creadores que a revitalicen.

16 YÁÑEZ PUENTES, A.; *Op.cit.*, 2018. Páx.1385-1389.




Fig. 08. Alzado sur da igrexa de Seixón. (Reinterpretación da autora).




Fig. 09. Sección lonxitudinal da igrexa de Seixón. (Reinterpretación da autora).

A arte creada polo mestre Estevo e os seus máis directos colaboradores nos últimos tramos da xirola e do cruceiro da catedral de Santiago serve de motor á arquitectura románica galega dos dous primeiros terzos do século XII; e é ademais o escenario dunha primeira xeración de mestres rurais que, carentes de inventiva, repiten determinados motivos ornamentais nas súas obras e nas súas escolas. Non obstante, no último terzo desta centuria –mentres se mantén esta situación–, xorde unha segunda xeración de artistas que dá lugar a unhas novas escolas moito máis fecundas en número de obras, pero que tamén presenta unha dexeneración e un esgotamento moito máis evidentes das formas creadas por Estevo. A pesar disto, a actividade destas escolas non desaparece de inmediato, senón que se estende por múltiples lugares de Galicia chegando algunhas das súas últimas manifestacións a alcanzar xa o século XIII.

Así, a irrupción da arte derivada de Estevo no mundo rural prodúcese da man de diversos mestres, un dos cales –se cadra o máis próximo aos de formación compostelá– é o xa mencionado mestre Paio. Pero cómpre destacar aos autores das igrexas de San Salvador de Asma (Chantada) e de San Martiño de Novelúa (Monterroso), así como aos dos templos que seguen ao de San Salvador de Balboa (Monterroso) na organización do seu arco triunfal, alcanzando así o primeiro cuarto do século XIII.

O esquema empregado polo arco triunfal no espazo de Balboa –e poucos anos máis tarde no de San Miguel de Coence (Palas de Rei)– coñece unha gran difusión ao longo do último terzo do século XII pola zona oeste da provincia de Lugo. Tal estrutura caracterízase por presentar un arco dobrado que se apoia en pilastras e columnas *acodilladas* no propio muro de peche da nave –como se dalgún modo se quixera evocar a organización das portadas–; e encóntrase sempre en templos de planta rectangular na súa nave e presbiterio. Tamén é frecuente que sobre este arco se abra unha sinxela fiestra con derrame cara ao interior, de arco de medio punto e sen ornamentación algunha.

En medio deste proceso de ruralización comezan a xurdir outros motivos que parecen estar influídos por diversas correntes artísticas, entre as que non falta nin os ecos do Císter nin do nacente gótico, o que leva xa a unha cronoloxía de comezos do século XIII, anos que sinalan o final desta escola que partía en 1147 –datación da igrexa de San Salvador de Balboa–.

Neste grupo inclúese unha igrexa de características únicas: **Santa María de Anxeriz** (Friol). Nela sobresaen de maneira especial dous aspectos singulares: o da súa datación mediante un epígrafe en 1175, e a estraña ornamentación que ostenta o tímpano da súa portada sur.¹⁷

Por outra banda, o progresivo esgotamento das formas derivadas do mestre Estevo conduce a unha arte talvez menos homoxénea, pero tamén con maiores posibilidades polas distintas tendencias que nela xa despuntan. Tales indicios apenas poden completar o seu desenrolo dado o avanzado da súa cronoloxía, pois alborexan xa novas formas artísticas que anuncian –de maneira irreversible– a próxima chegada do gótico.

Entre esas diversas tendencias aludidas sobresaen fundamentalmente dúas. Na primeira evidénciase a influencia da catedral de Lugo, e de maneira especial a da portada norte –máis discutible resulta o influxo dos seus capiteis–. A segunda tendencia é contemporánea da primeira pero ten unha maior complexidade, froito da súa superior forza expansiva; e constitúe outro capítulo fundamental da arte deste momento, non xa só en Galicia senón en toda España, estando presidido e guiado pola insigne figura do mestre Mateo. Con todo, a estas correntes é necesario engadir sempre a pervivencia dalgunhas formas que ou ben son xa tradicionais na arte galega ou ben poden considerarse como as últimas consecuencias da arte derivada de Estevo no mundo rural, formas que xa en absoluto recordan a tan excepcional mestre do románico.¹⁸

Como dicíamos, en determinadas ocasións –alén do predominio da catedral de Santiago no románico galego– son as denominadas *catedrais menores* as que se converten en centros difusores dun determinado estilo ou tendencia que se difunde aproximadamente polos territorios da súa diocese. Neste sentido, a catedral de Lugo carece de algo que sexa estritamente peculiar nela, á excepción da organización

17 YZQUIERDO PERRÍN, R.; *Op.cit.*, 1983. Páx.85-96.

18 YZQUIERDO PERRÍN, R.; *Op.cit.*, 1983. Páx.43-156.

da súa portada norte; pero incluso este esquema chega a experimentar tantas reelaboracións que resulta difícil avaliar exactamente a súa influencia.

Moito máis ardua resulta a procura de novos puntos de contacto entre o románico rural de Lugo e a súa catedral. Ás veces semella que existe como un leve recordo dos seus capiteis; non obstante, a falta dunha acusada personalidade neles e certos problemas cronolóxicos converten este aspecto nun tema intrincado e moi confuso.

A datación destas edificacións parece situarse en horizontes xa moi tardíos, cara ao final do século XII ou incluso nos primeiros anos do século XIII. Estas datas quedan en parte xustificadas pola lentitude e polas sucesivas campañas construtivas que semellan ter definido a obra lucense, impresión que ademais se ve confirmada ao deambular polas súas naves.

Tamén se aprecia nestes templos influenciados pola catedral luguesa un certo desexo de maior complicación estrutural. Isto leva, incluso, á aparición de contrafortes laterais na nave, ben por un proxecto inicial de cubrir as naves con bóvedas ou con arcos faixóns que soportasen a teitume de madeira, ou ben como un simple reforzo dos muros. Normalmente devanditos contrafortes non desempeñan ningunha función tectónica, o que podería levar a pensar nun abandono dos proxectos primixenios. Outras veces, maniféstase un desmedido desexo de riqueza ornamental que se reflicte de maneira soberbia na riqueza das súas portadas, en tanto que o resto do edificio mantén a austeridade habitual dos nosos templos rurais.¹⁹

É evidente, pois, a disparidade de tendencias que se observan nesta arte románica rural. Carente de personalidades creadoras, chega a esgotarse na súa propia tradición e non acerta a encontrar novas directrices; non obstante, isto non resulta un obstáculo para que tamén comecen a introducirse nela algúns indicios innovadores que a empuxan directamente cara ao gótico. Así aparecen arcos lixeiramente apuntados, prodúcese un abandono case total dos motivos figurados e xorde un novo tratamento para os de tipo vexetal. Talvez nesta corrente simplificadora teñan algo que ver as novas directrices seguidas pola arte do Císter.

Entre as igrexas que poden ser incluídas nesta descrición, partindo da simplicidade das estruturas arquitectónicas utilizadas na maioría dos templos galegos nos que a planta máis xeralizada consta de nave e ábsida únicas –cubrindo aquela case sempre con teitume de madeira– e coa innecesaria presenza de contrafortes, son pois contados os edificios rurais nos que a existencia destes elementos de reforzo queda plenamente xustificada, tal é o caso de San Xoán de Portomarín ou de Santa María de Ferreira de Pallares.

Pero igualmente se pode pensar que nalgún momento se pretende dotar ao edificio dunha organización arquitectónica máis complexa, pero que ao final non chega nin a bosquexarse no interior. Esta peculiaridade obsérvase nalgúns edificios do románico rural galego como o templo de **San Pedro de Narla** (Friol), un modesto exemplar do noso último románico, datable no seu conxunto no primeiro cuarto do século XII.²⁰

Por outra banda, e tomando como posible punto de partida o lintel bilobulado da porta norte da catedral de Lugo, aparecen en diversos templos da provincia lucense formas similares que cabe interpretar como unha posible influencia da mencionada basílica. Este influxo, se cadra o máis fidedigno que dela se derivou, detéctase sobre todo en San Miguel de Bacurín (Guntín) e tamén en San Pedro de Portomarín. E a partir deste esquema de tímpanos con lintel bilobulado realízanse diversas variacións por parte dos nosos mestres rurais, que pasan dos linteis de dous arcos a aqueles outros con catro. Estes linteis tetralobulados vense nas igrexas de San Mamede de Carballal (Palas de Rei) e San Xiao de Campo (Taboada), ambas datadas xa nos primeiros anos do século XIII.

19 PITA ANDRADE, J.M.; “Notas sobre el románico popular de Galicia”, *Cuadernos de Estudios Gallegos*, tomo 24, números 72-79. Santiago de Compostela 1969. Páx.56-83.

20 LÓPEZ VALCÁRCCEL, A.; “Iglesias románicas de la provincia de Lugo. Papeletas Arqueológicas: Papeleta 181”, *Boletín da Comisión Provincial de Monumentos de Lugo*, tomo IX, números 81-84. Lugo 1974-1975. Páx.189-192.

E ao mesmo tempo que se desenvolven no románico rural galego estas tendencias –que en liñas xerais chegan ata o último cuarto do século XII formando un variado e átono mosaico de actitudes–, xorde a figura do mestre Mateo, que dá nova vida ao románico, tanto dende o punto de vista arquitectónico como escultórico, supoñendo un dos momentos máis activos de toda a historia deste estilo.

Como valoración de conxunto do mestre Mateo como arquitecto quizá o xuízo máis expresivo sexa o de que *nos seus elementos atópase unha temperancísima enunciación dos procedementos que se desenvolverán na arte gótica*.²¹ Idéntico espírito innovador –incluso con maior forza– apréciase na súa obra escultórica, sendo considerado por algúns autores como o iniciador da escultura gótica.²²

É indubidable, pois, que unha personalidade deste talle ten que influír necesariamente na arquitectura e escultura galegas do momento, pero tamén é innegable que nas obras rurais unicamente se encontran pálidos e parciais elementos con orixe en Mateo –a excepción feita dalgúns poucos monumentos–. É a escola de Mateo, a que, máis tarde, se encarga de estender algunhas das peculiaridades deste mestre.

A arte *mateana* serve, en certo modo, de revulsivo á ruralización da nosa arte románica, carente dunha gran personalidade creadora dende a marcha a Pamplona do mestre Estevo; e ao mesmo tempo dirixe os anhelos do cambio cara a unha nova linguaxe que está latente na arte galega. Ademais, este cambio non se realiza mediante traumas nin cortes, senón que se consume en gran parte recreando as formas tradicionais do románico estendido en Galicia.

Por outra banda, resulta incuestionable que a arte de Mateo non só se nutre das tradicións vixentes na arte galega, senón que tamén coñece a arte de máis alá das fronteiras de Galicia. En consecuencia, o estilo de Mateo maniféstase como un complexo mundo de influencias e coñecementos no que se aglutinan de maneira xenuína unha serie de tendencias moi diversas pola súa orixe e localización. Por iso a importancia de tan excepcional mestre non se esgota na súa propia obra, senón que o seu influxo détéctase en multitude de templos, pero en cada caso a pegada maniféstase dun xeito peculiar, coexistindo con outros elementos de distinta orixe.²³

Pero se as ensinanzas derivadas da obra do mestre Estevo na catedral compostelá coñecen unha extraordinaria difusión no mundo rural, non ocorre o mesmo co estilo do mestre Mateo. E esta *escasa* difusión da arte mateana –se se compara coa alcanzada pola obra de Estevo–, pode obedecer a diversas causas sobre as que apenas poden formularse máis que meras conxecturas.²⁴ En primeiro lugar, cabe pensar –e é o máis doado– que os inmediatos colaboradores de Mateo non teñen gran interese en traballar nas pequenas obras rurais, xa que as súas aspiracións estarían postas en obras máis ambiciosas: boa proba diso o constitúe a igrexa de San Xoán de Portomarín, á que se debe engadir o templo pontevedrés de San Lourenzo de Carboeiro (Silleda), así como outros en Compostela e Ourense. En todas estas obras os artistas mateanos vense precisados a apelar a unha serie de axudantes que son –precisamente– os encargados de transmitir algo do estilo de Mateo a determinadas obras rurais.

Pero ademais, a arte deste mestre tropeza con algúns condicionamentos tales como as peculiaridades protogóticas que se encontran na súa obra e que pasan aos seus discípulos. Este carácter protogótico non pode desvincularse dunha avanzada cronoloxía, o que fai que se atope con outras tendencias artísticas –por exemplo, cos principios que os cistercienses seguen nas súas construcións–.

21 PITA ANDRADE, J.M.; “Varias notas para la filiación artística de Maestro Mateo”, *Cuadernos de Estudios Gallegos*, tomo 10, número 23. Santiago de Compostela 1955. Páx.365-384.

22 *Focillon considerou ao mestre Mateo como o iniciador da escultura gótica, valoración reiterada por Gaillard, que chegou a afirmar sen ambaxes de ningunha especie que as estatuas de Mateo xa son góticas. A estes xuízos adhírese Azcárate Ristori, entre outros.* YZQUIERDO PERRÍN, R.; *Maestro Mateo y el arte de Galicia*. Deputación Provincial de A Coruña. A Coruña 2015. Páx.56-92.

23 PITA ANDRADE, J.M.; “Visión actual del románico en Galicia”, *Cuadernos de Estudios Gallegos*, tomo 17, número 52. Santiago de Compostela 1962. Páx.137-153.

24 YZQUIERDO PERRÍN, R.; *Op.cit.*, 2015. Páx.56-92.

Por conseguinte, é inútil buscar nas obras de vinculación ou de recordo mateano do mundo rural complexas organizacións arquitectónicas, ornamentais ou iconográficas. Ao sumo aparece algunha bóveda nervada –única reminiscencia arquitectónica e que en ocasións é difícil defender a súa orixe mateana–, ou algún dos seus máis sinxelos motivos ornamentais, entre os que ocupan un lugar privilexiado os pequenos arcos e as follas vexetais con eixos perlados.²⁵

SANTA MARÍA DE ANXERIZ

Ao longo do último terzo do século XII, un singular esquema de arco triunfal estendeuse pola zona occidental da provincia de Lugo. Tal estrutura caracterízase por presentar un arco dobrado que se apoia en pilastras e columnas *acodilladas* no propio muro de peche da nave –como se dalgún modo se quixera evocar a organización das portadas–, e encóntrase sempre en templos de planta rectangular na súa nave e no seu presbiterio. Tamén é frecuente que sobre este arco se abra unha sinxela fiestra con derrame cara ao interior, de arco de medio punto e sen ornamentación algunha.

Pero se dende un punto de vista arquitectónico existen claros nexos entre os anteditos templos, xa non ocorre o mesmo co seu estilo; aínda que en liñas xerais pode afirmarse que nestas igrexas asístese a unha progresiva dexeneración ou –se cadra mellor– esgotamento das formas derivadas da arte de Estevo.²⁶

Pero en medio deste proceso de ruralización comezan tamén a xurdir outros motivos que parecen estar influídos por diversas correntes artísticas, entre as que non falta nin os ecos do Císter nin do nacente gótico, o que leva xa a unha cronoloxía de comezos do século XIII.

Un exemplo desta *tipoloxía románica* sería a igrexa de Santa María de Anxeriz (**fig. 10**), unha edificación de características únicas na que sobresaen de especial maneira dous aspectos: un é o da súa datación mediante unha inscrición de 1175, e o outro é a estraña ornamentación que ostenta o tímpano da súa portada sur.²⁷

Planta

A igrexa de Santa María de Anxeriz mantén en planta as características propias do románico rural, con nave e ábsida únicas e rectangulares (**fig. 11**).

Coa habitual disposición litúrxica, a ábsida é lixeiramente máis estreita que a nave. O aparello gornítico dispónse en filas horizontais, sendo na fábrica románica de carácter isódomo, o que lle outorga unha aparencia completamente regular. En xeral, o conxunto presenta unha continuidade en alzados e cubertas, sendo a teitume de lousa a dúas augas.

A fábrica románica sufriu multitude de reformas en épocas posteriores: tanto a sancristía como a ábsida foron reconstruídas no ano 1640, tal e como reza un perpiaño no exterior do templo.

25 YZQUIERDO PERRÍN, R.; *Op.cit.*, 1983. Páx.43-156.

26 YZQUIERDO PERRÍN, R.; *Op.cit.*, 1983. Páx.85-96.

27 DELGADO GÓMEZ, J.; *Op.cit.*, 1996-2006. Páx.434-439.



Fig. 10. Vista de Santa María de Anxeriz, setembro 2017. (Arquivo fotográfico da autora).




Fig. 11. Planta da igrexa de Anxeriz. (Reinterpretación da autora).

Alzado Oeste

A fachada occidental sufriu importantes transformacións posteriores, polo que na actualidade está composta dunha espadana de dobre van disposta en dous corpos, unha fiestra con enmarcado exterior e unha porta alintelada (**fig. 12**).

Alzado Norte

As reformas experimentadas pola fábrica medieval supuxeron a reconstrución dos muros laterais da nave, perdéndose toda pegada románica no alzado norte (**fig. 13**).

Cómpre salientar a construción da sancristía acaroada á ábsida –tamén reformada– no ano 1640.

Alzado Leste

Na fachada oriental existe unha seteira tapiada que puido pertencer ao templo orixinal. Tamén se observan, entre as pezas reempregadas, varias cruces –quizais de consagración– de brazos iguais e extremos ensanchados inscritas en círculos (**fig. 14**).

Como xa dixemos, a fábrica románica sufriu multitude de reformas en épocas posteriores: tanto a sancristía como a ábsida foron reconstruídas no ano 1640, tal e como reza unha peza situada baixo o oco do volume engadido.²⁸

Alzado Sur

Da obra románica –aparte do perpiaño que contén a inscrición transcrita no muro norte, así como outras pedras reempregadas– só se conserva parte do muro sur, sobresaíndo a portada, e en especial o seu tímpano (**fig. 15**).

Devandita portada consta dun arco de medio punto con media cana na rosca e que, a pano co muro, apéase directamente sobre tres xambas lisas. O seu tímpano distribúe a decoración en dúas rúas mediante liñas paralelas que encadran todo o perímetro, a excepción da súa parte superior, na cal a directriz do



Fig. 12. Alzado oeste da igrexa de Anxeriz. (Reinterpretación da autora).




Fig. 13. Alzado norte da igrexa de Anxeriz. (Reinterpretación da autora)




Fig. 14. Alzado leste da igrexa de Anxeriz. (Reinterpretación da autora).

arco actúa de marco natural.²⁹ As figuras expostas –incisas, de talla bastante simple e un pouco ruda– foron obxecto de diversas interpretacións sen conclusión definitiva (**fig. 16**).

Na parte da esquerda observamos dúas incisións verticais centrais das que xorden liñas e círculos que poderían ser –como a maioría dos estudos evidenciaron– unha representación arbórea da que penden froitos circulares. Comenta Delgado Gómez que podería tratarse ou ben de dúas árbores de distinto tamaño ou ben da superposición das mesmas.³⁰ Segundo Yzquierdo Perrín, a árbore aludiría ao Paraíso, sendo a árbore bíblica do ben e o mal, e aos seus pés, o autor ve un rectángulo que significaría o acceso a este lugar.³¹ Pola súa banda, López Valcárcel apunta á hipótese de que devanditos símbolos sexan en realidade letras entrelazadas que inviten a unha lectura vertical alusiva á promesa da salvación.³² Á dereita da árbore e no centro do tímpano aparece unha cruz patada enmarcada nun círculo, de cuxa parte inferior xorden dous trazos verticais que se desvían ortogonalmente para configurar dúas cruces de brazos iguais con tres dos mesmos garfados. As cruces inferiores poderían funcionar a modo de pedestal da central e a súa interpretación é conflitiva. Yzquierdo Perrín imaxina que as tres cruces poderían ser as do

29 Aínda que Yzquierdo Perrín indica no seu estudo que as rúas non son dúas senón tres, os trazos separan de forma ben definida ambos espazos. YZQUIERDO PERRÍN, R.; *Op.cit.*, 1983. Páx.85-96.

30 DELGADO GÓMEZ, J.; *Op.cit.*, 1996-2006. Páx.434-439.

31 YZQUIERDO PERRÍN, R.; *Op.cit.*, 1983. Páx.85-96.

32 LÓPEZ VALCÁRCCEL, A.; *Op.cit.*: Papeleta 180”, 1973. Tomo IX, número 79-80. Páx.106-110.




Fig. 15. Alzado sur da igrexa de Anxeriz. (Reinterpretación da autora).

monte do Calvario, aínda que a súa conxectura é bastante discutible.³³ Pola súa banda, López Valcárcel sinala que o conxunto podería ter un sentido eucarístico, trinitario ou unha mestura de ambos.³⁴

O tramo dereito do tímpano está integrado por dúas formas rectangulares en posición vertical co-rodadas por unha especie de arco, que poderían figurar unha gran porta de dous vans. Yzquierdo Perrín alude a un castelo evocador da Xerusalén Celeste á que o home accedería tras redimir o seu pecado.³⁵ Pola súa banda, Delgado Gómez pon en relación esta representación coa situada na igrexa de San Salvador de Merlán (Palas de Rei): nela aparecen dúas árbores e unha cruz, evocando a presenza de Cristo no Edén.³⁶

En xeral, o conxunto de Anxeriz evocaría a presenza de Cristo, simbolizado na cruz, no Paraíso celestial e a porta de entrada a el, pola que o home accedería trala redención dos seus pecados.

Por outra banda, como xa dixemos, o muro sur conserva algúns perpiaños da igrexa románica: baixo as acubillas e en bisel existen doce canzorros, dez dos cales son en caveto. De esquerda a dereita, o terceiro deles representa unha cabeza humana de labra bruta moi similar ao atopado en San Mamede de Nodar; e o antepenúltimo, amosa a cabeza dun cuadrúpede que podería ser a dun xabaril ou a dun carneiro.³⁷

Interior

No interior, coas reformas realizadas no século XVII, desapareceu o arco triunfal e tan só se conservan algúns perpiaños nos muros laterais da nave (**fig. 17**).

No paramento setentrional encontramos a documentación medieval conservada acerca da consagración da igrexa parroquial: a inscrición, incisa nunha pedra granítica rectangular, é perfectamente lexible.

AN(n)O XXV LVCENSIS

33 YZQUIERDO PERRÍN, R.; *Op.cit.*, 1983. Páx.85-96.

34 LÓPEZ VALCÁRCCEL, A.; *Op.cit.*: Papeleta 180^o, 1973. Tomo IX, número 79-80. Páx.106-110.

35 YZQUIERDO PERRÍN, R.; *Op.cit.*, 1983. Páx.85-96.

36 DELGADO GÓMEZ, J.; *Op.cit.*, 1996-2006. Páx.434-439.



Fig. 16. Detalle da porta meridional de Anxeriz, setembro 2017. (Arquivo fotográfico da autora).

PONTIFICATVS (episcopi) IOH(anni)S
 CO(n)SECRAVIT E(c)CL(esi)AM
 ISTAM ERA (m)CCXIII
 D(omi)NICO POST S(an)C(t)I MICH(ae)L(i)S.³⁸

A súa gran relevancia estriba en que permite a datación precisa da obra: *No ano vinte e cinco do seu pontificado lucense, o bispo Xoán consagrou esta igrexa o domingo seguinte á festividade de San Miguel da era 1213.*

O bispo Xoán, antes abade no mosteiro de Samos, comeza o seu pontificado a fins de xuño ou primeiros de xullo do ano 1152. Polo tanto, o ano vinte e catro do seu pontificado corresponderíase con esta data e non co vinte e cinco, como indica a inscrición. E pese a que Delgado Gómez quere ver na inscrición a letra omitida, unha aproximación á mesma impide aseverar a súa existencia. En tal caso, o feito é que a datación da igrexa sería o ano 1175 da era cristiá. O día exacto apórtao López

38 RISCO, F.M.; *España Sagrada. Antigüedades de la ciudad y Santa Iglesia de Lugo*. Madrid 1798. Edición facsímile, Madrid 2009-2010. Tomo XLI. Páx.29-30. VILLAAMIL Y CASTRO, J.; *Op.cit.*, 1904. Páx.257. Este autor cita unha lectura de Cornide, existente na Academia da Historia, que se cadra sexa a usada por el.




Fig. 17. Sección lonxitudinal da igrexa de Anxeriz. (Reinterpretación da autora).

Valcárcel ao aclarar que o domingo posterior á festividade de San Miguel corresponderíase co 5 de outubro dese mesmo ano.³⁹

No paramento sur cabe destacar unha cruz incisa nunha pedra cuadrangular que semella unha rosa dos ventos. Inserida nun círculo, ten o centro resaltado do que parten unha serie de frechas que conforman as puntas da estrela. Os perpiaños que a rodean presentan dous pares de cruces e de círculos que poderían ser marcas de canteiros ou do momento de consagración do templo.

Por último, no sotocoro, posiblemente sita no lugar orixinario, atopamos unha pía bautismal de tradición románica sinxela. A tipoloxía da fonte é en copa e realizouse en granito. A súa cunca é semiesférica e apóiase sobre un pé cilíndrico moi simple, labrados ambos con rudeza dando unha aparencia groseira e irregular á pía. Carece de ornamentación e o seu tamaño medio remite ao bautismo por inmersión e infusión, nun momento en que ambos ritos convivían e que podería situarse en torno ao século XII. Pode considerarse, pois, coetánea da igrexa.⁴⁰

39 YÁÑEZ PUENTES, A.; *Op.cit.*, 2018. Páx.185-188. DELGADO GÓMEZ, J.; *Op.cit.*, 1996-2006. Páx.434-439. LÓPEZ VALCÁRCCEL, A.; *Op.cit.*: Papeleta 180”, 1973. Tomo IX, número 79-80. Páx.106-110.

40 YÁÑEZ PUENTES, A.; *Op.cit.*, 2018. Páx.185-188.

SAN PEDRO DE NARLA

A presenza de contrafortes nalgunhas igrexas románicas rurais galegas anima a pensar en que nalgún momento se pretendeu dotar ao edificio dunha organización arquitectónica máis complexa que, porén, non chegou nin a bosquexarse no interior. Esta peculiaridade pode observarse no templo de San Pedro de Narla (**fig. 18**), do que se teñen diferentes noticias documentais anteriores ao ano 1000 cuxo principal valor é testemuñar o remoto da súa fundación.⁴¹

A parroquia recibe o seu nome do antigo condado naralense, un dos once que compoñían as terras lucenses en época dos reinos bárbaros tal e como indica o *Liber Fidei* de Braga. A primeira información que temos sobre Narla é no testamento de Odoario, redactado o 15 de maio de 747. Con posterioridade, a igrexa de San Pedro aparecerá citada tamén no *Caelicolae* de Afonso III, doazón realizada o 30 de xuño de 897.⁴² Asemade, a vila figura no testamento outorgado polo conde Rodrigo e a súa esposa Elvira, a data de 13 de novembro de 957. Supostamente farían mutuo testamento e, en caso de non ter fillos, deixarían a súa facenda aos eclesiásticos do lugar no que fosen enterrados. Ademais, a parroquia permaneceu ligada longo tempo á liñaxe dos Saavedra, sendo a igrexa a súa carta de presentación.⁴³

En canto ao templo, segundo Yzquierdo Perrín, dataría do primeiro cuarto do século XIII, a excepción do segundo aleiro da ábsida que podería terse realizado en torno ao ano 1230. As características tanto da nave como da ornamentación e elementos sustentadores do arco triunfal mostran unha factura próxima a solucións de cronoloxías avanzadas.⁴⁴

Non obstante, grazas ao aporte de Delgado Gómez, temos un dato epigráfico que permite unha datación máis precisa da obra. O autor sinala que na fachada occidental, na pedra probablemente reempregada que realiza a función de lintel sobre a porta, aparece gravada unha inscrición. Pese a que está desgastada e que a encastación supuxo a perda de parte da mesma, o autor afirma que se pode ler o seguinte: *I(n) ERA / CCXXIII*.⁴⁵ A data apunta á era hispánica de 1223, que equivale ao ano 1185 da actual. O que non é seguro é se a citada inscrición indica o ano no que se comezaron as obras ou o ano da súa consagración, pero en todo caso permitiría rebaixar considerablemente a cronoloxía proposta por Yzquierdo Perrín.⁴⁶

Con todo, a parte románica desta igrexa parroquial chega ata os nosos días case intacta –pese ás reformas do século XVIII–, o que a converte nun bo exemplo do románico rural de influxo compostelá cunha entidade tal que sobresaie entre os demais exemplares románicos do municipio.

Planta

O templo de San Pedro de Narla, coa habitual orientación litúrxica, consta de nave única rectangular e ábsida semicircular precedida por un tramo recto (**fig. 19**). Aquela, transformada no século XVIII, cóbrese cunha teitume de madeira a dúas augas, mentres que a cabeceira emprega bóvedas de canón e forno.

O exterior da igrexa é dunha gran austeridade, e a diferenciación volumétrica en alzado vén dada pola menor altura da ábsida e da sancristía, sendo esta un engadido posterior.

O conxunto revela claramente as reformas experimentadas: o aparello da nave é de perpiaño e cachotería, reservándose aquela para os contrafortes e vans; mentres que a ábsida é na súa totalidade, incluídas as bóvedas, de pezas regulares graníticas.

Alzado Oeste

As aludidas reformas do século XVIII ocasionaron a perda total da fachada principal, que se refixo por completo (**fig. 20**).

Nesta portada, con porta alintelada e espadana de dobre van, insírese un escudo pontificio en alusión ao titular da igrexa, coa correspondente mitra papal e as chaves.

Alzado Norte



Fig. 18. Vista de San Pedro de Narla, setembro 2017. (Arquivo fotográfico da autora).




Fig. 19. Planta da igrexa de Narla. (Reinterpretación da autora)

Os muros laterais da nave foron parcialmente alterados durante as diversas reformas posteriores, sendo o máis salientable os dous contrafortes prismáticos –lisos e con remate graduado– que dividen aos lenzos en tres entrepanos (fig. 21).

Estes contrafortes é moi posible que serviran para cubrir con bóvedas ou arcos faixóns a nave. Esta solución construtiva para dotar ao edificio dunha estruturación máis complexa non é moi habitual no románico rural se non se trata de igrexas de certa entidade.⁴⁷

Por outra banda, débese salientar a presenza de dúas seteiras con gran derrame interior.

Tamén resulta destacable a existencia de canzorros baixo os aleiros, a modo de sustentos das acubillas en bisel. Suman un total de catorce, e na súa maioría son en caveto –a excepción de tres que se tallan en proa–.

Alzado Leste

O exterior da ábsida é dunha gran simplicidade, levantándose sobre un dobre retallo graduado no que se apean dúas columnas entregas de fustes lisos. As súas basas érguense sobre un pedestal de igual altura que os retallos, e repiten a moldura ática. Rematan en cadanseus capiteis decorados con formas vexetais moi estilizadas (fig. 22).

Na capela maior, tanto na súa parte recta como na semicircular, dispóñense dúas ordes de canzorros cuxas características difiren en gran medida pois, probablemente, foron realizados por mestres e en épocas diferentes.⁴⁸ Os inferiores son máis sinxelos e tállanse en nacela e en proa. Algúns presentan

47 A solución de contrafortes adoptada en San Pedro de Narla é moi similar á de San Pedro de Bembibre (Taboada) e á de San Salvador de Vilar de Donas (Palas de Rei), datada entre 1224 e 1230; tal e como resalta Yzquierdo Perrín no seu estudo. YZQUIERDO PERRÍN, R.; *Op.cit.*, 1983. Páx.100-109.

48 Yzquierdo Perrín sinala que a causa da existencia desta dobre fila de canzorros estriba no levantamento dos muros en épocas dispaes, algo que se advirte na distinta factura dos canzorros e na disposición dos sillares. O autor sitúa




Fig. 20. Alzado oeste da igrexa de Narla. (Reinterpretación da autora)




Fig. 21. Alzado norte da igrexa de Narla. (Reinterpretación da autora).




Fig. 22. Alzado leste da igrexa de Narla. (Reinterpretación da autora).

decoración xeométrica como bólas de distintos tamaños e cilindros en posición horizontal. Na orde superior, dispóñense unha serie de canzorros máis elaborados, nos que a abundancia de formas e motivos indican a aparición de solucións máis novidosas (fig. 23).

Alzado Sur

Ao igual co muro lateral norte, o muro lateral sur foi parcialmente alterado durante as xa mencionadas reformas do século XVIII (fig. 24).

E de igual maneira, dous contrafortes prismáticos lisos e con remate graduado dividen ao lenzo en tres entrepanos con cadansúa seteira de derrame interior; non obstante, a da dereita atópase tapiada e semioculta ao exterior por mor da adición –e conseguinte superposición– dunha espaciosa e cuadrangular sancristía neste lado.

En canto aos canzorros, esta fachada presenta un total de quince, na súa maioría –once– son en caveto. Un deles lábrase en proa e outro, moi desgastado, ten unha ornamentación indefinida que, en todo caso, tende á xeometría. Pero os dous máis sobresaíntes son un que representa un falo e outro unha figura humana de ruda labra que amosa os seus xenitais.⁴⁹

Figuras similares podémolas atopar no mesmo concello nas dúas mochetas da porta occidental de San Pedro de Anafreita, e aparecen tamén na cornixa da fachada de Praterías da catedral compostelá. Pola súa banda, o órgano sexual masculino pódese observar tamén –e dentro do mesmo municipio– na

cronoloxicamente esta segunda orde en torno ao ano 1230, non moi afastado da realización primeira da orde inferior de canzorros. YZQUIERDO PERRÍN, R.; *Op.cit.*, 1983. Páx.226.

49 Yzquierdo Perrín sinala que é un acróbata, aínda que a posición da cabeza indica que é máis probable que a primeira opción, de carácter sexual, sexa a certa. YZQUIERDO PERRÍN, R.; *Op.cit.*, 1983. Páx.226.



Fig. 23. Detalle da ábsida de Narla, setembro 2017. (Arquivo fotográfico da autora).

igreja de San Martiño de Prado. Este tipo de iconografía sexual é habitual no románico a partir dos últimos anos do século XI e tería un carácter apotropaico, de admonición e advertencia acerca dos pecados carnis que exercerían de fronteira simbólica no templo entre o interior e o exterior, é dicir, entre o sacro e o profano.⁵⁰

Interior

No interior debe salientarse o arco triunfal de medio punto –de solución próxima ao gótico– que dá acceso á ábsida e sobre o que se abre unha seteira (**fig. 25**).

Este arco confórmase por dobre arquivolta, cuxo arco exterior atópase moldurado en grosso bocel e aséntase nunha imposta en nacela que percorre todo o interior da ábsida. A devandita imposta, que serve de arranque á bóveda, posúe a mesma configuración que os cimacios das columnas entregas que soportan o arco inferior de sección prismática. Os tambores das devanditas columnas posúen idénticas dimensións que os perpiaños do muro no que se embeben. As basas de ambas columnas, presumiblemente áticas, atópanse ocultas polo pavimento. Os capiteis vexetais, de idéntica labra, están formados por anchas follas que se retorcen nos seus extremos e por unha superposición de dúas ordes de follas nas súas esquinas. As nervaduras e os perfís das mesmas ornáméntanse con incisións que dan plasticidade ao motivo. O cálato é achatado e sobre el dispónse un ábaco decorado con sinxelas rosetas de centro refundido e incisións verticais en alternancia.⁵¹

Na cabeceira, o hemiciclo é máis estreito e baixo que o tramo recto que lle precede –o que tamén ocorre noutras moitas igrexas do momento–, co que se configura unha especie de arco faixón sobre pilastras. Este cóbrese con bóveda de canón e aquel con bóveda de cascarón que permanece oculta polo retablo maior, de indubidable valor e pintado –segundo a lenda– en 1779. (**fig. 26**)

50 CASTIÑEIRAS GONZÁLEZ, M.A.; “A poética das marxes no románico galego: bestiario, fábulas e mundo ó revés”, Semata. Ciencias Sociais e Humanidades, 14. Universidade de Santiago de Compostela. Santiago de Compostela 2002. Páx.297-321.




Fig. 24. Alzado sur da igrexa de Narla. (Reinterpretación da autora).



Fig. 25. Detalle do arco triunfal de Narla, setembro 2017. (Arquivo fotográfico da autora).

Tanto na ábsida como na nave son visibles diversas cruces de consagración, de brazos iguais e enmarcadas nun círculo. A súa presenza nestas igrexas case pode considerarse de extraordinaria.⁵²

Por último, cómpre dicir que no sotocoro, posiblemente sita no seu emprazamento orixinal, encontramos unha pia bautismal de tradición románica moi sinxela, de labra ruda con fonte en copa e realizada en granito.




Fig. 26. Sección lonxitudinal da igrexa de Narla. (Reinterpretación da autora).

➔ 4. Últimas reminiscencias

Acéptase de maneira xeral que a chegada do século XIII supón para a arquitectura cristiá española a definitiva implantación dun novo estilo gótico, cuxo xurdimento vaise xestando ao longo do último cuarto do século XII. Non obstante, en determinadas ocasións algunhas formas e solucións románicas continúan empregándose nas primeiras décadas do século XIII, chegando a coexistir elementos de tradición románica e gótica en diversos edificios de moi irregular reparto, pero de maneira especial naqueles lugares nos que o románico carece do ímpeto creador e renovador que alenta nos grandes núcleos difusores.

En Galicia –e concretamente na provincia de Lugo– aparecen tales formas de tradición románica nun número relativamente importante de igrexas. Esta pervivencia do románico galego non quere dicir porén que a nosa arquitectura sexa arcaizante, senón simplemente que, carentes dese espírito creador antes aludido, os mestres rurais manteñen a tradición arquitectónica e ornamental que se vai forxando dende mediados –e sobre todo dende o último cuarto– do século XI co inicio da construción da catedral de Santiago.

Por iso cabe pensar que a pervivencia dos elementos románicos en Galicia non se debe en principio a ningunha virtude especial destes, senón a un baleiro que non impide a introdución de algúns ele-

52 YZQUIERDO PERRÍN, R.; Op.cit., 1983. Páx.226.

mentos rotundamente góticos que pouco a pouco van gañando terreo en detrimento –obviamente– do románico.

Así pois, esta arquitectura románica tardía galega está representada principalmente por aqueles mosteiros rurais de irregular distribución cuxas igrexas –que soe ser o único que se conserva na actualidade– presentan diversas peculiaridades románicas, se ben ao seu carón xorden outras xa góticas.⁵³

E se nestes mosteiros rurais perviven peculiaridades románicas dentro dunha cronoloxía en rigor gótica, non pode estrañar que suceda o mesmo noutros templos do propio medio rural. Entre eles non existen relacións de escola, pero é común a aparición de formas cando menos protogóticas ao lado doutras aínda románicas. Esta coexistencia obsérvase tanto no arquitectónico como no ornamental, aínda que certamente é máis evidente no primeiro aspecto que no segundo.

Entre estas igrexas podemos citar a de **San Pedro de Anafreita** (Friol), que conserva case intacta a primitiva fábrica románica pero na que xa se introducen formas e solucións que o gótico fai sistemáticas.⁵⁴ E en relación con ela poden poñerse outras edificacións nas que a austeridade é a súa característica máis destacada, como ocorre con **San Mamede de Nodar** –tamén no concello de Friol–⁵⁵, ou San Vicente de Negradas (Guitiriz).

Algo máis afastados deste conxunto de igrexas, pero sen saír dos límites municipais friolenses, encóntranse os templos de **San Martiño de Prado**,⁵⁶ **Santa María de Silvela**⁵⁷ e **Santiago de Trasmonte**⁵⁸, que ao igual que o de Nodar conservan moi escasos restos da fábrica orixinal.

53 YZQUIERDO PERRÍN, R.; *Op.cit.*, 1983. Páx.157-192.

54 VÁZQUEZ SACO, F.; *Op.cit.*: Papeleta 51, 1945. Tomo III, número 13. Páx.17-19.

55 DELGADO GÓMEZ, J.; *Op.cit.*, 1996-2006. Páx.424-426.

56 DEL CASTILLO LÓPEZ, A.; “Iglesias gallegas: San Martín de Prado”, *Boletín da Real Academia Galega*, tomo VI, número 69. A Coruña 1913. Páx.225-226.

57 DELGADO GÓMEZ, J.; *Op.cit.*, 1996-2006. Páx.414-418.

58 VÁZQUEZ SACO, F.; *Op.cit.*: Papeleta 150, 1956-1957. Tomo VI, números 45-48. Páx.155-156.

SAN PEDRO DE ANAFREITA

Na arquitectura románica de Galicia tivo unha extraordinaria difusión e pervivencia o esquema de planta de nave e capela únicas rectangulares e con teitume de madeira, se ben no presbiterio empregáronse ás veces bóvedas de diverso tipo, pero sobre todo de canón.



Fig. 27. Vista de San Pedro de Anafreita, setembro 2017. (Arquivo fotográfico da autora)

Entre as igrexas que presentan esta disposición encóntrase a de San Pedro de Anafreita (**fig. 27**),⁵⁹ lugar mencionado nun documento do ano 1000 no que dona Teresa, monxa de Sobrado dos Monxes e sobriña de San Rosendo, renunciaba ao señorío que sobre el tiña.⁶⁰

Este templo é un sobrio exemplar da última etapa do románico rural, no que xa se empezaron a introducir fórmulas anunciadoras do gótico –como o arco apuntado–; e xunto coa peculiaridade dos seus elementos sustentadores –en concreto das súas basas–, pode ser situada cronoloxicamente no primeiro terzo do século XIII, entre 1225 e 1230.⁶¹

Por último, cómpre salientar que chegou ata os nosos días conservando case intacta a súa primitiva fábrica románica.

Planta

A igrexa de San Pedro de Anafreita presenta a habitual orientación litúrxica e apenas sufriu reformas posteriores: a súa planta, de nave e ábsida únicas e rectangulares, conserva o recordo románico orixinario no seu trazado (**fig. 28**).

A cabeceira é integramente románica e máis estreita e baixa que a nave, cun aparello granítico regular disposto en filas horizontais; e no seu costado norte engadíuselle, con posterioridade, unha sancristía.




Fig. 28. Planta da igrexa de Anafreita. (Reinterpretación da autora)

59 VÁZQUEZ SACO, F; *Op.cit.*: Papeleta 51, 1945. Tomo III, número 13. Páx.17-19. DEL CASTILLO LÓPEZ, A.; *Op.cit.*, 1972. Páx.23-24.

60 VÁZQUEZ SACO, F; *Op.cit.*: Papeleta 51, 1945. Tomo III, número 13. Páx.17-19.

Alzado Oeste

A fachada occidental foi reconstruída na súa parte superior, modificando tanto a fiestra como a espadana dun só van, e outorgando ao conxunto unha gran austeridade (fig. 29).

A portada, de similares características á meridional en canto á prolongación e resalte da imposta, componse de dúas arquivoltas de medio punto e perfil plano que descansan sobre a imposta en nacela. O seu arco exterior está a pano co muro e o interior apóiase sobre xambas lisas. O tímpano semicircular non presenta decoración algunha e aséntase sobre dúas mochetas antropomorfas enfrontadas que se mostran os seus xenitais mutuamente. En considerable bo estado, ambas figuras están en crequenias e parecen corresponderse coas dun home e unha muller. Trátase da única ornamentación figurada de todo o edificio.



Fig. 29. Alzado oeste da igrexa de Anafreita. (Reinterpretación da autora).

Esta iconografía ten unha gran difusión no románico galego a partir dos últimos anos do século XI;⁶² tratándose dunha representación máis habitual en canzorros que en mochetas, sendo obxecto de varias interpretacións. Algunhas delas aludirían aos pecados capitais, a modo de admonición e demarcación entre o sacro e o profano, e outras responderían a un carácter apotropaico na crenza primitiva de que os órganos sexuais espantan aos malos espíritos. Sexa como for, a súa colocación na portada que dá acceso ao templo é significativa.⁶³

62 Podemos atopar unha serie de canzorros máis precoces con esta temática na cornixa da portada de Praterías da catedral compostelá. CASTIÑEIRAS GONZÁLEZ, M.A.; *Op.cit.*, 2002. Páx.297-321.

63 DELGADO GÓMEZ, J.; *Op.cit.*, 1996-2006. Páx.427-433.

Alzado Norte

As reformas experimentadas pola fábrica medieval supuxeron a reconstrución dos muros laterais da nave; non obstante, aínda perviven en ambos muros as seteiras con derrame interior situadas dúas a dúas baixo as acubillas en nacela (**fig. 30**).

Trala construción da sancristía no muro norte, produciuse a perda dos canzorros existentes. Tan só un deles, en caveto e embebido no novo lenzo, mostra o seu perfil lateral, o que induce a pensar que os restantes permanecen aínda no seu lugar orixinal reempregados na parede da sancristía.




Fig. 30. Alzado norte da igrexa de Anafreita. (Reinterpretación da autora).

Alzado Leste

A fachada oriental caracterízase pola existencia dunha seteira que actualmente está tapiada (**fig. 31**).

No vértice da cuberta da nave –a dúas augas– mantense en bo estado unha cruz antefixa de brazos iguais que nun primeiro momento estivo no piñón leste do testeiro. Inserida nun entrelazo de catro semicírculos e cos brazos lixeiramente ensanchados cara aos extremos, devandita cruz aparece case idéntica na igrexa de Santa María de Taboada dos Freires (Taboada).⁶⁴

Este tipo de formalización pódese encontrar, trazada ou en baixorrelevo, soa ou formando parte dun conxunto, en infinidade de tímpanos do noso románico rural como no meridional de San Martiño de Prado –no mesmo municipio friolense–, ou nos de San Mamede de Carballal (Palas de Rei), San Xu-lián de Campo (Taboada) ou San Cristovo de Novelúa (Monterroso).⁶⁵

Alzado Sur

Como xa dixemos, as reformas experimentadas pola fábrica medieval supuxeron a reconstrución dos muros laterais da nave; porén, aínda perviven en ambos muros as seteiras con derrame interior situadas dúas a dúas baixo as acubillas en nacela, mais a suroccidental foi modificada (**fig. 32**).

Tamén se conserva unha portada cun tímpano semicircular sen ornamentación. Está organizada por medio dunha arquivolta de medio punto a pano co muro e sección prismática, asentada sobre xambas lisas con mediación dunha imposta en nacela que presenta unha acusada prolongación e resalte no

64 YZQUIERDO PERRÍN, R.; *Op.cit.*, 1983. Páx.209-214.



Fig. 31. Alzado leste da igrexa de Anafreita. (Reinterpretación da autora).




Fig. 32. Alzado sur da igrexa de Anafreita. (Reinterpretación da autora).

muro. Este tipo de desenrolo da imposta pode observarse asemade na portada occidental, algo –por outra banda– infrecuente no noso románico rural.⁶⁶

Por outra banda, e a pesar das anteditas reconstrucións, os canzorros deste lado da ábsida non se perderon –como sucedeu no muro norte–: baixo as acubillas en nacela, consérvanse seis canzorros xeométricos moi similares aos da inmediata igrexa de San Mamede de Nodar (**fig.33**). Catro deles son en triplo caveto e conservan vestixios do que puido ser un cilindro vertical. Dos restantes, cabe destacar o máis occidental, en proa, e o penúltimo antes do muro do testeiro, o cal ostenta unha voluminosa voluta.⁶⁷



Fig. 33. Detalle dos canzorros no muro sur da igrexa de Anafreita, setembro 2017. (Arquivo fotográfico da autora).

Interior

O interior reflicte a sinxeleza e austeridade características do noso románico rural, baixo unha teitume de madeira a dúas augas (**fig. 34**).

O arco triunfal é xa claramente apuntado –indicativo de que pertence a unha época avanzada–, dobrado e de sección rectangular. Na actualidade está encalado, o que impide observar con precisión os detalles que presentan os seus elementos sustentadores (**fig. 35**).

O arco menor descansa sobre dúas columnas entregas de fustes lisos cuxos cimacios a bisel prólónganse no muro para xerar unha imposta que serve de apoio á arquivolta superior. O capitel esquerdo configúrase por medio de estreitas e estilizadas palmetas que se adhíren ao cálato, sendo as angulares máis elaboradas na súa parte superior. Perfilanse cunha moldura dobre, e entre os motivos filiformes pó-

66 YÁÑEZ PUENTES, A.; *Op.cit.*, 2018. Páx.177-180.

67 YZQUIERDO PERRÍN, R.; *Op.cit.*, 1983. Páx.209-214.

dense observar catro pequenas cabezas humanas, de labra ruda e sinxela, sobre as que se sitúa un ábaco decorado con pequenas bólas. Pola súa banda, o capitel dereito está formado por un sinxelo entrelazo en cuxo interior se esculpe unha folla lanceolada con bordes dentados e, no seu vértice, unha especie




Fig. 34. Sección lonxitudinal da igrexa de Anafreita. (Reinterpretación da autora).



Fig. 35. Detalle do arco triunfal de Anafreita, setembro 2017. (Arquivo fotográfico da autora).

de froito ou forma amuñonada raiada. Devandito motivo repítese na parte superior dos lados centrais e laterais do tambor, pero en menor tamaño.⁶⁸

As semicolumnas, de capiteis vexetais e astrágalos sogueados, descansan sobre basas áticas de plintos con garras. Devanditas basas teñen os seus touros inferiores esmagados –algo propio de cronoloxías tardías–. A semicolumna da esquerda posúe o plinto dividido por unha serie de filetes e o seu touro inferior sucado por liñas ondulantes incisas que seguen o seu perfil a modo de esquemática decoración. Idénticas incisións aparecen na basa da semicolumna da dereita, a cal mostra decoración en dameiro no seu plinto, motivo infrecuente neste tipo de elementos.⁶⁹

No lado norte do sotocoro, posiblemente sita no seu lugar orixinario, atópase unha pía bautismal de tradición románica moi austera. A tipoloxía da fonte é en copa e realizouse en granito, aínda que actualmente se encontra encalada. A súa cunca é semiesférica, e na parte superior ten unha sinxela moldura. O seu pé rectangular –un engadido posterior– apóiase sobre un touro moi simple. Carece de ornamentación e o seu tamaño medio remite ao bautismo por inmersión e infusión, nun momento en que ambos ritos convivían, podendo situarse en torno ao século XII. Non parece aventurado, pois, fixar a súa datación en datas idénticas ás da igrexa.⁷⁰

68 A analoxía deste capitel –sobre todo respecto ao entrelazo e ás formas amuñonadas– cos da igrexa friolense de Santa María de Silvela ou con dous capiteis pertencentes á igrexa de Santiago de Ligonde (Monterroso), permite establecer unha conexión en canto a un mesmo taller ou o coñecemento da obra por parte duns e outros. Igualmente, como sinala D’Emilio, presenta certa similitude con algún dos capiteis da sala capitular do próximo mosteiro de Sobrado dos Monxes, demostrando a influencia do Cister nestas pequenas igrexas rurais. Pola súa banda, Yzquierdo Perrín, engade a conexión ornamental de ambos capiteis cos dos mosteiros cistercienses de Santa María de Oseira e Santa María de Meira. D’EMILIO, J.; “The Cistercians and the Romanesque Churches of Galicia: Compostela or Clairvaux?”, *Perspectives for an Architecture of Solitude. Essays on Cistercians, Art and Architecture in honour of Peter Fergusson*. Cîteaux (Francia) 2004. Páx.318-319. YZQUIERDO PERRÍN, R.; *Op.cit.*, 1983. Páx.209-214.

69 YZQUIERDO PERRÍN, R.; *Op.cit.*, 1983. Páx.209-214.

70 YÁÑEZ PUENTES, A.; *Op.cit.*, 2018. Páx.177-180.



Fig. 36. Vista de San Mamede de Nodar, setembro 2017. (Arquivo fotográfico da autora)

SAN MAMEDE DE NODAR

Na arquitectura románica de Galicia tivo unha extraordinaria difusión e pervivencia o esquema de planta de nave e capela únicas rectangulares e con teitume de madeira, se ben no presbiterio empregáronse ás veces bóvedas de diverso tipo, pero sobre todo de canón.

Entre as igrexas que presentan esta disposición encóntrase a de San Mamede de Nodar (**fig. 36**), cuxa austeridade será a súa característica máis destacada.

O templo parroquial sufriu múltiples reformas –todas elas documentadas epigráficamente nos muros da nave–, que deixaron un pobre testemuño da fábrica románica, da que tan só se preservaron parte dos alzados laterais da nave, dúas seteiras e os canzorros.

As similitudes destes canzorros –ao mesmo tempo tan xenéricos dentro do mundo románico– respecto da súa factura, próxima tanto estilística como xeograficamente á doutros presentes nas igrexas de Santa María de Anxeriz –datada mediante epígrafe en 1175–, ou de San Pedro de Anafreita e de Santiago de Trasmonte –construídas nos albores do século XIII–, permiten datar o templo nunha data imprecisa situada entre o último cuarto do século XII e os primeiros anos do seguinte.⁷¹

Planta

A igrexa de San Mamede de Nodar presenta en planta as características propias do románico rural ao posuír capela e nave únicas e rectangulares (**fig. 37**). Coa orientación litúrxica habitual, mostra ao exterior continuidade volumétrica de nave e ábsida, a cal se rompe coa diminución en altura da sancristía.

Nos muros laterais da nave consérvanse algúns dos perpiaños graníticos do edificio orixinal, case totalmente isódomos e en filas horizontais.

A cuberta é de lousa a dúas augas.




Fig. 37. Planta da igrexa de Nodar. (Reinterpretación da autora)

Alzado Oeste

O alzado occidental foi feito por completo no ano 1896, levantándose unha nova fachada con porta alintelada, fiestra remarcada e coroación mediante unha espadana de dobre van (**fig. 38**).

Alzado Norte

Os muros laterais da nave foron parcialmente alterados por mor das diversas transformacións acometidas nos séculos XVII e XVIII, conservándose un pobre testemuño da fábrica románica (fig. 39).




Fig. 38. Alzado oeste da igrexa de Nodar. (Reinterpretación da autora).




Fig. 39. Alzado norte da igrexa de Nodar. (Reinterpretación da autora).

Sitos no seu emprazamento orixinal, baixo as acubillas a bisel, dispóñense os canzorros en cantidade de once. Localizado na parte máis próxima á porta occidental e en bastante bo estado de conservación, destaca un canzorro con cabeza humana de ruda labra, similar ao presente na igrexa de Santa María de Anxeriz, a moi pouca distancia de Nodar. Dos restantes, catro son en caveto e os demais en proa.⁷² (fig. 40).



Fig. 40. Detalle dos canzorros e seteira orixinal de Nodar, setembro 2017. (Arquivo fotográfico da autora).

Por outra banda, neste muro consérvanse tamén unha seteira orixinal.

Alzado Leste

Entre a multitude de reformas acometidas no templo parroquial –todas elas documentadas epigraficamente nos distintos muros da nave–, a primeira das mesmas –datada no ano 1769– supuxo o derrubamento da ábsida, a construción da capela maior e o engadido da sancristía.⁷³

Isto produciu unha absoluta transformación da fachada oeste de San Mamede de Nodar (fig. 41).

Alzado Sur

Os lenzos laterais da nave foron parcialmente alterados debido ás xa mencionadas modificacións executadas nos séculos XVII e XVIII, a raíz das cales apenas se conservou un pobre testemuño da fábrica románica.

Sitos no seu emprazamento orixinal, baixo as acubillas a bisel, dispóñense os canzorros en cantidade de once: cinco son en proa, tres en caveto e, os outros tres, con decoración xeométrica. De esquerda a

72 YZQUIERDO PERRÍN, R.; *Op.cit.*, 1983. Páx.209-214.

73 YÁÑEZ PUENTES, A.; *Op.cit.*, 2018. Páx.913-915.



Fig. 41. Alzado leste da igrexa de Nodar. (Reinterpretación da autora).




Fig. 42. Alzado sur da igrexa de Nodar. (Reinterpretación da autora).

dereita: o primeiro adórnase cun cilindro en vertical, o segundo deles con dous cilindros horizontais de similares características e, o último, decórase cunha voluta que sobresaia pola súa labra coidada (fig. 42).

Case no centro do muro románico emprázase unha porta alintelada.

Por outra banda, a seteira orixinal que facía parella coa da fachada setentrional, foi modificada durante a primeira reforma.

Interior

No interior apenas son visibles os restos románicos.

A finais do século XVIII levantouse a capela maior –retablo incluído– cuberta por unha bóveda granítica de canón, á que se accede dende a nave a través dun gran arco triunfal de medio punto (fig. 43).




Fig. 43. Sección lonxitudinal da igrexa de Nodar. (Reinterpretación da autora).

SAN MARTIÑO DE PRADO

Existe un elevado número de igrexas que, a pesar de ter perdido parte da obra románica, os seus restos son o suficientemente significativos.

Dentro desta casuística encóntrase o templo de San Martiño de Prado (**fig. 44**), que da obra primitiva conserva parte da nave así como os soportes do arco triunfal, aínda que non este.⁷⁴ Así pois, estes restos corresponden a un humilde exemplar da nosa arquitectura rural cuxa cronoloxía debe situarse no primeiro cuarto do século XIII,⁷⁵ momento no que pode darse por extinguida a arte románica, aínda que dela queden recordos en obras posteriores.⁷⁶



Fig. 44. Vista de San Martiño de Prado, setembro 2017. (Arquivo fotográfico da autora).

Planta

A igrexa de San Martiño de Prado, a pesar das reformas sufridas, mantén en planta as características propias do románico rural, con nave e ábsida únicas e rectangulares (**fig. 45**).

74 DEL CASTILLO LÓPEZ, A.; *Op.cit.*, 1913. Páx.225-226.

75 YZQUIERDO PERRÍN, R.; *Op.cit.*, 1983. Páx.217-220.

76 A similitude dos canzorros con algúns dos da igrexa de San Pedro de Narla, no mesmo municipio, confirmaría esta hipótese. Por outra banda, os capiteis gotizantes do arco triunfal aseméllanse a varios dos presentes en Santa María de Camporramiro (Chantada), de influencia mateana e cronoloxía avanzada. En canto ao meridional, a súa analoxía con certos capiteis da primeira campaña construtiva de Vilar de Donas (Palas de Rei), datables por inscrición en 1224, remiten á influencia que a fábrica da igrexa do mosteiro feminino exerceu sobre os templos circundantes. Por todo iso, a igrexa de San Martiño de Prado debe situarse cronoloxicamente no primeiro cuarto do século XIII. YÁÑEZ PUENTES, A.; *Op.cit.*, 2018. Páx.1097-1099.




Fig. 45. Planta da igrexa de Prado. (Reinterpretación da autora).




Fig. 46. Alzado oeste da igrexa de Prado. (Reinterpretación da autora)

Coa habitual disposición litúrxica, os distintos espazos da planta tradúcense ao exterior mediante un xogo de volumes diferentes, sendo a ábsida lixeiramente máis ancha que a nave e tamén superior en altura. No testeiro engadiuselle máis tarde unha sancristía de planta rectangular.

Alzado Oeste

A fachada occidental sufriu importantes transformacións posteriores, polo que na actualidade está composta dunha espadana de dobre van disposta en dous corpos e unha fiestra con derrame exterior (**fig. 46**).

Da portada principal consérvase da fábrica románica un arco de medio punto –hoxe cego– a pano co muro, que actúa como encadre da actual porta alintelada. Devandito arco é de sección prismática e apóiase en dous fragmentos de imposta sinxela, a da esquerda en bisel e a da dereita en nacela. Os salmeres e a clave do arco son lixeiramente máis anchos que o resto de doelas que compoñen a rosca.⁷⁷ (**fig. 47**).

⁷⁷ A descrición que desta porta fai Del Castillo López en 1913 difire da estrutura actual. O autor escribe que esta é románica, sinxela, de xambas lisas que soportan arcos de sección prismática e directriz semicircular, o tímpano é liso e está sostido por ménsulas. Entendemos que esta parte foi modificada a partir deste momento, perdéndose o tímpano liso e os arcos que a enmarcarían. DEL CASTILLO LÓPEZ, A.; *Op.cit.*, 1913. Páx.225-226.

Alzado Norte

Os muros laterais da nave foron parcialmente alterados debido a significativas intervencións, conservándose un escaso testemuño da fábrica orixinal románica (fig. 48).

Baixo as acubillas en nacela, existen sete canzorros en proa e dúas seteiras –na actualidade tapiadas–, parellas a outras dúas dispostas no lado oposto.

Alzado Leste

Na fachada oriental engadíuselle posteriormente unha sancristía de planta rectangular, encalada e con esquinais de pedra, que alterou por completo a imaxe do conxunto (fig. 49).



Fig. 47. Detalle da portada principal de Prado, setembro 2017. (Arquivo fotográfico da autora)




Fig. 48. Alzado norte da igrexa de Prado. (Reinterpretación da autora).



Fig. 51. Detalle dos canzorros e da portada sur de Prado, setembro 2017. (Arquivo fotográfico da autora).

Alzado Sur

Os muros laterais da nave foron parcialmente alterados por mor das actuacións xa referidas, conservándose un escaso testemuño da fábrica orixinal románica (**fig. 50**).

Baixo as acubillas en nacela, existen nove canzorros, dos que cinco son en proa e un deles ostenta decoración xeométrica, a modo de rulo rematado nunha pequena voluta; os tres restantes destacan pola súa decoración singular. De esquerda a dereita: o primeiro deles ten a forma dun cilindro cunha especie de boquilla;⁷⁸ o terceiro sería un falo;⁷⁹ e o último presenta un certo antropomorfismo no que podería ser unha figura en pé, aínda que o seu estado de conservación impide unha definición máis precisa.

Por outra banda, podemos salientar as dúas seteiras –parellas a outras dúas dispostas no lado oposto que actualmente están tapiadas–; e a portada con lintel pentagonal no que se representa en baixorrelevo un entrelazo cruciforme enmarcado nun círculo.⁸⁰ (**fig. 51**)

78 Podería tratarse dun instrumento musical da época, presente tamén nun dos canzorros do tornachoivas da catedral de Lugo e que está sendo tocado por un personaxe xunto a outras escenas musicais e circenses. Este motivo da catedral lucense foi descrito por diversos autores como unha barrica en lugar dun instrumento musical. CASTIÑEIRAS GONZÁLEZ, M.A.; *Op.cit.*, 2002. Páx.297-321. YÁÑEZ PUENTES, A.; *Op.cit.*, 2018. Páx.1097-1099.

79 Aínda que as alusións sexuais non son moi frecuentes no románico rural lucense, podemos encontrar varios exemplos no municipio de Friol. En concreto, existen dous na igrexa de San Pedro de Narla de factura practicamente idéntica á de Prado. Este tipo de figura soe adquirir certo carácter apotropaico ou de admonición e advertencia para sinalar os límites entre o sacro e o profano. DELGADO GÓMEZ, J.; *Op.cit.*, 1996-2006. Páx.414-418.

80 Este tipo de cruz, soa ou formando parte dun conxunto, é bastante usual no noso románico rural. Na mesma provincia contamos con numerosos exemplos de tímpanos que ostentan este motivo, como os de San Mamede de Carballal (Palas de Rei), San Xulián de Campo (Taboada) ou San Cristovo de Novelúa (Monterroso). YÁÑEZ PUENTES, A.; *Op.cit.*, 2018. Páx.1097-1099.




Fig. 49. Alzado leste da igrexa de Prado. (Reinterpretación da autora).




Fig. 50. Alzado sur da igrexa de Prado. (Reinterpretación da autora).

En dous perpiaños situados a ambos lados da porta, e asimétricos entre si, aparecen –case imperceptibles– dúas cruces latinas de forma incisa que semellan ser marcas de canteiros da época.

Interior

O interior da igrexa apenas custodia restos románicos, sendo os soportes do arco triunfal unha excepción (fig. 52).

Devanditos soportes son unhas columnas entregas de fuste liso cuxos tambores posúen a mesma altura que as pedras en que se embeben. Baixo os cimacios en nacela, os capiteis exhiben decoración vexetal estilizada e adherida ao cálato, sendo ambos moi similares en estrutura e ornamentación. O capitel da esquerda presenta catro grandes follas lisas con incisión a modo de nervio central, sendo as dúas centrais máis grandes e retorcéndose nos seus extremos nunha especie de folla lanceolada; en medio destas, dispónse un motivo de características idénticas cunha sinxela decoración a base de liñas paralelas. O capitel da dereita repite o mesmo esquema coas súas esquinas formando palmetas máis achatadas que as do capitel oposto. Ademais das incisións filiformes, divídese a folla con outra serie de palmetas de eixos perlados.⁸¹ As basas son áticas con garras nas esquinas, encontrándose a da dereita máis desgastada e sobre un plinto máis elevado que o seu correspondente da esquerda.

Por outra banda, a teitume de madeira oculta as seteiras da nave; e a capela maior foi modificada no ano 1696, tal e como reza unha inscrición na parede norte.



Fig. 52. Sección lonxitudinal da igrexa de Prado. (Reinterpretación da autora).

81 Dada a súa ornamentación, estes capiteis lembran aos existentes en Santa María de Camporramiro (Chantada), de influencia mateana e cronoloxía avanzada. Por outra banda, o exemplar da dereita presenta certa analoxía cos capiteis da primeira campaña construtiva de Vilar de Donas (Palas de Rei) –datables por inscrición en 1224– e que remiten á influencia que a fábrica desta igrexa monacal exerceu sobre os templos circundantes. Por tales motivos, Yzquierdo Perrín defende que a inclusión destes capiteis dentro do gótico podería ser máis correcto que cualificalos como exemplos románicos. YZQUIERDO PERRÍN, R.; *Op.cit.*, 1983. Páx.217-220.

SANTA MARÍA DE SILVELA

Hai un elevado número de igrexas que, a pesar de ter perdido parte da obra románica, os seus restos son o suficientemente significativos.

Dentro desta casuística encóntrase o templo de Santa María de Silvela (**fig. 53**), que da obra primitiva conserva só o arco triunfal.⁸²

A datación do templo parroquial resulta complexa pola carencia de datos historiográficos e polos poucos testemuños románicos conservados. No obstante, sábese que aparece entre as setenta e cinco partes de igrexas que pasarían a ser propiedade do mosteiro cisterciense de Sobrado dos Monxes na súa etapa de crecemento, en torno aos anos 1160 e 1220; en concreto, no *Tombo I* sinalase a doazón realizada por Rudericus Ruderici da igrexa ao cenobio.⁸³

Por outra banda, os capiteis do arco triunfal estarían en relación cos talleres que traballaban nos mosteiros de Sobrado dos Monxes, Meira e Vilar de Donas; o que permitiría aventurar unha cronoloxía entre finais do século XII e principios do XIII.⁸⁴

Planta

A igrexa de Santa María de Silvela conserva a súa habitual disposición litúrxica, mantendo en planta as características propias do románico rural, con nave e ábsida únicas e rectangulares (**fig. 54**).

A pedra granítica é regular e dispónse en filas horizontais na case totalidade do edificio.

A ábsida é máis estreita que a nave, e engadíuselle con posterioridade unha sancristía no seu muro sur que, ao exterior, presenta unha menor altura.




Fig. 54. Planta da igrexa de Silvela. (Reinterpretación da autora).

82 DELGADO GÓMEZ, J.; *Op.cit.*, 1996-2006. Páx.414-418.

83 VARELA ARIAS, M.E.; "Iglesias románicas de la provincia de Lugo. Papeletas Arqueológicas: Papeleta 187", *Boletín do Museo Provincial de Lugo*. Lugo 1984. Tomo II. Páx.173-180.

84 D'EMILIO, J.; *Op.cit.*, 2004. Páx.318-319.

Alzado Oeste



Fig. 53. Vista de San Paio de Silvela, setembro 2017. (Arquivo fotográfico da autora).

A fachada occidental foi totalmente reformada. Componse de porta alintelada, fiestra con derrame interior e espadana de dobre van en dous corpos, o superior máis pequeno e con carácter ornamental (fig. 55).

Entre o campanario e a fiestra sitúase unha inscrición ilexible cuxa lectura podería aludir ás reformas levadas a cabo no templo.




Fig. 55. Alzado oeste da igrexa de Silvela. (Reinterpretación da autora).

Alzado Norte

As reformas acometidas na igrexa parroquial supuxeron a transformación absoluta da fachada setentrional, que conserva moi escasos restos románicos (fig. 56).

Alzado Leste

Ao igual cos muros laterais da nave, tamén foron reformados os muros do presbiterio. Así, nas xa mencionadas modificacións que se levaron a cabo elevouse en altura a ábsida (fig. 57).

Alzado Sur

As reformas acometidas no templo parroquial supuxeron a elevación en altura da ábsida, así como a apertura dun van no alzado sur.

Tamén se lle engadiu con posterioridade unha sancristía que, ao exterior, presenta unha menor altura (fig. 58).

Interior

O interior é sinxelo, de pequenas dimensións e con teitume de madeira a dúas augas (fig. 59).

Da parte románica tan só resta o arco triunfal e o muro no que se insire. Nel ábrese unha aspileira enmarcada en arco de medio punto con derrame interior e, na parte setentrional do arco, unha fornela.




Fig. 58. Alzado sur da igrexa de Silvela. (Reinterpretación da autora).



Fig. 59. Sección lonxitudinal da igrexa de Silvela. (Reinterpretación da autora).




Fig. 56. Alzado norte da igrexa de Silvela. (Reinterpretación da autora).



Fig. 57. Alzado leste da igrexa de Silvela. (Reinterpretación da autora).

O arco triunfal componse por unha dobre arquivolta de medio punto e sección prismática que se apoia, na súa parte externa, nunha imposta austera (**fig. 60**). O arco menor descansa sobre dúas semicolumnas acaroadas de fustes lisos, con capiteis dotados de ábacos rectangulares e cimacios perfilados en dobre moldura. O capitel da esquerda embelécese cun sinxelo entrelazo formado por cintas perladas, ornamentado no seu interior e cos espazos superiores con formas esféricas raiadas, como as que encontramos na basa desta mesma columna. Nos seus ángulos, a decoración é maior en tamaño e vulto, sendo tamén máis profusa.⁸⁵ En canto ao capitel da dereita, decórase cunha serie de entrelazos apuntados formados por tres filamentos que ocupan todo o cálato. Nas súas partes interior e exterior, o entrelazo engalánase con *formas amuñonadas raiadas* de distintas dimensións, aínda que os angulares serían máis ben piñas.⁸⁶ Devandito froito pódese localizar tanto en edificios de influencias islámicas como nos levantados no camiño compostelán.

As basas de ambas columnas encóntranse bastante deterioradas e, na súa maior parte, ocultas polo pavimento; aínda que permiten entrever que seguen o habitual esquema ático. En ambas, o touro superior é de maiores dimensións que o inferior e adórnase cun sogueado. Esta decoración funicular repítese nos astrágalos de ambos capiteis: a súa persistencia e gran difusión no territorio galaico nos séculos XI e XII é algo inusual en comparación con outros lugares peninsulares, o que converte a este motivo nun elemento importante á par que característico.⁸⁷ Os seus plintos son sobresaíntes e nas esquinas da dereita obsérvase o mesmo froito ou forma raiada nos dous capiteis.⁸⁸

85 Varela Arias relaciona este capitel co seu homólogo en posición atopado no arco triunfal da igrexa de Santiago de Ligonde (Monterroso). A súa semellanza é tal que podería inducir a pensar que se trata dun mesmo taller. Asemade, a autora sinala as analoxías con outros de factura superior que podemos encontrar nos mosteiros de Vilar de Donas e Sobrado dos Monxes, lugares non moi afastados da parroquia de Silvela. Pola súa banda, D'Emilio remarca esta similitude con Sobrado e pon, ademais, baixo a súa influencia estilística aos capiteis dos arcos trunfais das igrexas friolenses de San Pedro de Anafreita e San Cosme de Rocha. VARELA ARIAS, M.E.; *Op.cit.*; Papeleta 187, 1984. Páx.173-180. D'EMILIO, J.; *Op.cit.*, 2004. Páx.318-319.

86 Varela Arias denomina a decoración descrita como *formas amuñonadas raiadas*, e sinala ademais que este froito aparece tamén en igrexas de cronoloxía avanzada, como a de San Xoán de Portomarín ou do mosteiro feminino de Vilar de Donas. VARELA ARIAS, M.E.; *Op.cit.*; Papeleta 187, 1984. Páx.173-180.

87 Segundo Pita Andrade o sogueado é moi prolífico na arte hispana-visigoda, na asturiana e na románica rural galega ata épocas moi avanzadas. PITA ANDRADE, J.M.; *Op.cit.*, 1963. Páx.35-56.

88 YÁÑEZ PUENTES, A.; *Op.cit.*, 2018. Páx.1401-1402.

SANTIAGO DE TRASMONTE

Na arquitectura románica de Galicia tivo unha extraordinaria difusión e pervivencia o esquema de planta de nave e capela únicas rectangulares e con teitume de madeira, se ben no presbiterio empregáronse ás veces bóvedas de diverso tipo, pero sobre todo de canón.

Entre as igrexas que presentan esta disposición encóntrase a de Santiago de Trasmonte (**fig. 61**).

Dada a escaseza de testemuños, tanto históricos como arqueolóxicos, a súa datación resulta difícil. Non obstante, dada a súa proximidade tanto ornamental como de tratamento –e incluso xeográfica– cos



Fig. 61. Vista de Santiago de Trasmonte, setembro 2017. (Arquivo fotográfico da autora).



Fig. 60. Detalle do arco triunfal de Anafreita, setembro 2017. (Arquivo fotográfico da autora).

templos de San Pedro de Anafreita e San Mamede de Nodar, anima a pensar nunha cronoloxía tamén similar, o que a sitúa a comezos do século XIII.⁸⁹

Do templo románico orixinal conserva moi escasos restos, así o tímpano da antiga porta –repicado e acomodado á actual– e algúns canzorros nos muros laterais da nave, todos moi rudos.

Planta

A igrexa de Santiago de Trasmonte mantén a habitual orientación litúrxica e, en planta, as peculiaridades do románico rural con nave e ábsida únicas e rectangulares, cubertas con lousa a dúas augas (**fig. 62**).




Fig. 62. Planta da igrexa de Trasmonte. (Reinterpretación da autora).

A ábsida presenta unha maior volumetría que a nave, sendo reconstruída –xunto coa sancristía, de perpiaños irregulares– cara aos séculos XVIII ou XIX.

Alzado Oeste

O lenzo occidental conserva moi escasos testemuños románicos da fábrica orixinal, destacando así o tímpano pentagonal alintelado da antiga porta, que na actualidade se atopa repicado e acomodado na actual portada, encubriendo ao interior un arco de medio punto apenas visible debido á superposición do coro de madeira (**fig. 63**).

A fachada remátase cunha espadana dun só van arcaizante e un óculo sobre o que se dispón unha pequena seteira.

⁸⁹ Vázquez Saco sitúa á igrexa de Santiago de Trasmonte en relación coa tamén friolense de Santa María de Carlín, datada nos idus de abril da era de 1288, o que corresponde co 13 de abril de 1250. O autor toma a referencia dunha escritura relativa á freguesía de Carlín na que Eldonza Fernández realiza a transmisión do dereito de padroado deste lugar e as súas posesións á catedral de Lugo. Non obstante, o que é seguro, como indica Yzquierdo Perrín, é a súa semellanza coas igrexas de Anafreita e Nodar. VÁZQUEZ SACO, F.; *Op.cit.*: Papeleta 150, 1943. Tomo VI, números 45-48. Páx.155-156. YZQUIERDO PERRÍN, R.; *Op.cit.*, 1983. Páx.209-214.

Alzado Norte

Os muros laterais da nave foron reconstruídos e, no caso do lenzo norte, levantouse a sancristía acaroadada á ábsida (**fig. 64**).

O conxunto das xa mencionadas obras provocaron a moi escasa conservación de testemuños románicos.

As acubillas do paramento presentan bisel e, na parte máis próxima á fachada de acceso, existen cinco canzorros de talla bastante rude. De esquerda a dereita: o primeiro sobresa e entre todos pola súa prominente voluta; o segundo e o cuarto están tallados en caveto; o terceiro, en proa, parece mostrar nas súas caras laterais unha case imperceptible decoración xeométrica; e o quinto está moi desgastado.

Alzado Leste

Na fachada leste, a ábsida presenta unha maior volumetría que a nave, sendo reconstruída –xunto coa sancristía, de perpiaños irregulares– cara aos séculos XVIII ou XIX.⁹⁰ (**fig. 65**)

Alzado Sur

Ao igual co muro lateral norte, o paramento sur tamén foi retocado, conservando moi escasos restos románicos (**fig. 66**).

As acubillas da fachada están talladas a bisel, e amosan tres canzorros moi rudos en caveto; ademais dunha seteira tapiada.

90 YÁÑEZ PUENTES, A.; *Op.cit.*, 2018. Páx.1455-1456.



Fig. 63. Alzado oeste da igrexa de Trasmonte. (Reinterpretación da autora)

Interior

No interior non se conserva ningunha pegada do pasado románico do templo (**fig. 67**). Unicamente cabería volver mencionar que a actual portada encubre ao interior un arco de medio punto apenas visible debido á superposición do coro de madeira.

No sotocoro, posiblemente sita no seu emprazamento orixinal, atópase unha pía bautismal románica. Acaroadá á parede, presenta restos de policromía debido a modificacións posteriores.

Trátase dunha pía moi sinxela, de labra groseira e realizada en granito. A súa fonte é en copa, cunha moldura na súa parte superior a modo de ornamento. A súa cunca semiesférica posúe unha labra ruda do que podería ser unha cabeza humana ou animal. Descansa sobre un sinxelo pé de sección prismática




Fig. 66. Alzado sur da igrexa de Trasmonte. (Reinterpretación da autora)




Fig. 64. Alzado norte da igrexa de Trasmonte. (Reinterpretación da autora)




Fig. 65. Alzado leste da igrexa de Trasmonte. (Reinterpretación da autora).

octogonal e base a modo de touro lixeiramente abombado. O seu tamaño medio remite ao bautismo por infusión e inmersión, nun momento no que ambos ritos convivían e que podería situarse a inicios do século XIII, momento coincidente coa construción da igrexa que a acolle.⁹¹

➤➤ 6. Conclusións

Na actualidade consérvanse máis de trescentos cincuenta templos cualificados estilisticamente como románicos –completos ou so fragmentariamente– na provincia de Lugo. O seu número, particularmente alto, é proba irrefutable e evidente –como sucede no resto de Galicia– da brillantez do tempo histórico no que se erguen.

Formando parte deste rico patrimonio arquitectónico, aparecen oito igrexas no concello de Friol: San Paio de Seixón, San Pedro de Narla, San Pedro de Anafreita, Santa María de Anxeriz, San Mamede de Nodar, San Martiño de Prado, Santa María de Silvela e Santiago de Trasmonte. Das mesmas, as tres primeiras conservan practicamente intactas as súas fábricas románicas orixinais: muros laterais da nave, cabeceiras e outros elementos como seteiras e canzorros. Pero, ademais, presentan a particularidade de pertencer a cada unha das etapas e/ou escolas nas que se atopa sistematizado o románico rural galego.

De tal maneira, a través da análise pormenorizada destes templos, realizouse unha completa radiografía temporal da arquitectura románica rural en Galicia –e en concreto na provincia lucense–. E de igual modo, aportouse un pouco máis de luz ao complexo panorama da arte e da arquitectura medievais.

➤➤ 7. Bibliografía

- ANDRADE CERNADAS, José Miguel; “La provincia de Lugo en la época del románico”, *Enciclopedia del Románico en Galicia: Lugo*. Fundación Santa María la Real del Patrimonio Histórico. Aguilar de Campoo (Palencia) 2018. Páx.21-36.
- BANGO TORVISO, Isidro Gonzalo; *Galicia Románica*. Colección Biblioteca Básica da Cultura Galega, tomo VIII. Galaxia Editorial. Vigo 1987.
- BENEDICTO SALAS, Roberto; *La construcción de la arquitectura románica*. Institución Fernando O Católico + Deputación Provincial de Zaragoza. Zaragoza 2015.
- CASTIÑEIRAS GONZÁLEZ, Manuel Antonio; “A poética das marxes no románico galego: bestiario, fábulas e mundo ó revés”, *Semata. Ciencias Sociais e Humanidades*, 14. Universidade de Santiago de Compostela. Santiago de Compostela 2002. Páx.297-321.
- CASTIÑEIRAS GONZÁLEZ, Manuel Antonio; “La escultura románica en la provincia de Lugo”, *Enciclopedia del Románico en Galicia: Lugo*. Fundación Santa María la Real del Patrimonio Histórico. Aguilar de Campoo (Palencia) 2018. Páx.107-134.
- D’EMILIO, James; “The Cistercians and the Romanesque Churches of Galicia: Compostela or Clairvaux?”, *Perspectives for an Architecture of Solitude Essays on Cistercians, Art and Architecture in Honour of Peter Fergusson*. Turnhout 2004. Páx.313-327.
- D’EMILIO, James; “Inscriptions and the Romanesque Church: Patrons, Prelates and Craftsmen in Romanesque Galicia”, *Spanish Medieval Art: Recent Studies*. Hourihane 2007. Páx.1-33.
- DEL CASTILLO LÓPEZ, Ángel; “Iglesias gallegas”, *Boletín da Real Academia Galega*, tomo IV, número 37. A Coruña 1910.

91 YÁÑEZ PUENTES, A.; *Op.cit.*, 2018. Páx.1455-1456.

- DEL CASTILLO LÓPEZ, Ángel; "Iglesias gallegas", *Boletín da Real Academia Galega*, tomo VI, números 67 e 69. A Coruña 1913. Páx.225-226.
- DEL CASTILLO LÓPEZ, Ángel; "De las antiguas peregrinaciones compostelanas. Las iglesias románicas del Camino Francés en Galicia", *Galicia. Revista del Centro Gallego de Buenos Aires*, 448, ano XXXIV. Bos Aires 1950. Páx.19-24.
- DEL CASTILLO LÓPEZ, Ángel; *Inventario de la riqueza monumental y artística de Galicia*. Santiago de Compostela 1972. Edición facsímile de Pedro Barrié de la Maza: A Coruña 2008. Dous volumes.
- DELGADO GÓMEZ, Jaime; *El románico de Lugo y su provincia*. Edinosa S.L. A Coruña 1996-2006.
- DELGADO GÓMEZ, Jaime; *A Biblia na iconografía pétre lucense*. Boletín do Museo Provincial de Lugo. Lugo 2010.
- DÍEZ TEJÓN, Luis; *El Románico en Lugo*. Lancia. León 2008.
- GONZÁLEZ REBOREDO, José Manuel + RIELO CARBALLO, Nicanor + SAN CRISTÓBAL SEBASTIÁN, Santos + VALIÑA SAMPEDRO, Elías; *Inventario artístico de Lugo y su provincia*. Ministerio de Educación e Ciencia. Madrid 1975-1983. Seis tomos.
- HERRERO MARCOS, Jesús; *Lujuria en la iconografía románica*. Colección 'Guías'. Edicións Cálamo. Palencia 2011.
- LAREDO VERDEJO, Xosé Lois; *Galicia enteira*. Edicións Xerais de Galicia. Tomos VIII-X. Santiago de Compostela 1985-1987.
- LÓPEZ VALCÁRCCEL, Amador; "Iglesias románicas de la provincia de Lugo. Papeletas Arqueológicas: Papeletas 165 - 182", *Boletín do Museo Provincial de Lugo*, tomos VII a IX, números 57 a 84. Lugo 1962-1976.
- LÓPEZ PACHO, Ricardo; *El románico en el Obispado de Lugo: al este del río Miño*. Santiago de Compostela 1983.
- LOSADA DÍAZ, Amando + SEIJAS VÁZQUEZ, Eduardo; *Guía del Camino Francés en la provincia de Lugo*. Madrid 1966. Reedición da Deputación Provincial de Lugo, Lugo 1982.
- NÚÑEZ RODRÍGUEZ, Manuel; "Algunas reflexiones sobre el románico rural gallego", *Boletín Académico*, 4. Escola Técnica Superior de Arquitectura de A Coruña. A Coruña 1986. Páx.4-9.
- PEINADO GÓMEZ, Narciso; *Guía monumental y artística de la Provincia de Lugo*. La Voz de la Verdad. Lugo 1971.
- PITA ANDRADE, José Manuel; "Varias notas para la filiación artística de Maestre Mateo", *Cuadernos de Estudios Gallegos*, tomo 10, número 23. Santiago de Compostela 1955. Páx.365-384.
- PITA ANDRADE, José Manuel; "Estructuras arquitectónicas del románico en España", *Goya: Revista de arte*, 43-45. Fundación Lázaro Galdiano. Madrid 1961. Páx.2-11.
- PITA ANDRADE, José Manuel; "Visión actual del románico en Galicia", *Cuadernos de Estudios Gallegos*, tomo 17, número 52. Santiago de Compostela 1962. Páx.137-153.
- PITA ANDRADE, José Manuel; "Observaciones sobre la decoración geométrica en el románico de Galicia", *Cuadernos de Estudios Gallegos*, tomo 18, número 54. Santiago de Compostela 1963. Páx.35-56.
- PITA ANDRADE, José Manuel; "Notas sobre el románico popular de Galicia", *Cuadernos de Estudios Gallegos*, tomo 24, números 72-74. Santiago de Compostela 1969. Páx.56-83.
- PITA ANDRADE, José Manuel; "Observaciones sobre la decoración vegetal en el románico de Galicia", *Abrente. Boletín de la Real Academia Galega de Belas Artes Nosa Señora do Rosario*, 1. A Coruña 1969. Páx.85-108.

- PITA ANDRADE, José Manuel; *Del Prerrománico al Protogótico en Galicia y su entorno artístico*. Discurso do Acto de ingreso como Académico de Honra electo, o 11 de novembro de 2004, na Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario. A Coruña 2004.
- RAMÓN Y FERNÁNDEZ DE OXEA, José; “Jornadas románicas por terras de Lugo”, *Seminario de Estudos Galegos*, XVI. Santiago de Compostela 1943. Páx.239-263.
- RAMÓN Y FERNÁNDEZ DE OXEA, José; “Maestros menores del románico rural gallego”, *Cuadernos de Estudios Gallegos*, tomo XVII, número 52. Santiago de Compostela 1962. Páx.209-222.
- RIELO CARBALLO, Nicanor; “Iglesias románicas de la provincia de Lugo. Papeletas Arqueológicas”, *Boletín do Museo Provincial de Lugo*. Lugo 1979.
- RISCO, Frei Manuel; *España sagrada*. Madrid 1796-1798.
- RUIZ MONTEJO, Inés; “Concepto y método del románico rural”, *Anales de historia del arte*, 1. Universidade Complutense de Madrid. Madrid 1989. Páx.21-38.
- VALIÑA SAMPEDRO, Elías; *Guía del peregrino. El Camino de Santiago*. Secretaría de Estado de Turismo - Ministerio de Transporte, Turismo e Comunicaciós. Madrid 1982.
- VALLE PÉREZ, José Carlos; “Notas sobre la arquitectura románica en la provincia de Lugo”, *Enciclopedia del Románico en Galicia: Lugo*. Fundación Santa María la Real del Patrimonio Histórico. Aguilar de Campoo (Palencia) 2018. Páx.37-106.
- VARELA ARIAS, María Elena; “Iglesias románicas de la provincia de Lugo. Papeletas Arqueológicas 187-190”, *Boletín do Museo Provincial de Lugo*. Lugo 1984.
- VÁZQUEZ SACO, Francisco; “Iglesias románicas de la provincia de Lugo. Papeletas Arqueológicas: Papeletas 1 - 164”, *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo*, tomo I a VII, números 1 a 56. Madrid 1941-1961.
- VILLAAMIL Y CASTRO, José; *Iglesias gallegas de la Edad Media*. Madrid 1904.
- VV.AA.; *El arte románico en Galicia y Portugal. A arte românica em Portugal e Galiza*. Fundación Pedro Barrié de la Maza. A Coruña 2001.
- VV.AA.; *A arte románica na Galiza*. Asociación Socio-Pedagóxica Galega. Santiago de Compostela 1999.
- VV.AA.; *Románico y Camino de Santiago*. Asociación Amigos do Románico. San Sebastián 2010.
- VV.AA.; *La imagen en el edificio románico: espacios y discursos visuales*. Fundación Santa María la Real. Aguilar de Campoo 2015.
- YÁÑEZ PUENTES, Alicia; “Anafreita”, *Enciclopedia del Románico en Galicia: Lugo*. Fundación Santa María la Real del Patrimonio Histórico. Aguilar de Campoo (Palencia) 2018. Páx.177-180.
- YÁÑEZ PUENTES, Alicia; “Anxeriz”, *Enciclopedia del Románico en Galicia: Lugo*. Fundación Santa María la Real del Patrimonio Histórico. Aguilar de Campoo (Palencia) 2018. Páx.185-188.
- YÁÑEZ PUENTES, Alicia; “Narla”, *Enciclopedia del Románico en Galicia: Lugo*. Fundación Santa María la Real del Patrimonio Histórico. Aguilar de Campoo (Palencia) 2018. Páx.901-904.
- YÁÑEZ PUENTES, Alicia; “Nodar”, *Enciclopedia del Románico en Galicia: Lugo*. Fundación Santa María la Real del Patrimonio Histórico. Aguilar de Campoo (Palencia) 2018. Páx.913-915.
- YÁÑEZ PUENTES, Alicia; “Prado”, *Enciclopedia del Románico en Galicia: Lugo*. Fundación Santa María la Real del Patrimonio Histórico. Aguilar de Campoo (Palencia) 2018. Páx.1097-1099.
- YÁÑEZ PUENTES, Alicia; “Seixón”, *Enciclopedia del Románico en Galicia: Lugo*. Fundación Santa María la Real del Patrimonio Histórico. Aguilar de Campoo (Palencia) 2018. Páx.1385-1389.

- YÁÑEZ PUENTES, Alicia; “Silvela”, *Enciclopedia del Románico en Galicia: Lugo*. Fundación Santa María la Real del Patrimonio Histórico. Aguilar de Campoo (Palencia) 2018. Páx.1401-1402.
- YÁÑEZ PUENTES, Alicia; “Trasmonte”, *Enciclopedia del Románico en Galicia: Lugo*. Fundación Santa María la Real del Patrimonio Histórico. Aguilar de Campoo (Palencia) 2018. Páx.1455-1456.
- YZQUIERDO PERRÍN, Ramón; *La arquitectura románica en la diócesis de Lugo: la influencia de Esteban al Oeste del Miño*. Santiago de Compostela 1977.
- YZQUIERDO PERRÍN, Ramón; *La arquitectura románica en Lugo*. Fundación Pedro Barrié de la Maza. A Coruña 1983.
- YZQUIERDO PERRÍN, Ramón; *Arte Medieval*. Colección *Galicia. Arte*, tomos X e XI (+MANSO PORTO, Carmen). Hércules de Edicións. A Coruña 1993-1995.
- YZQUIERDO PERRÍN, Ramón; *Maestro Mateo y el arte de Galicia*. Deputación Provincial de A Coruña. A Coruña 2015.

CATALOGACIÓN ETNOGRÁFICA DO PATRIMONIO HIDRÁULICO DE FRIOL. OS MUÍÑOS

CRISTINA BARREIRO ABUÍN
M^a DEL CARMEN PRADO PENAS
III Premio de investigación Concello de Friol 2019-2020

➤➤ 1. Introducción

Galicia foi sempre unha terra fecunda e fértil, surcada por regueiros sen fin de serpenteantes ríos e fuxidizos regatos que co seu discurrir oradan e moldean, ao seu antollo, a nosa singular e peculiar orografía, tinxíndoa do seu característico verdor que se nutre da auga sabedora de vida, coa que a terra é bañada e irrigada constantemente.

Se sabía é a nosa terra, sabios son tamén os seus moradores, os galegos e galegas de centurias pasadas que, con escasos recursos, souberon arrincar da materia prima todo potencial preciso para facer a vida máis levadeira e acadar certo benestar, dentro da precariedade e das penurias que implicaba subsistir naquelas épocas nunha Galicia social e economicamente moi deprimida. Xa é coñecido o dito de que a necesidade agudiza o inxenio.

Así pois, Galicia viuse poboada de senlleiras cosntrucións como hórreos, cabazos, palleiras... co gallo de proverse e almacenar alimentos, etc... sendo a etnografía galega dun vastísimo e inxente patrimonio que está a esmorecer porque as novas tecnoloxías e o ritmo frenético do vivir contemporáneo os fan prescindibles; perden a súa utilidade funcional, non perdendo o seu elevado compoñente estético.

Son moitos os antropólogos como Xaquín Lorenzo que se adentraron en terras galegas con afán investigador e recopilador. Nós, sabedores deste legado e inxente labor, recurrimos a eles como fonte de consulta e guía para esta apaioxante labor que nos propuxemos: rescatar do esquecemento o patrimonio hidráulico de Friol.

Perante o fío condutor do noso traballo, pretendemos facer un labor de investigación dual dividindo o noso traballo nunha dicotomía, por un lado, abordamos a parte teórica desenvolvendo todo o que atinxe a un muíño e nunha segunda parte, eminentemente teórico-práctica, facer unha catalogación dos muíños que Friol aínda mantén en pé. Asemade, fixemos unha pequena práctica de campo entrevistando a xente que pertenceu a ese pasado e lembra os muíños cheos de vida, funcionando acompañadamente co bater da auga ao seu carón.

➤➤ 2. Contexto histórico-social de Friol

Friol é un concello lucense que ocupa unha posición central dentro do bordo occidental da provincia, achegándose ata os confíns da demarcación da Coruña, por un terreo bastante montañoso. A súa extensión superficial é de 292 quilómetros cadrados (algo menos do 3% do total provincial), polo que ocupa o quinto lugar entre os 67 municipios que conforman a provincia de Lugo. Está delimitado polas

terras lucenses de Guitiriz e Begonte, ao norte de Outeiro de Rei e Lugo, ao leste, Guntín e Palas de Rei ao sur; os coruñeses de Toques e Sobrado acóutano polo oeste.¹




Fig.1. Mapa de Friol segmentado en parroquias

Fonte: https://en.m.wikipedia.org/wiki/File:Parroquias_de_Friol,_Lugo.svg

Da configuración do relevo do concello de Friol destaca a variedade litolóxica que posúe de oeste a leste, atópanse materiais indiferenciados: granitos de dúas micas e metagrauvas no sector occidental e pedras de gra e rochas granodioritas no sector central e oriental, onde tamén aparecen materiais líticos, sobre os cales se foi modelando unha morfoloxía movida, de transición entre as serras occidentais e as superficies de aplanamento central, que se materializa na Terra Cha². Sen dúbida esta prolífica riqueza lítica contribuíu na construción de muíños no Concello de Friol que, inda hoxe, semiderruídos nalgúns casos, continúan a deslumbrar pola maxestuosidade e envergadura que acadan os seus muros e estruturas internas.

O patrimonio de Friol é moi variado, o gran número de mámoas que hai espaxadas por todo o termo de Friol reflicte a actividade humana deste territorio xa dende o período megalítico. Da época castrexa restan tamén numerosos castros que se atopan en diferentes entidades da poboación deste municipio (Seoane de Pregación, Narla, Friol ou Trasmonte). Igualmente se pode acreditar a estancia dos romanos no territorio friolés grazas aos restos que se atoparon nunha vía ao construír unha ponte sobre o río Narla na vila de Friol, a un miliario e a unha ara votiva³.

O seguinte período da historia de Friol estivo protagonizado polos visigodos, que deixaron, entre outras, a súa pegada no léxico toponímico e microtoponímico (Anxeriz, Guldriz, Vilafiz, Ascariz, Berta-

1 Cañada, Silveiro: Gran Enciclopedia Galega, tomo nº19, El Progreso-Diario de Pontevedra, Lugo, 2003, p.201.

2 *Ibidem idem*, 2003, p.202.

3 *Ibidem idem*, 2003, p.207.

mil...) e no territorio, xa que nesta época – ó redor do ano 747- segundo o testamento do Bispo Odoario- se creou o condado de Narla, que formaba parte das terras lucenses na época sueva.

Durante a Idade Media foron numerosas as familias que exerceron o señorío neste termo, tal e como o demostran as terras e os castelos dos que aínda permanecen restos; así pois, o territorio do actual Friol estivo baixo o dominio dos condes de Narla, da casa de Parga e da Ulloa, do bispo de Lugo, do arcebispo de Santiago e dos monxes dos mosteiros de Sobrado e de Toques. No Antigo Réxime as actuais parroquias que integran o concello de Friol pertenceron a diferentes xurisdicións da antiga provincia lucense⁴.

Parroquias do Concello de Friol	
1) Anafreita (San Pedro)	17) Miraz (Santiago)
2) Anxeriz (Santa María)	18) Narla (San Pedro)
3) Apregación (San Cibrao)	19) Nodar (San Mamede)
4) Apregación (San Xoán)	20) Ousá (San Xulián)
5) Bra (San Martiño)	21) Pacios (Santa María)
6) Carballo (San Xulián)	22) Prado (San Martiño)
7) Carlín (Santa María)	23) Ramelle (Santa María)
8) Condes (San Martiño)	24) Rocha (San Cosme)
9) Cotá (San Martiño)	25) Roimil (San Xulián)
10) A Devesa (Santa Baia)	26) Seixón (San Pelayo)
11) Friol (San Xulián)	27) Serén (Santa Cruz)
12) Guimarei (Santa María)	28) Silvela (Santa María)
13) Guldriz (Santiago)	29) Trasmonte (Santiago)
14) Lamas (Santa María)	30) Vilafiz (Santa María)
15) Lea (San Xurxo)	31) Vilalvite (San Pedro)
16) Madelos (Santa Baia)	32) Xiá (Santa María)

Fig.2: Listado das parroquias do concello de Friol. Fonte: Elaboración propia.
Martínez Fernández de la Vega, Ángel: *Guía Everest de Friol*. Editorial Everest, León, 1990, p.12.

4 Cañada, Silveiro: Gran Enciclopedia Galega, tomo nº19, El Progreso-Diario de Pontevedra, Lugo, 2003, p.207.

➤ 3. As orixes dos muíños na Antigüidade

Sempre resulta interesante retrotraerse ó pasado, coa intencionalidade de recabar información para entender un pouco mellor certos condicionantes da nosa actualidade, xa que todo ten un comezo, unha continuidade evolutiva e unha fin.

Son numerosas as culturas da Antigüidade que recorreron ós muíños manuais para moer gran de cereal e así alimentarse, fe disto dan as numerosas mostras de achádegos arqueolóxicos que se atoparon en xacementos e que así o evidencian, deixando testemuño dun fructífero pasado, que no caso de Pompeia, quedou fosilizado para a posteridade e deleite dos historiadores.

Antergas civilización como a dos mesopotámicos, sumerios, etruscos... coñecían instrumentos de percusión e de abalar sobre superficies curvadas para desprender o cereal do seu encapsulamento e así obter o ansiado froito para aplacar a súa fame. Non nos imos extender falando destas culturas que, xunto coa exipcia, foron auténticos baluartes de descubrimentos e novedosos inventos. Imos centrarnos máis en Roma e na época castrexa, por ser ambas culturas as que máis penetraron na nosa esencia como galegos e galegas dentro do actual entramado social.

Non obstante, a auga foi empregada como aproveitamento enérxetico xa dende tempos inmemoriais, se ollamos ao longo da historia, constátase que dende a antigüidade esta foi utilizada para as técnicas de regadío que chegaron a ser moi evolucionadas⁵. Xa na Antigüidade clásica, a Escola de Alexandria acadará avances moi importantes e na Hispania romana desenvóléronse obras hidráulicas como presas e canles para regos, explotación mineira ou abastecemento humano.

O mundo clásico soubo aproveitar os coñecementos de Oriente e así os sistemas de regadío persas serviron de inspiración para a utilización da roda motriz impulsada por auga. Parece ser que a roda horizontal foi a máis antiga- sempre referíndonos á moenda- se ben Vitruvio na súa "*De architectura*" deu a coñecer a vertical. A roda vertical de propulsión inferior rematou por ser utilizada⁶ en Grecia e os romanos crearon os muíños de barcas ou flotantes cando o seu imperio estaba xa disolto.

En Galicia e no resto da Península Ibérica, parece que non hai constancia de muíños hidráulicos, os manuais, de tipo xiratorio, eran os empregados ademais dos de sangue (ou movidos por forza animal). Hai documentación dos coñecementos da técnica hidráulica da que os árabes deixaron constancia na Península cos muíños e as aceas que tanto se espallaron por algunhas zonas. Mais non foi este o caso de Galicia. Será na Idade Media cando os muíños hidráulicos estean amplamente documentados en toda a Península, incluída Galicia⁷.

➤ 4. Os muíños

Na comarca da Ulloa, a principal actividade agraria, por exemplo, alomenos ata os anos 70, foi o cultivo de cereais, centeo e millo por riba de todos a estas labores adicábanlles arredor de 12.000 hectáreas segundo reza nas estatísticas agrarias, necesarias para a alimentación de case 25.000 (censo de 1940)⁸.

Non pode, pois, resultar estraño que os muíños xunto cas airas e os fornos, constituíran a triloxía básica á hora de dar de comer á xente. Así, moer para a xente e para os animais era unha necesidade e por iso se xustifica a existencia de muíños aproveitando a presenza da auga. Non obstante, o traballo nas

5 Bas, Begoña: *Os muíños*, editorial Ir Indo (Memoria Visual), Santiago, 1999, p.9.

6 Bas, Begoña: *Os muíños*, editorial Ir Indo (Memoria Visual), Santiago, 1999, p.9.

7 *Ibidem idem*, 1999, p.10.

8 Gato Soengas, Antonio; *Os muíños de auga na Ulloa*, El Progreso Artes Gráficas, S.L., Lugo 1998, p.19

explotacións agrogandeiras foi substituíndo o cultivo dos cereais de inverno polos herbáceos, propios para a gandeiría de leite⁹. Xunto cos muíños cómpre destacar os batáns e os mazos.

O muíño, xunto co forno e aira, forma esa triloxía de loita contra a fame dos anos 40 da posguerra española, época célebre polo estraperlo. Daquela o oficio de muiñeiro brilaba con luz propia, alí nos muíños de maquía. Xa referido ó papel xogado polo muíño na economía agraria de subsistencia, no terreo socioeconómico, hai que situalo nas pertenzas dos máis poderosos do lugar, que por veces eran potentados e tiñan muíños, e outros, por telos, así eran.

Os grandes propietarios parroquiais, no canto de haber río ou regato, dispoñían de muíño de maquía, que na maioría das ocasións non era esa a norma de cobranza senón os días de roga que había que prestar para a Casa Grande, ou as dúas cousas ao mesmo tempo.

O muíño constituía unha importante peza para a herdanza cumprindo, en moitos casos, co papel de apartar a un ou máis herdeiros cando había mellorados. Deste xeito principou a desvinculación dos muíños ás “*grandes propiedades*”. Máis atrás, é doado atopar muíños na área de influencia de conventos ou mosteiros, pazos ou señoríos.

A cobranza da maquía (que a vulgar pola documentación relativa á comarca da Ulloa, e xeralmente da Provincia de Lugo, era do 5% do grao) convertía ós muíños maqueiros, enclavados en lugares máis ou menos accesibles e con abundante produción cerealista, na industria floreciente da parroquia, nun centro de poder e dependencia parroquial¹⁰.

Sen embargo, a modernidade a pingas que foi chegando co establecemento cada vez máis acelerado de muíños eléctricos, os cambios que se ían producindo nos hábitos de consumo do pan, que esixían melloras no peneirado, que os muíños de auga non podían prestar, constitúen o cadro completo das circunstancias que determinaron, inexorablemente, primeiro, a reconversión, e despois o abandono e morte, en moitos casos, dos muíños.

Os estudos sobre os muíños son necesarios e urxentes debido á modificación, alteración, destrución e mesmo a súa desaparición, co gallo de evitar o abandono¹¹ que padecen estas construcións, que determina en moitísimos casos un expolio dos elementos do muíño pouco menos que irreversible.

A Lei 8/1995 do 30 de outubro do Patrimonio Cultural de Galicia protexe, conserva, promociona e disfruta do “*patrimonio hidráulico*” no que a nosa comunidade é única en canto a número e singularidade¹². Os muíños, eses bens inmobles que teñen para os galegos interese “*artístico, histórico, arquitectónico, arqueolóxico, etnográfico, científico e técnico*”, tal como reza no Art. 1 da citada norma.

O muíño, elemento fundamental da economía agraria de subsistencia foi quen de gañar un lugar importante tamén no Dereito Civil de Galicia. Considerados como “*unha institución viva do Decreto Galego*” (tiñan que selos de “*herdeiros*” acaparadores da atención da complicación) defíneos así: “*son muíños de herdeiros, os de propiedade común indivisible, adicados a moer grans para consumo familiar e alimentación do gando dos seus propietarios (art.18)*”. Definición explicativa dabondo porque nos dá idea dun grupo de veciños, “*os herdeiros*”, titulares dun tipo de propiedade “*á indivisa*” que comparten beneficios e cargas no aproveitamento do muíño, que se fará “*por pezas ou grupos de horas*”, segundo os acordos ós que cheguen os citados copropietarios e “*no seu defecto polo que fose costume*.”

As pezas do aproveitamento son “*susceptibles de permuta, alleamento ou arrendo*.” En caso de que fosen obxecto de transmisión “*interinos*”, os demais copropietarios poderán exercitalo dereito de retrac-
to¹³. A consideración do muíño como institución do Dereito Civil da idea dá importancia e transcen-

9 Gato Soengas, Antonio; *Os muíños de auga na Ulloa*, El Progreso Artes Gráficas, S.L., Lugo 1998, p.21

10 Gato Soengas, Antonio; *Os muíños de auga na Ulloa*, El Progreso Artes Gráficas, S.L., Lugo 1998, p.27.

11 Gato Soengas, Antonio; *Os muíños de auga na Ulloa*, El Progreso Artes Gráficas, S.L., Lugo 1998, p.45.

12 *Ibidem idem* 1998, p.46.

13 Gato Soengas, Antonio; *Os muíños de auga na Ulloa*, El Progreso Artes Gráficas, S.L., Lugo 1998, p.56.

dencia social que os muíños tiveron, noutrora, na Galicia rural (*Lei 4/95 do 24 de maio do Dereito Civil de Galicia).

4.1. O funcionamento dun muíño

Na actualidade, existe a paradoxa de que aparellos mecánicos poden atoparse en bo estado, o que non supón que as construcións se conserven, adoitan xa os muíños de Friol estar parados, deixando de traballar hai xa máis de 25 anos, moitos teñen o teitume desfeito, outros presentan serios deterioros nos cerramentos e unha gran cantidade deles están rodeados de maleza que imposibilita o acceso¹⁴.

Esta situación que acabamos de describir é xeneralizada no conxunto dos muíños da Comunidade Autónoma. Son poucos os que actualmente traballan. E ben sabido é que en canto paren, o deterioro axiña chega, de aí que na actualidade o estado sexa absolutamente deplorable. Muíños cargados de historia popular, que non deron soportado o tempo e o abandono da xente, dous dos seus máis grandes inimigos¹⁵.

Lamentablemente, ao deterioro dos muíños sucede a explotación das súas pezas. Desgraciadamente, moitos muíños hoxe son recoñecidos polos seus cimentos ou cerramentos porque practicamente as súas peciñas principais: mobles, rodicios, morgas, quenllas, cernidoras, etc. ou as que forman a sustancia de inmobile: pés, rodas, puntóns, cangos... desapareceron. O destino é moi variado: museos, casas particulares, que os exhiben como materiais ornamentais¹⁶.

Unha das formas de transmisión do movemento xiratorio máis sinxelo é quizais unha roda horizontal unida a outra tamén horizontal por medio dun eixo vertical, e levar a auga dun río ata ese mecanismo é, da mesma forma, unha tarefa bastante doada. Pois, este é o principio dos muíños de rodicio ou roda horizontal, que a partir deste esquema se desenvolven ata dar innumerables formas de rodicios, de conducións de auga, tamaños, etc¹⁷. Esta roda que tradicionalmente se fixo en madeira está formada por penas dispostas radialmente con diferentes formas que van dende as sinxelas paletas ata as culleres que acollen a auga que vai caendo sobre delas, poden dispoñer dun aro exterior e tamén doutro interior ó que ás veces se ensartan, ou ben fano directamente ó eixo central vertical.

Estes muíños están instalados fóra do leito do río ou do regato, de xeito que cómpre conducir a auga ata él para o seu funcionamento. Un dos sistemas é desviala por medio dunha canle que a leva directamente á roda, sen case obra de fábrica nin présa ningunha. Mais este sistema evolúe en función de moitas variables: características topográficas de localización, caudal da corrente fluvial, dimensións do muíño, número de rodas, etc. Así, vaise perfeccionando con canles que van reducindo a súa sección segundo se achegan ó rodicio, outras que o amplían para acumular a auga, tamén, os muíños nos que se instalan varios rodicios con cadansúa moa e aqueles nos que se utiliza un sistema de engraxes para mover varias moas, etc.

O cubo é unha columna de entrada da auga que vén funcionando como un depósito no que este acada presión precisamente pola altura deste cubo, de xeito que o volume da auga preciso para mover se ve controlado con este sistema. Dispon ao final da canle, no edificio do muíño co que forma corpo, e as variantes poden ser significativas no tocante a materiais, formas, dimensións, etc. Por veces presenta unhas características moi interesantes naqueles casos nos que se trata de grosos aneis de granito de grandes dimensións superpostos ata acadaren unha considerable altura, e mesmo podemos atopar exemplos de subliñar cando a estes cubos se unen unhas canles realizadas en granito cun último tramo que se apoia en arcos ou estruturas con lintel para salvar o desnivel¹⁸.

14 Gato Soengas, Antonio; *Os muíños de auga na Ulloa*, El Progreso Artes Gráficas, S.L., Lugo 1998, p.51.

15 *Ibidem idem*, 1998, p.52.

16 Gato Soengas, Antonio; *Os muíños de auga na Ulloa*, El Progreso Artes Gráficas, S.L., Lugo 1998, p.55.

17 Bas, Begoña; *Os muíños*, editorial Ir Indo (Memoria Visual), Santiago, 1999, p.18.

18 Bas, Begoña; *Os muíños*, editorial Ir Indo (Memoria Visual), Santiago, 1999, p.18.

A presa é outro dos elementos principais para a clasificación de tipoloxías. Existen dous tipos: aquelas que se realizan no mesmo leito dos ríos e as que son como un estanque construído ó final da canle xunto ao muíño. As primeiras teñen a función de acumular a auga para abastecer, comunmente a máis dun muíño, e tamén se adoita aproveitar para lavadoiros, regos, etc. Realízanse con pedras, xa que é o material máis resistente, aínda que tamén se empregan terróns e, por veces, algo de madeira; neles acumúlase a auga que será conducida aos diversos muíños que se sitúan á súa beira ou a un único muíño. Tamén son o punto de partida de longas canles que levan a auga aos muíños. O outro tipo vén sendo un depósito que fai de reserva de auga- mesmo cando o río non trae moita- e tamén ten como finalidade principal asegurar unha regularidade na presión cando a auga cae sobre o rodicio garantindo unha moenda uniforme. Polo que toca ás súas características construtivas pódese dicir que, en liñas xerais, non presenta tratamento excepcional ningún, abundando as realizadas en pedra e de planta rectangular¹⁹.

Cómpre subliñar os conxuntos formados por varios muíños, instalados en ringleira nas abas dos montes nos que hai un desnivel considerable, que utilizan a auga dun mesmo río ou regato; pode haber conxuntos de só 3 ou 4, máis tamén pode formar agrupacións de máis de dez. Outro exemplo de muíños con particularidade nestes elementos son aqueles nos que no último tramo da canle se presenta cunhas características singulares no tocante ás solucións para salvar os desniveis entre o terreo e o muíño, tales como as estruturas con lintel ou con arco, ou aqueles nos que a súa inclinación é tal que case forman un cubo e deben de ser reforzados na súa parte superior, con fábrica de pedra, para soportar a presión de auga. Tamén son de subliñar as canles de lonxitudes excepcionais, de varios quilómetros²⁰.

Outros elementos que nos van dar diferentes tipoloxías dentro destes son as entradas de auga ó espazo onde se atopa o rodicio. Os que traballan con auga de correntes de abondoso caudal ou que moen coa medra teñen unha entrada de auga ampla que case non reduce a sección; son estes os que se denominan nalgúns áreas “*muíños de tina*”. Pola contra, aqueles que reducen a sección por medio de billas, billetes ou buxas debido ao escaso aporte de auga para o seu funcionamento, reciben a denominación de “*muíños de buxa*” ou de “*billa*”.

Para que a auga entre no inferno do muíño e poña en movemento o rodicio, existen sistemas variados que poden ir dende sinxelas pás de madeira que se accionan manualmente, a comportas de ferro que precisan dun manexo algo máis complexo²¹. Tamén varía a situación destes en relación co tipo de condución de auga ata o muíño: canle, cubo, presa, estanque, etc. accionándose algunhas dende o exterior e outras dende o interior do mesmo edificio.

Dende o centro do rodicio sae un eixo vertical que sobe ata as pedras de moer, ás que deste xeito transmite o movemento.²² Estes son dúas: unha fixa, o pé, e outra que xira sobre desta, a moa ou capa. O eixe vertical vai ensartado na moa por medio da “*segorella*”, pequena peza de ferro transversal, e desta maneira ó xirar o rodicio tamén o fai o eixo e con él a moa. Basicamente existen dous tipos de pedras: as pedras do país ou negreiras, e as pedras albeiras. As primeiras son de granito e serven para moer o millo, mentres que as segundas se utilizan para moer o trigo e están feitas con diferentes tipos de pedras formando un aglomerado. Tanto a procedencia como o tratamento que cómpre para o seu bo estado son diferentes en cada caso, pois as pedras negreiras son en xeral de fabricación local con material autóctono, mentres que as albeiras se importan comunmente de Francia, a maior parte do centro de produción da Fortie-seus-Jourarre e non precisan case mantemento nin o picado periódico que cómpre coas do país.

19 *Ibidem idem*, 1999, p.18.

20 Bas, Begoña: *Os muíños*, editorial Ir Indo (Memoria Visual), Santiago, 1999, p.18.

21 Bas, Begoña: *Os muíños*, editorial Ir Indo (Memoria Visual), Santiago, 1999, p.19.

22 *Ibidem idem*, 1999, p.19.

O gran deposítase na moega, recipiente de madeira dende o que vai caendo por unha quenlla que dá xusto cima do ollo da moa ou ourificio central polo que os grans se van introducindo para que o movemento da moa sobre o pé os vaia facendo fariña. Para que o gran vaia co ritmo preciso, a inclinación desta quenlla debe ser a xusta e ademais cómpre que teña un lixeiro movemento derivado dunha peza que a golpea ritmicamente, elemento que coa mesma finalidade se pode presentar de moi variadas formas e denominacións: *tenxedoira*, tarabela, vara, etc. Por medio do *tempero* (algún deles van montados sobre un sellado de madeira, e algúns mesmo se accionan por medio deste eixo vertical, mentres que outros se poden mover con sistemas máis complexos pendurados do teito, e outros dispoñen de caixa para recoller a fariña, etc)²³, regúlase a separación entre as dúas pedras, e con isto conséguese unha fariña máis fina ou máis brava.²⁴

4.1.1. Tipoloxía de muíños

Os accesorios para a moenda poden ser variados: peneiras, caixa para as pedras, etc, pero nós centrarémonos nos principais aspectos das tipoloxías dos muíños. Comezando polas aceas que, así como a roda motriz horizontal, é a característica dos muíños de auga, son aquelas que dispoñen desta verticalmente e con características diferentes. Ademais desta, son outras as diferencias entre as aceas e aguelas: a situación, as características construtivas e os sistemas de transmisión.²⁵ Están situadas no mesmo curso das correntes con caudal considerable, polo que non se precisa daquelas obras para levar a auga ata as mesmas, a non ser ao cachón ou muro, que se dispón transversalmente ou en diagonal ao río, e que serve para conducir a auga ata a acea; este muro ergue pouco, de xeito que se o río baixa con moita auga, esta sobrepáso e a acea non recibe este excedente, máis se o río baixa o caudal ao cachón permite sempre ter un fluxo abondo para o seu funcionamento. En xeral, o edificio da acea sitúase cara unha beira do río, de xeito que estes cachóns o cruzan dende a beira oposta, e así é utilizado tamén como pasa cara o muíño, ou sinxelamente como paso do río.

Algúnhas dispoñen de dúas redes, unha a cada beira do muíño, polo que o muro de cachón remataba en cadansúa canle para conducir a auga. As rodas que coñecemos son de ferro, e trátase de dous aros paralelos dispostos verticalmente con dous brazos diametrais que os unen ó eixo horizontal, e que van unidos entre sí por penas. No remate do eixo van as engrenaxes para levar o movemento a outro eixo, neste caso vertical, que é o que fará mover a moa sobre do pé. O sistema de funcionamento está baseado na propia forza da auga que produce unha propulsión botando na parte inferior da roda.

A construción que alberga a acea debe ter unha principal característica, que é a da súa fortaleza para resistir a forza das augas na invernia, de aí que estean realizadas en pedra e moitas delas cunha forma que lembra os tallamares dos portos ou as embarcacións, pois teñen unha terminación apuntada pola cara que dá á corrente.

Os muíños de volante ou roda vertical auxiliar son os muíños de rodicio que por utilizar as augas de regatos, que ven alterado o seu caudal en tempo de seca, precisan dunha roda auxiliar vertical que poida traballar con pouca auga. Presentan moitas diferencias coas aceas descritas anteriormente, pois a situación é a característica dos muíños de auga. Dispoñen como elemento motor principal dun rodicio horizontal e a roda vertical é de características e dimensións moi diferentes ás das anteriores coa diferenza básica de que é de propulsión superior²⁶ e con moi pouca auga pónse en funcionamento.

A construción que alberga o muíño pode ter unhas características moi diferentes en cada caso e mesmo a tipoloxía como tal muíño de auga pode pertencer a calquera dos grupos xa explicados (de

23 Bas, Begoña: *Os muíños*, editorial Ir Indo (Memoria Visual), Santiago, 1999, p.16.

24 *Ibidem idem*, 1999, p.20.

25 Bas, Begoña: *Os muíños*, editorial Ir Indo (Memoria Visual), Santiago, 1999, p.20.

26 Existen aceas con rodas de propulsión superior (e mesmo de submersión) máis coñecidas en Portugal que en Galicia (Veiga de Oliveira et. al., 1983; Galhena, 1978) En Bas, Begoña: Bas, Begoña: *Os muíños*, editorial Ir Indo (Memoria Visual), Santiago, 1999.

canle, de cubo, etc.). O que se precisa para o funcionamento de roda vertical é que unha pequena pero estreita canle que sobrepase o centro da mesma, de xeito que a auga vai caendo sobre a parte dianteira e a roda traballa sempre no mesmo sentido.

A roda ou volante está disposta no exterior, é de madeira e ten un eixo horizontal central do que parten os brazos diametrais que van aos aros exteriores. Estes dous aros que conforman o perímetro están dispostos de forma paralela e entre eles van as penas²⁷ ou culleres sobre as que cae a auga. Co paso desta, a grande roda, ponse en movemento, o eixo central horizontal comeza a xirar e transmíteo á moa por radio dunhas engranaxes que se encontran no interior da construción.

Destes muíños non se coñecen moitos en Galicia a pesar de ser unha axeitada solución ao problema de escaseza de auga durante unha boa parte do ano²⁸.

O muíño é moi significativo e representativo en canto á tipoloxía arquitectónica, nel lévase a cabo un proceso de transformación que se verá completado con outras construcións, é, polo tanto, un proceso activo e dinámico.²⁹ Como toda mostra de arquitectura, debe cumprir coa súa función para ter razón de ser, pero ademais neste caso debe traballar, funcionar, xa que ademais duns elementos arquitectónicos precisa doutros mecánicos: haino que construír, propietarios, canteiros, carpinteiros, milmañas, ferreiros, en moitas ocasións compartir propiedade de uso e ademais haino que montar en condicións para o rendemento preciso. Ademais, é un lugar de reunión, de troula.

Muíños de maquia ou de negocio, muíños de herdeiros, de parceiros, muíños de pezas son denominacións para os distintos sistemas de propiedade que se dan entre os muíños. Estes sistemas varían en función das tipoloxías -de vento, de mareas e de auga- mais tamén dentro dunha mesma tipoloxía danse diferentes sistemas³⁰.

Algún muíño xa nace dende a mesma construción por un aforamento. Tamén se encontra o exemplo da sociedade de dous propietarios que non exercen de muiñeiros, ou de tres propietarios dos que un é un técnico que se ocupa do funcionamento de aquel.³¹ Nos muíños de auga atopamos os sistemas máis complexos. Dende a Idade Media os mosteiros, a nobreza e os labregos foron os protagonistas na evolución dos sistemas de propiedade. Parece ser que os señores en Galicia non practicaron moito a obtención de rendas por monopolios, senón, máis ben, que as súas rendas procedían fundamentalmente da cesión dos medios de produción, polo común en réxime de foro, e os muíños encontrábanse entre os medios de produción. Os mosteiros exercían diversas modalidades para facerse coa propiedade destes ou co beneficio do seu produto: podían dispoñer da enteira propiedade ao recibilos por doazón, tamén os podían mercar ou mesmo construír de novo; tamén podían compartir propiedade dun ou varios muíños con outros da aldea e, por último, cómpre sinalar que o sistema de foro foi moi utilizado para a explotación: concesión para construír un novo aforamento a un só beneficiario ou a varios foreiros de usufructo dun único muíño, ou concesión a un foreiro dunha parte dun muíño. Por tanto, os labregos podían ser foreiros do mosteiro ou do señor, aínda que tamén podía ter muíños en propiedade, se ben o máis frecuente é que esta se compartira con outros veciños, e probablemente a maior parte deles non terían dereito ningún sobre a propiedade e sí obrigas e dificultades para a utilización do mesmo³².

27 Bas, Begoña: *Os muíños*, editorial Ir Indo (Memoria Visual), Santiago, 1999, p.21.

28 Bas, Begoña: *Os muíños*, editorial Ir Indo (Memoria Visual), Santiago, 1999, p.21.

29 *Ibidem idem*, 1999, p.27.

30 Bas, Begoña: *Os muíños*, editorial Ir Indo (Memoria Visual), Santiago, 1999, p.28.

31 *Ibidem idem*, 1999, p.28.

32 Esta síntese do complexo mundo medieval en relación cos muíños realizámola en base a Bas, B., 1992 *Muiñeiros en Galicia. Estudo etnolóxico dun oficio*, estudo inédito subvencionado pola Xunta de Galicia, Consellería de Cultura e Xuventude, que ó tempo se fornece principalmente dos estudos realizados en tres mosteiros: Meira, Sobrado e Rocas (Mariño, D., 1883) *Señorío de Santa María de Meira (séc.XII-XVI)* ed. Nós, A Coruña; Pallares Méndez, M^a C., 1979

Obsérvase, pois, que xa en tempos medievais existían os sistemas de propiedade que se viñeron herdando e desenvolvendo ata os nosos días estes sistemas pódense sintetizar como segue.

Os muíños dun único propietario son os de maquiá ou de negocio. En principio, este é o máis simple, xa que pertence a un único dono quen o explota directamente, pero este sinxelo esquema é unha base da que parten variantes que fan deste un sistema algo máis complexo: onde sinxelamente levar a explotación por medio dun encargado ou facer arrendamento a un ou máis muiñeiros, ata exemplos dunha grande complexidade nos que nun mesmo muíño de varias moas se dean unha boa parte de todos os sistemas de propiedade: maquiá, maquiá arrendada, propiedade compartida entre varios parceiros; non son sinxelamente un tipo de propiedade comunal, concepto bastante espallado. Trátase dunha propiedade compartida entre varias persoas que a van transmitindo aos seus herdeiros. A orixe deste sistema pode estar querer na propia construción de muíño para a que se xuntan varios veciños, quen no arrendamento do propietario-mosterio, particular ou sen máis a varios labregos. Tamén se dan casos de muíños que pertencen a toda a unha comunidade, son, polo tanto, de propiedade comunal.³³

Con respecto ao número de partes por muíño oscila moito, podendo ser dende unicamente 3 ata 60, e cada un dos propietarios pode ter unha parte, media parte ou máis dunha. Non sempre se identifica *peza* con *parte*, xa que unha parte pódese compoñer de varias pezas, que veñen sendo o número de horas establecido para o seu uso. En xeral unha peza corresponde ao dereito de moer durante 12 horas continuadas, xa ben sexa durante o día ou durante a noite, mais este esquema varía. Un parceiro pode ter parte ou máis dun muíño e mesmo pode tamén arrendar a súa parte cando non a precisa. O sistema de transmisión desta propiedade é variado e, por regra xeral, está en relación co sistema de transmisión por herdanza. Nalgúns a propiedade de cada herdeiro é *indivisa*, mentres que outros xa son especificamente muíños partidos ou sexa que o propietario³⁴ pode partir a peza entre varios fillos. A este sistema de propiedade corresponde o de utilización coñecida como *ir por rolda*, *ter a vez no muíño* ou *ir por quenda*. Cando se teñen varias partes pódense xuntar e moer varios días seguidos.

Doutra banda, os muíños de vento, construcións de pedra en forma de torre cilíndrica cunha cuberta lixeiramente cónica sobre unha armazón de madeira (trabe, aspas, abanos, engrenaxes e eixe constitúen a súa maquinaria). Asemade, existen tamén os denominados muíños de aceite, que se construían en zonas onde as características climatolóxicas permitiron a introdución dunha especie mediterránea como é a oliveira.³⁵ Atopámoslos sobre todo nos vales orientais das provincias de Lugo e Ourense onde, polo xeral, eran movidos por bestas.

Temos tamén os muíños de casca nos que se moía a cortiza de certas árbores que logo se utilizaba no curtido de peles ou para encascar as redes. Outros exemplos das múltiples finalidades dos muíños son os do papel ou os manuais de moer o vidro empregado para os cacharros de cerámica.

El monasterio de Sobrado: un ejemplo del protagonismo monástico en la Galicia medieval. Deputación Provincial de A Coruña; Dura Peña, E. 1972 *El monasterio de San Pedro de Rocas y su colección documental.* Instituto de Estudios Ourenseños "Padre Feijoo" Ourense en Bas, Begoña: *Os muíños*, editorial Ir Indo (Memoria Visual), Santiago, 1999.

33 Bas, Begoña: *Os muíños*, editorial Ir Indo (Memoria Visual), Santiago, 1999, p.29

34 Bas, Begoña: *Os muíños*, editorial Ir Indo (Memoria Visual), Santiago, 1999, p.29.

35 Noya López, Pilar: *Os muíños. Unidades didácticas do Museo do Pobo Galego.* Museo do Pobo Galego. Departamento de Educación e Acción Cultural, Santiago de Compostela, 2000, p.9.




Fig.2 Partes integrantes da maquinaria de funcionamento dun muíño

4.2. A pedra dos canteiros nos muíños

O traballo en pedra é tan antigo como o home e a súa importancia na nosa terra queda explicada pola abundancia e calidade de materia prima. Dolmens e castros dan testemuño da habilidade construtiva e da antigüidade desta fin.³⁶

Por descarte, o granito é a rocha “fetiche” da arquitectura galega. É cristalino, composto por pequenos grans de cuarzo, mica e feldespato. É dura e compacta cunha coloración moi variada (gris, azulado, verde ou rosa)³⁷ segundo os minerais predominantes na súa composición. Os canteiros asignábanlle á pedra denominacións distintas segundo a súa finura e calidade. Así falaban de granito de primeira, segunda ou terceira; de gallo ou coiro de sapo, cando a pedra era rústica e semellaba a pel deste animal. O canteiro tamén traballaba en lousa, pero limitábase a retocalas coa maceta antes de colocalas no seu lugar.

Esta pedra foi crucial na construción dos nosos anterros muíños galegos, convertidos en perfectos sillares escadrados con pouca marxe e mampostería e cachotería, digna dunha selecta e meticulosamente calculada arquitectura case de deseño, tendo en conta a precariedade dos medios e a escaseza de ferramentas precisas. Verdadeiramente, a xente de antes con pouco, fixo moito. Baixo estas liñas vese un documento gráfico alusivo ao tipo de ferramentas que empregaban os canteiros.

36 Méndez Lojo, Isabel: Os canteiros. Unidade didáctica do Museo do Pobo Galego, Santiago de Compostela, 2001, p.1

37 *Ibidem idem*, 2001, p.3.




Fig.3: Enumeración dos utensilios e ferramentas do oficio dos canteiros




Fig.4: A extracción da pedra para construír




Fig.5 A labra da pedra

4.3. O labor do muiñeiro

A situación do rol varía segundo os tipos de muíños e maiormente segundo o sistema de propiedade. Nos muíños de auga, de maquía, o home adxudícase sempre o papel específico de muiñeiro, levando el un papel protagonista, digamos “*difícil*”, mais na comunidade recoñécese que pode haber tantas ou máis mulleres muiñeiras, iso si con algunha limitación para traballar de noite. Nos dos herdeiros ir moer xa non é desenvolver un negocio como nos de maquía; as mulleres e, concretamente as mozas, acoden en proporción máis elevada cós homes e comumente van de máis dunha xuntas, se ben durante a noite en moitas zonas o número redúcese.

O papel do muiñeiro está estreitamente relacionado coa tradición familiar, xa ben sexa por herdar dos pais ou por casamento, mais tamén hai quen sendo un “*milmañas*” - neste caso é sempre home- se mete tamén a muiñeiro. Para termos unha idea xeral da aprendizaxe e relación do muíño, imos reflectir unhas frases recollidas aos propios muiñeiros. Así, despréndese: “*por costume, por nacer nel, desde o medio ano a medio século. Apréndese de tanto mirar*” ou tamén “*vendo e pelexando. Este oficio é bo de aprender porque a carreira é pequena. Aprendín co meu home.*”³⁸

É unha aprendizaxe e unha responsabilidade que se colle dende moi novo, como na maior parte dos labores de agro en Galicia onde os nenos, dende ben cativos, axudan e levan traballos considerados de adultos noutros ámbitos. Trátase dunha actividade levada a cabo ás veces por aqueles que teñen unha especial disposición. A valoración propia como oficio está chea de matices. Hai quen se considera “*muiñeiro de oficio*” e outros afirman que se podía considerar como tal ata unha ou dúas xeracións, e hai quen o considera sinxelamente como un traballo, unha adicación ou mesmo unha tradición.

Non é moi común que o muiñeiro se adicara exclusivamente ó oficio e, ademais, cómpre ter en conta que se trata dun traballo familiar. E polo que respecta ao nivel de coñecementos precisos para o desenvolver, considerase que é un labor sinxelo, a tarefa é doada pero non ocorre o mesmo co seu mantemento.

Para manter en boas condicións o muíño cómpre limpar a presa, picar as pedras, facer arranxos nos elementos mecánicos, etc. e quen fai todo iso? Pode ser o muiñeiro do muíño de maquía, poden ser os parceiros dos muíños de pezas ou pode se o “*compostor*”, que ven sendo a persoa da zona que tendo

38 Bas, Begoña: *Os muíños*, editorial Ir Indo (Memoria Visual), Santiago, 1999, p.30.

algúns coñecementos técnicos ou adicándose tamén a outros oficios, desempeña o de compoñedor de muíños, acudindo periodicamente a picar as moas ou cando é preciso cambiar os aguillóns, plomar, nivelar ou agarandar.

Na súa contorna social, o muiñeiro ten unha consideración bastante peculiar.³⁹ Hai que ter en conta que este manipula e somete a transformación un produto que é propiedade do usuario. Se a isto se engade que cobra en proporción a mesmo produto, fai que a relación en principio teña unha base de receo que se pode resumir en: teño que acudir ao muiñeiro necesariamente e el vive a costa do que eu produzo. Por outra parte, este ten unha consideración entre a admiración e o rexeitamento pola súa da súa actitude coas mulleres, pois: *“as mozas solteiras non ían soas ao muíño, non ho! Quen ía ir! Se as collía o muiñeiro.”*

Ou;

Miña nai non quere que eu vaia ó muíño
porque o muiñeiro rebrinca conmigo
rebrinca, rebrinca e volve rebrincar
unha saia nova me quixo rachar.

Máis tamén a muiñeira:

Veño de moer morena dos muíños de arriba
durmán coa muiñeira e non me cobrou a maquía.

É importante diferenciar o muíño como lugar de reunión entre mozos e mozas á marxe da moenda, e o muíño onde se pasa tempo entre foliadas, cantos, xoguetas de cartas, contos e algunha que outra picardía mentres se agarda a quenda para moer. Cómpre non esquecer que nalgúns zonas acudían a un muíño xentes que viñan de moi lonxe coas bestas cargadas de gran para se abastecer un mesmo por un tempo relativamente longo, e estas persoas tiñan que pasar a noite alí o mesmo día, logo había tempo para todo.⁴⁰

4.4. A materia prima nos muíños: o cereal

O tipo de gran que se leva ao muíño- millo, centeo, trigo-, a calidade do mesmo, o tipo de pedra que tiña o muíño, a finalidade na utilización da fariña -para o pan, para a bica-, ofrecen un rico panorama sobre este produto que se presenta tan variado. Da mesma forma, hai que considerar que a moitos deles se leva o gran a moer para os animais, ademais de consumo humano. Nalgúns deles xa existe unha pedra destinada a este fin, noutros móese moi bravo, ou sexa co tempero moi alto, ou mesmo só se parte o millo polo medio, o que se di *facer as millas*; tamén se utiliza o subproduto da fariña, o *relón* ou a primeira que se move logo de picar as pedras e que sae con mala calidade e se denomina as *varreduras* ou a *fariña de reas*. Cando a pedra leva moito tempo sen picar sae unha *fariña londra* pois leva o farelo máis enteiro e moitas veces dáselle aos animais.⁴¹

Segundo as condicións do gran, podemos atopar que se o millo que se leva a moer non vai ben seco sae un *maínzo lento*, pois ao quedar o gran pegado ás pedras o muíño colle poro.

Nos de maquía, ou sexa de negocio, é máis común que as pedras sexan albeiras e que ademais teñan peneira, pois o produto ha de ter mellor calidade. Nos de herdeiros as pedras do país ou negreiras están máis espalladas, e a fariña que resulta delas é a *fariña moreniña*.

A máis apreciada é ao óleo, a fariña máis firme que segundo se vaia moendo o gran queda pegada a o pé onde se vai acumulando, esta non se xunta co resto, de maneira que se leva para a casa en saquetiñas.

39 Bas, Begoña: *Os muíños*, editorial Ir Indo (Memoria Visual), Santiago, 1999, p.31.

40 Bas, Begoña: *Os muíños*, editorial Ir Indo (Memoria Visual), Santiago, 1999, p.31.

41 *Ibidem idem*, 1999, p.32.

Resulta case tan fina como a *foula*, que é o pó de fariña que sempre está no aire, nas vigas, nas pedras, na cabeza do muiñeiro. Se se quere unha *fariña fina* ou *máis munda* cómpre ter bo gran, que as pedras estean picadas, o tempero máis ben baixo, a tarabela a un ritmo axeitado e a *moega* coa inclinación precisa, que as pedras non se quentan, mais se se trata de fariña brava a calidade é peor e pode recibir o nome de *a milla* -tanto sexa de millo como de trigo- e, ou pode ser tan brava como a *semia*, que é en certa maneira o residuo de fariña de trigo, unha a fariña boa e o relón. Relón farelo é o salvado.⁴² Ademais, cribos, cribas, barutos, peneiras de bombo, de troque contribúen a que o produto sexa dunha ou doutra calidade.

4.5. Caso autóctono: os muiños friolenses

Friol é un concello de vasta amplitude xeográfica xa que abrangue un gran territorio en superficie, e asemade, ten unha cunca fluvial moi abundante que se ramifica en serpenteantes e sinuosos regatos que lle serven de sustento ao funcionamento dos muiños.

Casualmente, Friol segue a sorprender con pequenos tesouros que a súa historia protexe e conserva case que caprichosamente, e neste caso na temática da etnografía dos muiños podemos falar dun deslumbrante patrimonio hidráulico con auténticas xoias que aguantan estoicamente o paso do tempo e o embiste das adversas condicións climatolóxicas que implica a proximidade á auga coa súa irrefrenable acción, coas medras e desbordamentos, así como a acción do vento que pode deslousar os tellados dos muiños, entre outros avatares.

Tipoloxicamente falando, en Friol debemos falar de muiños de auga, non de vento, e en canto a características definitorias análogas, atopámonos con muiños moi distintos, podendo falar dunha gran diversidade.

Facendo un percorrido por terras friolenses e polas ribeiras dos ríos, batemos con muiños de personalidade propia, cada cal máis peculiar e diferente, enriquecidos por unha contorna idílica case que paradisiaca. Non atopamos lugar ao cansazo, cada muiño ten idiosincrasia propia, así podemos atopar muiños de grandes dimensións, de reducidas proporcións e formas, con vivendas *in situ* e cortes incorporadas, dunha ou dúas pedras, con rodicios intactos ou arrincados despoxoando ao muiño de parte da súa “*anatomía funcional*” e, en ocasións, permitíndonos ver o seu “*esquelete*”.

Se tivesemos que establecer unha homoxénea uniformidade, non nos atreveríamos a posicionarnos, xa que se ben é certo que hai muiños concomitantes entre sí, en Friol hai unha grande heteroxeneidade construtiva, motivo polo cal decidimos facer unha ficha de catalogación *ad hoc* e individual para cada muiño e a súa realidade concreta, son afíns os campos informativos a cumprimentar (coa diferente información que arroxa cada característica do muiño *per se*) e o espazo destinado á fotografía, asemade fixemos un dossier alusivo ás coordenadas de ubicación e unha galería fotográfica de 5 fotos por muiño; mesmo *modus operandi* para tódolos muiños, sen diferenciación. Estas características sí falan de uniformidade, pois son comúns a tódolos muiños, pero a descrición de cada un deles é diversa e específica en cada caso. Esta catalogación pódese contemplar e analizar no seu correspondente apéndice clasificatorio (*ver apéndice de fichas de catalogación).

Sen embargo, do que non hai lugar a dúbida é de que os muiños de Friol son todos eles muiños de auga, de río; que son unha evolución do muiño circular que, ao aumentar de tamaño, necesitou da adición duns enxeños mecánicos elementais e situalos dentro dunha construción. Isto deu lugar a estes muiños, os máis numerosos e estendidos por todo o territorio galego, de xeito que case tódolos regatos de Friol teñen algún muiño no seu curso.

Aínda que en Galicia non aparecen ata a Idade Media, aproximadamente nos séculos XI e XII, xa eran coñecidos no século I como demostran algúns textos desta época.⁴³

42 Bas, Begoña: *Os muiños*, editorial Ir Indo (Memoria Visual), Santiago, 1999, p.32.

43 Noya López, Pilar: *Os muiños. Unidades didácticas do Museo do Pobo Galego*. Museo do Pobo Galego. Departamento de Educación e Acción Cultural, Santiago de Compostela, 2000, p.4

Non tódolos muíños de río son iguais e podemos clasificalos atendendo as características da súa roda:

- a) de *rodicio* ou de regato.
- b) de acea ou *bruia*.

Segundo o edificio que o acolle:

- a) arquitecturas elementais e pequenas cunha soa peza de moer (6-12 m²).
- b) arquitecturas máis complexas e grandes que posúen de dúas a cinco pezas de moer.
- c) arquitecturas para muíño-vivenda.

Segundo a maneira en que a auga chega ó muíño:

- a) de canle, pola que transcorre a auga ata o rodicio (é o máis empregado).
- b) de pozo ou de cubo, un recipiente onde se almacena a auga que serve para aumenta-la súa presión cando o caudal do río ou regato é pequeno.⁴⁴

Son unhas construcións normalmente de forma cadrada ou rectangular con muros de cachotería de granito ou xisto sen ningún tipo de revestimento. A cuberta, que pode ser de colmo, xisto ou tella, constrúese sobre unha armazón de madeira que pode ser, segundo o grandor do muíño, a unha, unha e media, dúas, tres ou catro augas. No encontro co muro pode haber capias ou topetes de granito. Case tódolos muíños friolenses teñen embutida no muro e xunto á porta, unha peza de granito chamada *pousadoiro* que sobresa uns 30 ou 50 cm e que servía para pousar nela o saquete de gran, a nivel interior presentan os seguintes elementos mecánicos: inferno (cavidade que acubilla o rodicio), tremiñado, roda, peza de moer e pé. Das xuntas da moa e do pé sae a fariña que vai caer nun lugar chamado farneiro. Segundo o gran, as pezas de moer son de distinta calidade e reciben distintos nomes: as albeiras⁴⁵, para moer o trigo e o centeo; e as do país ou pedra mourenza, para o millo.

A auga procedente da canle bate contra o rodicio que se pon en movemento. Este movemento transmítese a través do eixe á peza de moer. O gran, colocado na moega, vai caendo no ollo da moa a través da quenlla. A moa xira e esmiúza o gran contra o pé.

4.6. Situación dos muíños na actualidade

Para a recuperación de patrimonio histórico de muíños é preciso orientar as accións pola vía da rendibilidade. O esforzo inversor ha de combinar accións públicas e privadas, sempre estipuladas pola Administración Autonómica, amparadas polo recorte Lei do Patrimonio Cultural de Galicia (Lei 8/1995), especialmente as precisións contidas no título IX do mesmo "uso do patrimonio etnoográfico" (arts. 64,65 e 66).⁴⁶

No caso de Friol, é preciso advertir que a tan abundante presenza de muíños de auga, que sería polo menos que imposible levar a cabo unha recuperación de todos e cada un dos exemplares, pero o que sería desexable é que, cando menos, houberse un muíño rehabilitado en cada parroquia, prestándolles unha especial atención ós de herdeiros, por ser a expresión viva do entendemento común dos nosos antergos, exemplo claro da suma de esforzos, tan vital para afrontar retos difíciles e a subsistencia érao.⁴⁷

No campo da rendibilidade, a mellor vía para a rehabilitación de muíños é o impulso dos que inda están en funcionamento e a súa constitución en cooperativas. Segundo Antonio Gato Soengas, o crecente e imparabile aumento de alimentos de calidade, baseándonos na produción artesanal, garantirá o futuro destes establecementos. Con isto estaríamos a conseguir outros importantes obxectivos:

- Un interesante complemento das rendas agrarias, para produtores de trigos, millos, centeos.

44 Noya López, Pilar: *Os muíños. Unidades didácticas do Museo do Pobo Galego*. Museo do Pobo Galego. Departamento de Educación e Acción Cultural, Santiago de Compostela, 2000, p.4

45 *Ibidem idem*, 2000, p.7.

46 Gato Soengas, Antonio; *Os muíños de auga na Ulloa*, El Progreso Artes Gráficas, S.L., Lugo 1998, p.58.

47 *Ibidem idem.*, Lugo 1998, p.58

- Importante número de postos de traballo, tanto nos establecementos de moenda, como nos indirectos.⁴⁸
- Un aumento das terras de cultivo, coa extraordinaria incidencia no aumento da fauna de especies cazables (lebres, perdices, paspallás, coellos, etc.)
- Unha dinamización das augas dos nosos ríos e o aumento de zonas de reprodución e crecemento de especies (troitas).

É preciso que as accións de potenciación previstas sexan levadas a cabo pola Administración Autónoma pero con coordinación con outras Administracións e particulares. Aproveitando mesmo o marco de Programas da Unión Europea. As vías son fundamentalmente dúas: o fomento do cooperativismo, para atender as accións en muíños maqueiros, xa que logo, o camiño da economía social; e o camiño da recuperación cultural e patrimonial de vestixios do pasado, definidores da nosa terra, como temos apuntado.

➤ 5. Outro patrimonio da auga: pontes, pontellas, muíños de mareas.

En ocasións, o mero feito de intentar salvar un paso cun río por baixo que imposibilita as comunicacións e solventalo con pericia, pode converterse en todo un alarde técnico aderazado de certa tendencia á procura dunha elegancia estética. Sendo Galicia terra fecunda en auga, as pontes e pontellas creadas para a circulación de carros con mercancías, gando, tránsito de persoas abundaron con profusión, desgrazadamente hoxe día coas estradas asfaltadas e os coches, moitas destas pontellas desapareceron ou están a desaparecer vítimas do avance irrefrenable da vexetación como silvas, sabugos, ortigas, etc.

En canto aos muíños, outra tipoloxía relevante é a dos muíños de mar ou de *marés*, extendidos por todo o litoral galego, malia que é nas rías onde se atopan, debido as súas esixencias de emprazamento; instálanse en zonas onde se forman grandes secas na baixamar para acadar un bo funcionamento, xa que se basean na diferenza de nivel de auga entre a baixamar e a pleamar, que pode variar ao redor de 1,5 e 4 m. segundo o día e época do ano, e tendo en conta as mareas vivas e as equinocciais de primavera e outono nas que hai maior amplitude. Na actualidade, só coñecemos un muíño de marés en funcionamento, que é o muíño de As Aceñas da Illa da Arousa.⁴⁹ Os demais ou están en bó estado de conservación pero sen traballar ou están en ruínas.

Polo común, son unhas construcións sólidas e de grandes dimensións, tanto o edificio como o conxunto coa presa. En liñas xerais, consisten nun muro, ás veces de gran tamaño, que forma unha presa no fondo dunha seca e, neste mesmo muro, ou no seu comezo, instálase o edificio do muíño. O muro ten unha ou varias comportas que se abren cando sube a marea e enchése a presa; ésta tamén pode recibir as augas dalgún río, e incluso dáse o caso de que o muíño traballe en inverno principalmente coas augas do río e no verán coas mareas. Canto xa está chea a presa e a marea baixa, pódese pór en funcionamento o muíño. Para iso abréñse as comportas interiores que permiten o paso da auga polas canetas ou cubos para mover o rodicio. A partir de aquí o mecanismo é similar ao dos muíños de rodicio. Básicamente, os das mareas diferéncianse destas na estrutura construtiva xeral (muro, presa, etc) e en certos elementos como o cubo, mentres que os elementos mecánicos veñen sendo os mesmos. O tamaño varía en relación co número de moas xa que hai algúns con seis e outros soamente con dous, se ben polo xeral forma unha construción de considerables proporcións; tamén está en relación co feito de se o mesmo edificio ten ou non a vivenda do muiñeiro.⁵⁰

48 *Ibidem idem*, Lugo 1998, p.59

49 Cañadas, Silveiro: *Gran Enciclopedia de Galicia*, tomo nº22, Santiago, 1974, p.26.

50 Cañadas, Silveiro: *Gran Enciclopedia de Galicia*, tomo nº22, Santiago, 1974, p.27.

➤ 6. O ambiente festivo nos muíños: as foliadas



Fig.6 Muíño de maré en Illa de Aurosa (Pontevedra)..




Fig. 7 Planta e estrutura dun muíño de maré

O tema da antropoloxía é moi amplo e variado, en ocasións dáse a paradoxa de falarmos dun tema principal, protagonista, do que agroman outros secundarios a xeito de ramificacións que nutren e fortifican a temática central do noso estudo. De feito, a través de vestixios como a indumentaria, a música, a xoldra podemos saber detalles moi enriquecedores que nos axudan a recrear, “*grosso modo*”, a atmosfera dos muíños e toda a súa idiosincrasia tecida en anos e anos de traballo e tamizada polo devir da xente, ao seu paso, coas súas historias e condicionantes particulares.

Nos muíños dábase a ocasión de lucir os traxes de faena. Imos facer unha pequena análise por áreas xeográficas. No interior da provincia de Lugo, a muller usa manteleta, que ven a ser unha mantela ou

mantelo máis curto que a saia que vai por debaixo, dengue e mandil cumpridos e pano floreado con flocos. O home loce chaqueta curta e monteira alta e triangular de pano negro con borlas.



Fig. 8 Imaxes do traxe en Galicia nas faenas agrícolas.

A muller da Terra Chá, da parte meridional da meseta lucense e nas zonas montañosas da provincia, usa camisa, como en toda Galicia, diferenciándose en moi pequenos detalles. Constaba de dúas partes *cos* e *faldra*, cunha tela mellor para o *cos*, que podía ser de lenzo moi fino, e ordinario o xénero da faldra, en moitos casos de estopilla. Tiña como nota curiosa a posibilidade de fixar a vontade o escote por medio dunha cinta que pasaba pola xareta e se anudaba formando un lazo. A cinta podía ser do mesmo tecido da camisa ou distinto e branco ou doutra cor. Enagua con volante de encaixe ou de tea fina e, con frecuencia, obrigadas polo frío, levaban máis dunha. Peza moi vistosa era o “*xustillo*”, sobre todo cando era peza exterior que podía ser de baeta ou de lenzo tecido con mesturas de diferente cor e para facer xogo no puño da camisa un pequeno encaixe e ata podía ter unha cinta de cor para dar maior lucimento.

Con abundante pasamanería de acibeche, mantelo que podía ser negro, azul mariño, castaño ou verde escuro. A diferenza co de Coruña consiste en que o coruñés ten a tira de veludo cortada en forma mentres que no lucense as tiras son ao fio e para adaptalas á forma da capa fáno cunhas táboas en pico que se doblan máis pola parte en que teñen menos voo.

A manta dos romendos, formada de remendos e outras de retais doutras mantas que resultaban moi vistosas; foi unha mágoa que se perderan por completo.

Debemos salientar a capital lucense como lugar de extraordinaria elegancia na indumentaria feminina que se caracterizaba por unha serie de combinacións da cor nos bordados que lucían sobre o veludo negro que levan no dengue, o corpiño, o mantel, o mandil, e a saia. O bordado realizado con esmerada delicadeza, complétase cos encaixes que adornan as mangas e o escote do corpiño, o dengue pola parte de abaixo, a terceira parte do longo do mandil e máis pequenos no borde e nos baixos do mantelo e as costura de peche. Con este traxe levábase media de seda e zapato baixo.

O home usaba camisa de liño da casa ou de Padrón con peito de pregaduras. A monteira é baixa de xénero grosso e cor negra cunha prolongación colocada cara o lado dereito semellante á da zona de Mondoñedo, pero era de máis uso, ao parecer, a alta triangular e de paño negro e nos picos borlas de

seda. A chaqueta é de colo alto, solapas anchas con tres botóns brancos nos extremos, dúas filas para o peche e adorno.

Os homes da montaña usaban chaquetas especiais, a *chupeta*, denominación que supoñemos poida proceder de *chupa*, especie de xibón con catro saias curtas que podía levarse debaixo da casaca, como podía ser traxe de festa e entón levábase debaixo da casaca. En Becerreá chámasele *sayo*, que era o roupón para o campo nas vendimas, sega de cereais, herba, etc. O calzón con *boca de cuza*, de canteira que suxeitaban á cintura por medio de botóns de pau, de óso ou de asta, chamados *tarabelos*, pola semellanza co manubrio da porta. Calzaban tamén zocas ás que en inverno acoplaban pezas por culpa da neve. Usábase unha chaqueta forrada con pel de ovella ca lá cara a espalda da persoa, que cun chaleco de idéntico material constituían un admirable abrigo no inverno.

Por tratarse a moenda dun traballo agrícola e de faena, a indumentaria difería da de lucimento con acibeche e ourivería no caso das mulleres, xa que había que traballar duramente e buscábanse tecidos máis rudos e ásperos, con menos acabados e ribetes. No caso dos homes existía unha prenda moi específica para a laboura agrícola, eran os chamados *zagóns* ou *cirolas*. Usábanse principalmente en verán polo calor e polas faenas do campo con as segas que había necesidade de aguantar moitas horas de sol. Había as cirolas de estopa preferidas para realizar moitos traballos e que teñían por procedementos caseiros, así con estos pantalóns de faena podían prescindir das polainas. Tamén os había de lenzo.⁵¹

A xente acudía aos muíños a traballar, pero a moenda era un traballo que deixaba tempo ao lecer e ao esparcemento individual dentro dunha colectividade, de aí que as cantigas alusivas ao microcosmos que se xera en torno ao mundo dos muíños sexa tan vastas e inxente, xerando un enorme patrimonio oral. En ocasións, os muíños servían para formar parellas e casorios, para falar de dotes, para permitirse por uns intres levar unha vida máis licenciosa e divertida ao escapar da rutina cotián, etc.

➤ 7. A temática poética centrada nos muíños

Moitos dos traballos publicados sobre muíños ofrecen escolmas de refráns, romances e coplas que dan idea da grande importancia do muíño, das vivencias desenvolvidas no seu entorno, ata convertelo nunha das principais fontes de inspiración da lírica popular galega. O propio Ramón Cabanillas, no seu Cancioneiro Popular Galego, ofrece exemplos coma este;

Fun que non fora ao muíño
E non fun para moer;
Fun falar coa muiñeira,
Non me quixo conocer

Meu home foi o muíño,
A muiñeira ten sarna;
Moerían de mixtura
Cando o meu home se raña

O meu home foi de troula
E veu cheo de fará;
El muiñeiro non é,
Eu non sei a quen se arrima.

Deixemos constancia tamén das abundantes referencias rosalianas aos muíños, e como exemplo, o poema "*adiós ríos adiós fontes*."

51 Información extraída de volumes, traballos e artigos de información de Fraguas Fraguas, Antonio e González, Clodio

A poesía que podemos chamar clásica tamén se ocupou do muiño. Como mostra clara ofrecemos estes poemas de Xosé Crecente Vega e Manuel María, curiosamente dous poetas chairegos de orixe.

O Muiño

Debecido, borrachón,
Que das voltas nun pé solo
Como un tolo
¡Toleirón!
Bebe auga fría
Que si beberas
mouro ribeiro
certo xaceras,
cousiña tola
como rebola
na dura pedra do brandoeiro

Tes sede fera,
fame de can,
larpeiro de auga
larpeiro de pan.
cantando o teu larán-larán
larpando vas canto che dan

Roula, roula; roula, roula
Dalle voltas á carroula;
roi o grao louro e duro.
Teu alento polvorento,
branco e puro;
teu alento, flor de escanda,
néboa virxen,
cinta branca
arredor da tua cintura
é alegría i é contento
i é farlura
no fogar⁵²

¡Que bonito neboeiro
Teu lixeiro
zarzallar!

Ande a roda. Ande, ande
Ceibe a túa grande
Branca neve miudiña.
Roula, roula, bule axiña
que o teu pilo de fariña
pouco a pouco medra, medra

¡Qué bonita a risa branca
na túa cara de pedra!

52 Gato Soengas, Antonio; *Os muiños de auga na Ulloa*, El Progreso Artes Gráficas, S.L., Lugo 1998, p.23.

Dálle á roda, dálle ó torno.
 O teu sopro voandeiro,
 Viravoltas argalleiro,
 Será bolo no meu forno,
 Será pan no meu galleiro

O poema de Xosé Crecente Vega pertence a súa extraordinaria obra *Codeseira*, adicada precisamente a outro chairego, Aquilino Iglesias Alvariño. Pola súa banda, Manuel María na Terra Chá, adícalle ó muíño este fermosísimo poema:

Muíño roulón

Anda a roular ledo e cantareiro,
 O muíño roulón sobre o regueiro.
 Ó pasar a invernia queda calado
 E depois, todo o ano, está parado.
 Ten paciencia, homildade e corazón.

O muíño roulón, homilde de bon
 ¡E non lle ten envexa ó gran muíño
 que moe todo o ano no Pai Miño!

O poeta Lorenzo Varela, vencellado á bisbarra da Ulloa, tan querido en Monterroso, onde repou- san os seus restos, neste belísimo poema, que reflicte o desacougo producido pola emigración, deixa constancia do amor e admiración polos muíños, neste poema, titulado EMIGRANTE⁵³, un pouco acertado:

¿Quen son eu, quen me trouxo,
 quen me ten de levar?

Lonxe quedou o muíño,
 tamén lonxe o piñeiral.

¡Meu muíño de pan!
 ¡Meu piñeiral!
 ¡Meu lar!

➔ 8. Bibliografía

Bas López, Begoña; *Muíños de marés e de vento*. Fundación Barrié la Maza.

Bas López, Begoña; *As construcións populares: un tema de etnografía en Galicia*. Edicións do Castro, Sada, 1983.

Bas López, Begoña; *Consideracións xerais para o estudo dos muíños en Galicia*. Revista de Arqueoloxía (USC)

Bas López, Begoña; *Os muíños de aceite en Galicia: estudo preliminar*. Gallaecia, Instituto de Estudos Galegos "Padre Sarmiento"

Bas, Begoña; *Consideracións xerais pró estudo dos muíños en Galicia*. Caderno de estudos galegos, T.32 fasc. 96.97, 1981.

Caamaño Suárez, Manuel; *As construcións adxectivas*. Cadernos Museo do Pobo Galego, nº9, Santiago de Compostela, 1999.

53 Gato Soengas, Antonio; *Os muíños de auga na Ulloa*, El Progreso Artes Gráficas, S.L., Lugo 1998, p.25.

- Calo Lourido, Francisco: *A cultura castrexa nº3 Historia de Galicia*. Edicións A Nosa Terra, Vigo, 1993.
- Cancioneiro Popular Galego*, Ramón Cabanillas.
- Cantares Gallegos*, Rosalía de Castro.
- Cisneros Cunchillos, M.e González Pena, M.L: *El trabajo de la piedra: Calatorao*. Narria, 51-52, 1990.
- Codeseira*, Xosé Crecente Vega.
- Díaz Santana, Beatriz; *Os celtas en Galicia. Arqueoloxía e política na creación da identidade galega*. Serie Keltia. Editorial Toxosoutos, A Coruña, 2002.
- Escolma poética: *Terra Chá*, Manuel María.
- Filgueira Valverde, J.: *Los canteros gallegos*, Palacios, Vigo, 1976.
- Fontoira Surís, R.: *Fábricas de cantería*, Deputación de Pontevedra, 2000.
- García Alén, A.: *Vocabulario de los canteros de Pontevedra*. El Museo de Pontevedra, tomo X.
- Gato Soengas, Antonio; *Os muíños de auga na Ulloa*, El Progreso Artes Gráficas, S.L., Lugo 1998.
- González Pérez, Clodio: *Historia do traxe galego*. Xunta de Galicia. Consellería de Cultura e Deporte. Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural, nº47.
- Leal Bóveda, José M^a; *Guía para o estudos dos muíños de auga da terra de Caldas de Reis*, Diputación Provincial de Pontevedra, 1995.
- Lei 8/1995 do Patrimonio Cultural de Galicia.
- Lis Quibén, V: *La jerga de los canteros de Galicia* en *Actas do I Congreso de Etnografía e Folclore*, Juntas da Acção Social, Lisboa.
- Llano, Pedro de: *Arquitectura popular en Galicia*. COAG, Santiago de Compostela, 1983.
- Llano, Pedro de: *Os muíños de aceite en Galicia: estudio preliminar*. Gallaecia, nº7-8, 1985.
- Lorenzo Fernández, X.: *Etnografía. Cultura Material* en Otero Pedrayo, R. (dir.) *Historia de Galiza*, vol. II, Akal, Madrid.
- Martínez Rossy, I. et alt.: *Caleros y canteros*, Ediciones de la Diputación de Salamanca, 1986.
- Noya López, Pilar: *Os muíños. Unidades didácticas do Museo do Pobo Galego*. Museo do Pobo Galego. Departamento de Educación e Acción Cultural, Santiago de Compostela, 2000.
- Olano Silva, V.: *Os canteiros*, Boletín da Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo, tomo IV.
- Poesía*, Lorenzo Varela
- Rodríguez Fraíz, A.: *Canteiros e artistas de Terras de Montes e Ribeiras do Lérez*, Deputación de Pontevedra, Pontevedra.
- Torre Martín-Romo, R. de la: *As marcas na pedra: a gliptografía na provincia de Pontevedra* en V Coloquio Internacional de Gliptografía. Poio (Pontevedra).
- VV.AA: *Os canteiros: actas das xornadas celebradas en Parga*, Brigadas en defensa do Patrimonio Chairego.

➤ 9. Apéndice: Fichas de catalogación

A

Anafreita

Muíño de Portolamas	Rego de Anafreita
---------------------	-------------------

Anxeriz

Muíño do Coto	Rego de Ponte da Veiga
Muíño do Ribeiro do Monte	Rego de Anafreita
Muíño de Cándido	Rego da Ponte do Río

B

Brá, San Martiño de

Muíño de Capitán	Río Parga
------------------	-----------

C

Carballo

Muíño de Barallobre	Río de Candaíde
Muíño de Candaíde	Río de Candaíde
Muíño de Paredes	Río de Paredes
Muíño de Freiría	Río de Candaíde
Muíño de Bernadal ou de Galote	Río de Candaíde
Muíño da Gándara	Rego da Gándara

Condes, San Martiño de Condes

Muíño de Porta Quintiá	Rego de Arxerei
Muíño de Fornelos	
Muíño de Arxerei	
Muíño de Portadenarla	Rego de Arxerei e rego do Muíño da Ponte Vilar
Muíño de Crimente ou do Xastre	
Muíño de Xulacasa	Rego do Muíño da Ponte Vilar
Muíño da Folgueira	
Muíño de Cacharelo	Río Lodoso ou das Pardellas
Muíño de Santa Eufemia	Río de Racamonde
Muíño de Mundín	
Muíño de Fonte do Can	Río Ferreira

D

Devesa, Santalla de

Muíño de Redondo	Río Lodoso
Muíño de Daniel dos Pasiños	
Muíño de Lanchón	Río Narla

F**Friol**

Muíño de Serén	Río Narla
Muíño de Quiroga	

G**Guimarei**

Muíño de Penín	Rego de Guimarei
Muíño das Seixas	
Muíño de Carballal	

Guldriz

Muíño de Mera	Rego de Lavandeira
---------------	--------------------

M**Miraz**

Muíño de Xan de Roca	Rego da Ponte do Río
Muíño de Corveiros	Río Corveiros
Muíño de Graciano	Rego da Ponte Saltiño
Muíño de Señorito (Torre)	Rego da Ponte do Río
Muíño de Vigo	Rego da Ponte do Río
Muíño da Pena	

N**Narla**

Muíño de Iglesias (1)	Rego de Mourelle
Muíño de Iglesias (2)	
Muíño de Fraíz	
Muíño de Roquiño	

Nodar

Muíño de Ximarei	Rego de Porto de Guimarei
Muíño da Cabana	Rego de Carral
Muíño de Samede	Rego da Pontiga

O**Ousá**

Muíño de Serén	Rego de Portagolmar
Muíño de Rabelo	Rego de Vilariño
Muíño de Ferreira (Grande)	
Muíño de Ferreira (Pequeno)	
Muíño do Campo	

P**Pacio (O)**

Muíño de Seoane	Rego do Pacio ou de Bieitia
Muíño de Xácobe	
Muíño do Pacio	
Muíño do Cruceiro	
Muíño da Valiña	Río Ferreira
Muíño do Pico	Rego do Burgo
Muíño de Moreno	Rego do Burgo
Muíño do Lameiro	
Muíño vello de A Grela	

R**Ramelle**

Muíño de Santos	Río do Carballo
-----------------	-----------------

Roimil

Muíño da Regüela	Río Parga
Muíño de Reguengo ou de Ricardo	
Muíño de Gallardo	
Muíño de Terrón	

S**San Cibrao de Pregación**

Muíño da Escandada	Río Ferreira
Muíño de Reboredo	

Seixón

Muíño de Batán	Río Parga
Muíño de Gabino	
Muíño de Manteigas	

Serén

Muíño de Casa Escrita	Rego de Portasueiro
Muíño de Cidre	

Silvela

Muíño de Corteporcós	Regato de Corteporcós ou da Fraga
Muíño de Bernadal	
Muíño de Busto	Rego da Fraga
Muíño de Cango	Río Parga

T**Trasmonte**

Muíño de Ponterrió	Río Lavandeira
Muíño de Bouzaboa	Río Lavandeira

V**Vilafiz**

Muíño de Racamonde, Valín ou Fondemera	Rego de Vilar
Muíño das Laxes	
Muíño do Estanqueiro	Rego de Vilafiz
Muíño da Casa do Cura	
Muíño de Cobas	
Muíño de Outeiro	
Muíño do Cabo	
Muíño Real da Folgueira	Rego das Carballas

Vilalvite



Muíño das Vigas	Río Narla
Muíño das Ferrerías	Rego do Portonovo
Muíño de Suspadros	Rego do Seixo

X**Xiá**


Muíño da Bugalla	Río Riamonte
Muíño da Fraga ou de Suouteiro	
Muíño da Fraga ou Segureira	
Muíño de Rouchelo	
Muíño de Pozas	
Muíño de Enxeito	
Muíño do Vilar	
Muíño do Sixto	Río Grande
Muíño de Albino, de Ron ou de Busto	
Muíño de Mixo (1)	
Muíño de Mixo (2)	Río Narla
Muíño da Castronela	
Muíño de Rosón	
Muíño de Cascabado	
Muíño da Torrente	Río do Porto da Serra

FICHA DE CATALOGACIÓN Nº1		Nº INV. Fich.1/105
UBICACIÓN:	Muíño de Portolamas	
PARROQUIA/ advocación:	Anafreita (San Pedro)	
EXTENSIÓN SUPERFICIE DA PARROQUIA:	8,1 km ²	
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	Practicamente inescrutable a través da frondosa vexetación, tan só é perceptible o arranque do tellado.	
-BLOQUE DESCRIPTIVO	No tellado percíbese a vertente a dúas augas que cobre unha estrutura de reducidas dimensións.	
-ESTRUTURA:	Inaccesibilidade, que dificulta a visibilidade e conseqüente análise descritiva.	
-DIMENSIÓNS:	Reducidas dimensións, é dicir, non se evidencia que fose un muíño de proporcións grandes como o de Cándido ou Batán.	
-ESTIMACIÓN DE PARTES CONSERVADAS:	Situado preto do caudal do regato, do cal aproveitaría a auga como forza motriz de traballo. Contamos con poucos datos que permitan facer unha catalogación máis detallada e pormenorizada, polo que só podemos tomar as coordenadas antes da súa inminente desaparición.	CARTOGRAFÍA FLUVIAL: Rego de Anafreita

DENOMINACIÓN:	Muíño de Portolamas
PARROQUIA:	Anafreita
REGISTRO DE COORDENADAS	
LATITUDE:	43,09338
LONXITUDE:	-7,88347
ALTITUDE:	566 m
PRECISIÓN:	5 m
http://maps.google.com/?q=43.09338,-7.88347	

FICHA DE CATALOGACIÓN N°2		N° INV. Fich.2/105
UBICACIÓN:	Muíño do Coto	 
PARROQUIA/ advocación:	Anxeriz	
EXTENSIÓN SUPERFICIE DA PARROQUIA:	7,5 km ²	
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	Bastante aceptable, tendo en conta a súa abrupta ubicación debido a unha complicada orografía en pendente e zona moi arbolada.	
-BLOQUE DESCRIPTIVO	Posiblemente este muíño comparte xunto co de Portolamas a estrutura dun muíño case que tipolóxico pois distínguese por ser unha construción moi delimitada en canto ás proporcións e simetría, de feito non contén vivenda como outros muíños como o de Batán.	
-ESTRUTURA:	Caracterízase por ser un muíño cego sen xanelas, as únicas aberturas coas que conta son as que están dispostas para situar a canalización da auga que activa o funcionamento do rodicio.	
-DIMENSIÓNS:	Reducidas	
-ESTIMACIÓN DE PARTES CONSERVADAS:	ese precedido por unha gabia que se salva cunha pontella de acceso estratexicamente disposta e colocada. Rodeado dunha zona de grande riqueza paisaxística e acuífera, con grandes saltos de auga e con restos xa practicamente inexistentes que evidencia a localización dun muíño xa desaparecido.	CARTOGRAFÍA FLUVIAL: Rego da Ponte da Veiga


DENOMINACIÓN:	Muíño de Coto
PARROQUIA:	Anxeriz
REGISTRO DE COORDENADAS	
LATITUDE:	43,09168
LONXITUDE:	-7,84539
ALTITUDE:	486 m
PRECISIÓN:	13 m
http://maps.google.com/?q=43.09168,-7.84539	

FICHA DE CATALOGACIÓN Nº3		Nº INV. Fich.3/105
UBICACIÓN:	Muíño do Ribeiro do Monte	
PARROQUIA/ advocación:	Anxeriz (Santa María)	
EXTENSIÓN SUPERFICIE DA PARROQUIA:	7,5 km ²	
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	Situado nas ribeiras do río, nun entorno de difícil acceso; son as ruínas e restos que o anteceden o que nos actúa de guía para dar coa construción da que só se conserva o arranque do paramento mural.	
-BLOQUE DESCRIPTIVO	Tan só se percibe nunha parte do muro a base, bos sillares de canteiría perfectamente labrados, e o oco cadrangular por onde flúe a auga para activar o rodicio, impulsor da actividade de moenda no río.	
-ESTRUTURA:	Xa derruída, pódese facer unha lectura especulativa en canto aos restos pese a non verse ao completo.	
-DIMENSIÓNS:	Non podemos facer unha análise correcta ante a falta de datos.	
-ESTIMACIÓN DE PARTES CONSERVADAS:	Malas, o muíño xa está desprovisto de cuberta e maquinaria interna. Só quedan ruínas, está practicamente desmantelado.	CARTOGRAFÍA FLUVIAL: Rego de Anafreita



DENOMINACIÓN:	Muíño de Ribeiro do Monte
PARROQUIA:	Anxeriz
REGISTRO DE COORDENADAS	
LATITUDE:	43,09843
LONXITUDE:	-7,86438
ALTITUDE:	514 m
PRECISIÓN:	9 m
http://maps.google.com/?q=43.09843,-7.86438	

FICHA DE CATALOGACIÓN N°4		N° INV. Fich.4/105
UBICACIÓN:	Muíño de Cándido	
PARROQUIA/ advocación:	Anxeriz	
EXTENSIÓN SUPERFICIE DA PARROQUIA:	7,5 km ²	
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	Interior totalmente devastado pola acción do tempo, só se conserva a estrutura arquitectónica.	
-BLOQUE DESCRIPTIVO	Cortando lonxitudinalmente o cauce do río, dispónse esta edificación que inda fala do esplendor dunha marabillosa construción de antano con estupendos muros de canteiría con sillares perfectamente labrados.	
-ESTRUTURA:	Peche perimetral inda en pé, cun interior xa totalmente devastado polo paso do tempo e infranqueable, pois ameaza ruina co desprendemento de partes colgantes, así podemos observar o esqueleto dun muíño que se viu que foi ostentoso nun pasado.	
-DIMENSIÓNS:	Bastante amplo e espacioso, non é do estilo do do Coto ou de Portolamas.	
-ESTIMACIÓN DE PARTES CONSERVADAS:	Conta con bo sistema de ventilación e iluminación, pois está dotado dunha fachada oradada a base de xanelas. Baixo as xanela, na parte da fachada que da cara a baixada da auga da présa, dispónse a abertura do inferno.	CARTOGRAFÍA FLUVIAL: Rego da Ponte da Veiga.



DENOMINACIÓN:	Muíño de Cándido
PARROQUIA:	Anxeriz
REGISTRO DE COORDENADAS	
LATITUDE:	43,10536
LONXITUDE:	-7,83071
ALTITUDE:	479 m
PRECISIÓN:	48 m
http://maps.google.com/?q=43.10805,-7.84003	

FICHA DE CATALOGACIÓN Nº5		Nº INV. Fich.5/105
UBICACIÓN:	Muíño de Capitán	
PARROQUIA/ advocación:	Brá (San Martiño)	
EXTENSIÓN SUPERFICIE DA PARROQUIA:	4,3 km ²	
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	Moi deteriorado e abandonado, o teitume veuse totalmente abaixo e as vigas cederon desplomándose cara o interior, asemade é pasto de vexetación invasiva de musgo e líquenes.	
-BLOQUE DESCRIPTIVO	O único dos muíños desta parroquia, que tipoloxicamente é un muíño pequeno que non presenta vivenda, servindo só para a moenda.	
-ESTRUTURA:	Peches perimetral inda en pé, cun interior xa totalmente devastado polo paso do tempo, e infranqueable, pois ameaza ruína co desprendemento de partes colgantes, así podemos observar o esqueleto dun muíño que se viu que foi ostentoso nun pasado.	
-DIMENSIÓNS:	De pequenas dimensións.	
-ESTIMACIÓN DE PARTES CONSERVADAS:	En moi mal estado de conservación, cuestión de anos que esmoreza pasto da vexetación e maleza trepadora. Conserva unha sólida pontella pétrea de acceso.	CARTOGRAFÍA FLUVIAL: Río Parga



DENOMINACIÓN	Muíño de Capitán
PARROQUIA:	San Martiño de Brá
REXISTRO DE COORDENADAS	
LATITUDE:	43,08986
LONXITUDE:	-7,83179
ALTITUDE:	462 m
PRECISIÓN:	3 m
http://maps.google.com/?q=43.08986,-7.83179	

FICHA DE CATALOGACIÓN N°6		N° INV. Fich.6/105
UBICACIÓN:	Muíño de Barallobre	 
PARROQUIA/ advocación:	Carballo (San Xulián)	
EXTENSIÓN SUPERFICIE DA PARROQUIA:	18,1 km ²	
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	Conserva un bo acceso á entrada cunha boa porta de madeira, pero os arredores xa cubertos dunha considerable maleza, dificultan a localización das canles dos rodicios.	
-BLOQUE DESCRIPTIVO	Muíño de disposición bastante irregular, posiblemente por terse que adaptar á orografía do terreo en claro descenso.	
-ESTRUTURA:	Bos paramentos muráis, con lousado grisáceo de recente colocación con lousas en zig-zag no curuto do tellado. Vanos por toda a fachada, canles para a ubicación dos rodicios.	
-DIMENSIÓNS:	É un muíño que “engana”, parece pequeno pero prolóngase en alto e ancho na súa fachada traseira; cómpre darlle unha volta completa exteriormente para facer unha lectura en conxunto concluínte.	
-ESTIMACIÓN DE PARTES CONSERVADAS:	Pese a ter un acceso limpo e un lousado moi bo, é cuestión de tempo que a maleza o cubra por completo de non tomar medidas.	CARTOGRAFÍA FLUVIAL: Rego de Candaíde



DENOMINACIÓN:	Muíño de Barallobre
PARROQUIA:	Carballo
REXISTRO DE COORDENADAS	
LATITUDE:	43,02772
LONXITUDE:	-7,84581
ALTITUDE:	519 m
PRECISIÓN:	4 m
http://maps.google.com/?q=43.02772,-7.84581	

FICHA DE CATALOGACIÓN Nº7		Nº INV. Fich.7/105
UBICACIÓN:	Muíño de Candaíde	 
PARROQUIA/ advocación:	Carballo (San Xulián)	
EXTENSIÓN SUPERFICIE DA PARROQUIA:	18,1 km ²	
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	Pese á dificultade do acceso, por ser una zona moi fértil en acuíferos que fan o terreo inconsistente, sorprende atopar una construción que resistiu o paso do tempo e os embistes da auga.	
-BLOQUE DESCRIPTIVO	Precedido dunha gabia en acusado descenso, conserva vivenda, muíño e zona de coidado de gando.	
-ESTRUTURA:	Diposto en desnivel presenta una disposición escalonada que se descabalga pola ladeira da montaña.	
-DIMENSIÓNS:	Grandes, de corpulencia e fortaleza, incrementadas por unha contorna con forte bater da auga.	
-ESTIMACIÓN DE PARTES CONSERVADAS:	Aínda se pode acceder ao interior, e ver os restos da vivenda, da corte e das partes integradoras para o funcionamento dun muíño, así como arquetas, escadas e outros apeiros e/ou utensilios de labranza.	CARTOGRAFÍA FLUVIAL: Rego de Candaíde


DENOMINACIÓN:	Muíño de Candaíde
PARROQUIA:	Carballo
REGISTRO DE COORDENADAS	
LATITUDE:	43,01437
LONXITUDE:	-7,875
ALTITUDE:	566 m
PRECISIÓN:	6 m
http://maps.google.com/?q=43.01437,-7.87500	

FICHA DE CATALOGACIÓN N°8		N° INV. Fich.8/105
UBICACIÓN:	Muíño de Paredes	 
PARROQUIA/ advocación:	Carballo (San Xulián)	
EXTENSIÓN SUPERFICIE DA PARROQUIA:	25 km ²	
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	Moi bo, pero totalmente desvirtuado xa e descontextualizado da súa contorna.	
-BLOQUE DESCRIPTIVO	Foi restaurado non de forma moi agresiva pero sí adulterada, habida conta de que pasou a formar parte das dependencias dunha vivenda e, na actualidade, serve de alpendre de almacenamento de útiles da vivenda.	
-ESTRUTURA:	Perfecto bloque prismático, de estrutura cadrangular, teitume a dúas augas e sen presenza de vanos.	
-DIMENSIÓNS:	Moi pequeno, pero ben definido espacialmente.	
-ESTIMACIÓN DE PARTES CONSERVADAS:	Presenta unha pedra moi clara, froito da relativa frecuencia da súa restauración e de non acusar aínda moito a influencia das inclemencias meteorolóxicas	CARTOGRAFÍA FLUVIAL: Rego de Paredes


DENOMINACIÓN:	Muíño de Paredes
PARROQUIA:	Carballo
REGISTRO DE COORDENADAS	
LATITUDE:	43,02224
LONXITUDE:	-7,90512
ALTITUDE:	646 m
PRECISIÓN:	32 m
http://maps.google.com/?q=43.02772,-7.84581	

FICHA DE CATALOGACIÓN Nº9		Nº INV. Fich.9/105
UBICACIÓN:	Muíño da Freiría	 
PARROQUIA/ advocación:	Carballo (San Xulián)	
EXTENSIÓN SUPERFICIE DA PARROQUIA:	25 km ²	
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	Espectacular construción que, inda hoxe, pese o avance inexorable do tempo, se mantén bastante ben en pé.	
-BLOQUE DESCRIPTIVO	Sorprende o seu conxunto e inserción na contorna pois está dotado de boas vías de comunicación cunha sólida pontella e unha magnífica gabia de gran profundidade totalmente escavada e chanteada pola man do home, que evidencia a traída dun bo torrente de auga que facía mover o muíño durante case practicamente todo o ano, sen interrupción.	
-ESTRUTURA:	Dotado de boa iluminación, pois está totalmente oradado por ventas que serven de focos lumínicos e de ventilación, ao mesmo tempo.	
-DIMENSIÓNS:	Grandes	
-ESTIMACIÓN DE PARTES CONSERVADAS:	É, sen dúbida, un magnífico exemplo de muíño no que, a través dunha xanela, inda se pode percibir o seu interior cunha maquinaria aínda en bo estado pese ás incidencias do tempo e malia que o seu teitume se conserva ben, en certas zonas hai presenza de humidade.	CARTOGRAFÍA FLUVIAL: Rego de Candaíde



DENOMINACIÓN:	Muíño de Freiría
PARROQUIA:	Carballo
REGISTRO DE COORDENADAS	
LATITUDE:	43,02015
LONXITUDE:	-1,89315
ALTITUDE:	592 m
PRECISIÓN:	10 m
http://maps.google.com/?q=43.01437,-7.87500	

FICHA DE CATALOGACIÓN Nº10		Nº INV. Fich.10/105
UBICACIÓN:	Muíño de Galote	
PARROQUIA/ advocación:	Carballo (San Xulián)	
EXTENSIÓN SUPERFICIE DA PARROQUIA:	25 km ²	
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	Bastante bo, quizais a presenza dunha placa solar sexa, malia ser enerxía renovable, un tanto desacertada, xa que desvirtúa un pouco a integridade da tradición dos muíños, máis enxebres e privados de tanta modernidade.	
-BLOQUE DESCRIPTIVO	Antecedido por unha gran presa que embalsa moita auga e que vai canalizada para desembocar directamente para o muíño, situado nunha posición en desnivel, inferior con respecto á presa.	
-ESTRUTURA:	Muíño moi pequeno, pero ben proporcionado, con bo aparello construtivo e bo lousado, carente da acción invasora de musgos e líques.	
-DIMENSIÓNS:	De pequenas dimensións, pero bo aproveitamento espacial.	
-ESTIMACIÓN DE PARTES CONSERVADAS:	En xeral, optimo estado, só descartar como aspecto negativo a presenza da placa solar como pastiche ou feísmo na fachada dunha construción tan tradicional coma un muíño.	CARTOGRAFÍA FLUVIAL: Rego de Candaíde

DENOMINACIÓN:	Muíño de Galote ou Bernadal
PARROQUIA:	Carballo
REGISTRO DE COORDENADAS	
LATITUDE:	43,04247
LONXITUDE:	-7,91191
ALTITUDE:	641 m
PRECISIÓN:	3 m
http://maps.google.com/?q=43.04247,-7.91191	

FICHA DE CATALOGACIÓN Nº11		Nº INV. Fich.11/105
UBICACIÓN:	Muíño da Gándara	
PARROQUIA/ advocación:	Carballo (San Xulián)	
EXTENSIÓN SUPERFICIE DA PARROQUIA:	25 km ²	
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	Moi bo, pero totalmente desvirtuado xa e descontextualizado da súa contorna, pois xa non moe e é empregado como corte das cabras.	
-BLOQUE DESCRIPTIVO	Perfectas dimensións que respetan fidedignamente a proporción e a simetría dun muíño no que destaca unha pedra tipo lousa de cor grisácea.	
-ESTRUTURA:	Muíño de dimensións ben aproveitadas, cun corpo principal de tipo prismático, cego, sen vanos de ventilación nin iluminación.	
-DIMENSIÓN:	Reducidas, co espazo suficiente para albergar a maquinaria suficiente porque non era un muíño de gran tirada, ao parecer moía só para a casa, sendo de propiedade particular.	
-ESTIMACIÓN DE PARTES CONSERVADAS:	Conserva un estupendo arranque todo enlousado de gabia que verte o vertixonoso caudal do río na súa correspondente cubeta, e así accionar o rodicio.	CARTOGRAFÍA FLUVIAL: Rego da Gándara

DENOMINACIÓN:	Muíño da Gandara
PARROQUIA:	Carballo
REGISTRO DE COORDENADAS	
LATITUDE:	43,02551
LONXITUDE:	-7,89905
ALTITUDE:	636 m
PRECISIÓN:	3 m
http://maps.google.com/?q=43.02551,-7.89905	

FICHA DE CATALOGACIÓN Nº12		Nº INV. Fich.12/105
UBICACIÓN:	Muíño de Quintiá	 
PARROQUIA/ advocación:	Condes (San Martiño de)	
EXTENSIÓN SUPERFICIE DA PARROQUIA:	25 km ²	
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	Malo, e descoñeceuse o nome exacto deste muíño, pero pola súa proximidade á aldea decidimos chamarlle de Quintiá.	
-BLOQUE DESCRIPTIVO	Visible hoxe en día a súa entrada e disposición prismática do corpo principal tendente á simetría e a unha boa disposición espacial.	
-ESTRUTURA:	Bo corpo prismático, ben delimitado e con bo aparello construtivo a base de sillares ben labrados e dispostos.	
-DIMENSIÓN:	Aceptables, sobre un promontorio elevado que corona o regato que lle serve de sustento para facer a súa labor de moenda.	
-ESTIMACIÓN DE PARTES CONSERVADAS:	Xa carece de pedra e maquinaria interna pero unha regandixa permite ver un rodicio inda en boas condicións e na súa total integridade, en máximo esplendor.	CARTOGRAFÍA FLUVIAL: Rego de Arxerei



DENOMINACIÓN:	Muíño de Quintiá
PARROQUIA:	San Martiño dos Condes
REXISTRO DE COORDENADAS	
LATITUDE:	42,98208
LONXITUDE:	-7,83666
ALTITUDE:	600 m
PRECISIÓN:	4 m
http://maps.google.com/?q=42.98208,-7.8366	

FICHA DE CATALOGACIÓN Nº13		Nº INV. Fich.13/105
UBICACIÓN:	Muíño de Fornelos	 
PARROQUIA/ advocación:	Condes (San Martiño de)	
EXTENSIÓN SUPERFICIE DA PARROQUIA:	25 km ²	
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	Non moi bo, aparte que o seu acceso é bastante recóndito e comeza a ser inaccesible.	
-BLOQUE DESCRIPTIVO	En conxunto, muíño ben definido espacialmente que inda conserva a pedra de pousar o saco, e vese unha boa disposición do aparello construtivo a base de sillares ben labrados e ben colocados.	
-ESTRUTURA:	Apóstase seguindo o desnivel dunha ladeira e facendo que se oriente a súa canalización cara o río do cal se nutre e no cal os rodicios expulsan a auga despois de batela para o accionamento da maquinaria rotativa do muíño.	
-DIMENSIÓN:	Proporcionadas, pero non tendentes á grandiosidade, bastante comedido espacialmente.	
-ESTIMACIÓN DE PARTES CONSERVADAS:	Sospeitamos que puido haber unha sucesión de muíños, un antecedendo o de Fornelos, pois aínda se ven restos das súas cimentacións, así como a comezo da embocadura dunha presa situada arriba do discurrir dunha gabia.	CARTOGRAFÍA FLUVIAL: Rego da Gándara


DENOMINACIÓN:	Muíño da Gandara
PARROQUIA:	Carballo
REXISTRO DE COORDENADAS	
LATITUDE:	43,02551
LONXITUDE:	-7,89905
ALTITUDE:	636 m
PRECISIÓN:	3 m
http://maps.google.com/?q=43.02551,-7.89905	

FICHA DE CATALOGACIÓN Nº14		Nº INV. Fich.14/105
UBICACIÓN:	Muíño de Arxerei	
PARROQUIA/ advocación:	Condes (San Martiño de)	
EXTENSIÓN SUPERFICIE DA PARROQUIA:	17,5 km2	
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	Aceptable, ameazado polo avance da maleza, que impide aproximarse a visualizar as aberturas onde se sitúan os rodicios.	
-BLOQUE DESCRIPTIVO	De perfecta estrutura prismática, con bo sistema de sillería.	
-ESTRUTURA:	Proporcións coidadas en torno a unha construción ven definida xeometricamente.	
-DIMENSIÓN:	De reducidas pero aproveitadas dimensións.	
-ESTIMACIÓN DE PARTES CONSERVADAS:	Encravado nunha zona moi accesible, ao pé da entrada.	CARTOGRAFÍA FLUVIAL: Rego de Arxerei



DENOMINACIÓN:	Muíño de Arxerei
PARROQUIA:	San Martiño dos Condes
REGISTRO DE COORDENADAS	
LATITUDE:	42,98615
LONXITUDE:	-7,82457
ALTITUDE:	544 m
PRECISIÓN:	10 m
http://maps.google.com/?q=42.98615,-7.82457	

FICHA DE CATALOGACIÓN Nº15		Nº INV. Fich.15/105
UBICACIÓN:	Muíño de Portadenarla	 
PARROQUIA/ advocación:	Condes (San Martiño de)	
EXTENSIÓN SUPERFICIE DA PARROQUIA:	17,5 km ²	
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	Malo, se ben algunhas partes se conservan mellor ca outras.	
-BLOQUE DESCRIPTIVO	É un muíño que dá moito xogo debido á súa disposición arquitectónica.	
-ESTRUTURA:	Situado nunha zona de grande riqueza acuífera, atópase aproveitando un desnivel orográfico no que se encadra a porta de acceso, descabalgándose pola ladeira do habitáculo onde se insire o rodicio, conservado en perfectas condicións.	
-DIMENSIÓN:	Cunha disposición irregular, pero coas medidas suficientes para permitir a actividade.	
-ESTIMACIÓN DE PARTES CONSERVADAS:	Consérvase a pedra de pousar o saco de gran. Pequenas cavidades nas paredes que evidencian a presenza de ganchos, e outros útiles.	CARTOGRAFÍA FLUVIAL: Rego de Arxerei e Rego do Muíño da Ponte Vilar


DENOMINACIÓN:	Muíño de Portadenarla
PARROQUIA:	Condes, San Martiño de
REXISTRO DE COORDENADAS	
LATITUDE:	42,98326
LONXITUDE:	-7.83306
ALTITUDE:	541 m
PRECISIÓN:	10 m
http://maps.google.com/?q=42.98326,-7.83306	

FICHA DE CATALOGACIÓN Nº16		Nº INV. Fich.16/105
UBICACIÓN:	Muíño de Crimente (ou do Xastre)	
PARROQUIA/ advocación:	Condes (San Martiño dos)	
EXTENSIÓN SUPERFICIE DA PARROQUIA:	17,5 km ²	
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	Malo, de feito unha figueira medra por riba del atravesando o tellado.	
-BLOQUE DESCRIPTIVO	Muíño precedido dunha vivenda no que morou un xastre e muiñeiro coñecido como Crimente.	
-ESTRUTURA:	Pódese percibir o seu interior a través dunha pequena abertura no marco da porta onde se ve parte da súa maquinaria de funcionamento interno.	
-DIMENSIÓNS:	Con desnivel cara á canalización de auga, conserva unha fachada con vano onde empezan as dúas aberturas que dan cobixo ós rodicios.	
-ESTIMACIÓN DE PARTES CONSERVADAS:	Maquinaria interior que parece estar en bo uso, exterior practicamente desfeito e engulido pola maleza.	CARTOGRAFÍA FLUVIAL: Rego do Muíño da Ponte Vilar.

DENOMINACIÓN:	Muíño de Crimente ou do Xastre
PARROQUIA:	San Martiño dos Condes
REXISTRO DE COORDENADAS	
LATITUDE:	42,98326
LONXITUDE:	-7,83306
ALTITUDE:	541 m
PRECISIÓN:	10 m
http://maps.google.com/?q=42.98326,-7.83306	

FICHA DE CATALOGACIÓN Nº17		Nº INV. Fich.17/105
UBICACIÓN:	Muíño de Xulacasa	 
PARROQUIA/ advocación:	Condes (San Martiño dos)	
EXTENSIÓN SUPERFICIE DA PARROQUIA:	17,5 km ²	
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	Situado a poucos metros do muíño do xastre que se acompañaba dunha vivenda de considerables dimensións, atópase éste de Xulacasa. Presenta a particularidade de ter un dos seus flancos totalmente cuberto pola maleza, o que obriga a aproximarse ata él de preto.	
-BLOQUE DESCRIPTIVO	Unha vez a súa altura, pódese descubrir que a súa entrada principal se atopa libre de maleza e nela percíbese a pedra de pousar o saco, unha porta con xambas e linteis de pedra na que se pode ver a incisión dunha curiosa cruz. É a primeira vez que vemos algo así, tan só vimos as iniciais ou nomes dos propietarios.	
-ESTRUTURA:	Ten unha disposición en varios niveis, e segundo en que cara da estrutura cadrangular do muíño vemos unha perspectiva diferente, presentando maior desnivel pola parte na que o muíño verte as augas ao río. Presenta unha boa gabia toda chanteda a base de laxes de granito, é a canalización a través da cal o muíño recibe a auga para facer a moenda e vértea de novo.	
-DIMENSIÓN:	Reducidas	
-ESTIMACIÓN DE PARTES CONSERVADAS:	Pequenas dimensións, non se pode comparar con outros de maior envergadura e volumetría considerable.	CARTOGRAFÍA FLUVIAL: Rego do Muíño da Ponte Vilar.



DENOMINACIÓN:	Muíño de Xulacasa
PARROQUIA:	San Martiño dos Condes
REXISTRO DE COORDENADAS	
LATITUDE:	42,98326
LONXITUDE:	-7,83306
ALTITUDE:	541 m
PRECISIÓN:	10 m
http://maps.google.com/?q=42.98326,-7.83306	

FICHA DE CATALOGACIÓN Nº18		Nº INV. Fich.18/105
UBICACIÓN:	Muíño da Folgueira	
PARROQUIA/ advocación:	Condes (San Martiño dos)	
EXTENSIÓN SUPERFICIE DA PARROQUIA:	17,5 km ²	
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	En xeral bastante aceptable, con partes mellor conservadas ca outras.	
-BLOQUE DESCRIPTIVO	Abraiante exemplar de muíño que engloba a vivenda nas instalación do edificio.	
-ESTRUTURA:	Engádese un segundo andar sobre a sala das máquinas de triturado e moenda do gran do cereal.	
-DIMENSIÓNS:	Moi desenvolvido en altura (o máis grande ata o momento) que coa verticalidade gana horizontalidade estrutural debido ao seu escaso ancho.	
-ESTIMACIÓN DE PARTES CONSERVADAS:	Ubicado nunha paraxe idílica na que aínda hoxe en día son perceptibles caneiros, pontellas... e outro tipo de entes vencellados ao patrimonio hidráulico, conformando un conxunto de singular e excepcional beleza.	CARTOGRAFÍA FLUVIAL: Rego do Muíño da Ponte Vilar.

DENOMINACIÓN:	Muíño da Folgueira
PARROQUIA:	San Martiño dos Condes
REXISTRO DE COORDENADAS	
LATITUDE:	43,00243
LONXITUDE:	-7,78129
ALTITUDE:	491 m
PRECISIÓN:	12 m
http://maps.google.com/?q=43.00243,-7.78129	

FICHA DE CATALOGACIÓN Nº19		Nº INV. Fich.19/105
UBICACIÓN:	Muíño de Cacharelo	 
PARROQUIA/ advocación:	Condes (San Martiño dos)	
EXTENSIÓN SUPERFICIE DA PARROQUIA:	17,5 km ²	
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	Lamentable desacerto de cubrilo con uralita en troques do característico lousado gris da zona.	
-BLOQUE DESCRIPTIVO	A uralita desvirtúa un muíño moi fermoso que se prolonga maxis-tralmente en anchura e conserva unha altura baixa acorde ás necesidades.	
-ESTRUTURA:	Precedido dunha estupenda canalización para conducir a auga da presa, conserva aínda hoxe en día a comporta para regular a entrada da auga cando esta se exceda en caudal.	
-DIMENSIÓNS:	Muíño máis amplo ca outros como o de Portadenarla ou Mundín.	
-ESTIMACIÓN DE PARTES CONSERVADAS:	Perfecto interior con maquinaria visible e en bastante bo estado. Restos de utensilios.	CARTOGRAFÍA FLUVIAL: Río Lodoso ou das Pardellas.


DENOMINACIÓN:	Muíño de Cacharelo
PARROQUIA:	San Martiño dos Condes
REGISTRO DE COORDENADAS	
LATITUDE:	43,00343
LONXITUDE:	-7,77987
ALTITUDE:	497 m
PRECISIÓN:	10 m
http://maps.google.com/?q=43.00343,-7.77987	

FICHA DE CATALOGACIÓN Nº20		Nº INV. Fich.20/105
UBICACIÓN:	Muíño de Santa Eufemia	 
PARROQUIA/ advocación:	Condes (San Martiño dos)	
EXTENSIÓN SUPERFICIE DA PARROQUIA:	17,5 km ²	
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	En xeral, é bastante aceptable.	
-BLOQUE DESCRIPTIVO	Muíño pegado á beira dunha corredeira, que se mantén nunha planicie, á diferenza dos anteriores que se articulan adaptándose á inclinación do terreo.	
-ESTRUTURA:	Estrutura do 1º piso a rentes do chan, e pola parte baixa discurre a canalización para a entrada da auga e a activación dos rodicios. O interior é sorprendente, boa e íntegral conservación.	
-DIMENSIÓNS:	De grandes dimensións, presenta unha fachada moi alongada e con moito desenvolvemento, con bo teitume a 4 augas e férreas vigas de madeira de sustentación.	
-ESTIMACIÓN DE PARTES CONSERVADAS:	Bo estado de conservación en xeral.	CARTOGRAFÍA FLUVIAL: Río de Racamonde.



DENOMINACIÓN:	Muíño de Santa Eufemia
PARROQUIA:	San Martiño dos Condes
REGISTRO DE COORDENADAS	
LATITUDE:	43,01551
LONXITUDE:	-7.7921
ALTITUDE:	Non hai datos
PRECISIÓN:	2400 m
http://maps.google.com/?q=43.01551,-7.79210	

FICHA DE CATALOGACIÓN Nº21		Nº INV. Fich.21/105
UBICACIÓN:	Muíño de Mundín	
PARROQUIA/ advocación:	Condes (San Martiño dos)	
EXTENSIÓN SUPERFICIE DA PARROQUIA:	17,5 km ²	
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	Moi malo, outrora debeu ser un muíño de calibre.	
-BLOQUE DESCRIPTIVO	Só se conserva o peche dos paramentos, o teito veuse abaixo pola invasión da maleza.	
-ESTRUTURA:	Bloque cadrangular, con 4 caras prismáticas ben definidas a pesar do derrubamento.	
-DIMENSIÓNS:	Bastante esquemáticas porque a súa disposición sobre o terreo é bastante irregular.	
-ESTIMACIÓN DE PARTES CONSERVADAS:	Malas, carece do rodicio pese a conservar unha estupenda cavidade subterránea.	CARTOGRAFÍA FLUVIAL: Río Racamonde.


DENOMINACIÓN:	Muíño de Mundín
PARROQUIA:	San Martiño dos Condes
REGISTRO DE COORDENADAS	
LATITUDE:	42,98326
LONXITUDE:	-7,83306
ALTITUDE:	541 m
PRECISIÓN:	10 m
http://maps.google.com/?q=42.98326,-7.83306	

FICHA DE CATALOGACIÓN N°22		N° INV. Fich.22/105
UBICACIÓN:	Muíño de Fonte do Can	
PARROQUIA/ advocación:	Condes (San Martiño dos)	
EXTENSIÓN SUPERFICIE DA PARROQUIA:	17,5 km ²	
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	Obsérvase aínda unha boa estrutura de canteiría en pé que aínda non é pasto da maleza, posto que non se ve moito avance nin plantas trepadoras reptando polas súas paredes.	
-BLOQUE DESCRIPTIVO	Bloque cadrangular prismático cuberto a dúas augas, do que só podemos percibir a fachada na que se ve unha porta de madeira enmarcada entre xambas e alintelada co cal xogamos con verticalidade confrontada con horizontalidade e vice-versa, feito que lle imprime dinamismo á construción afastándoa do seu estatismo.	
-ESTRUTURA:	Non se percibe que teña pedra para pou-sar o saco, só se ve un bo aparello constructivo a base de sillares perfectamente labrados e escadrados que conforman fortes muros xa consolidados e resistentes ao paso do tempo. Supoñamos que conserva a saída da auga para o rodicio coñecida como o “inferno”.	
-DIMENSIÓNS:	Reducidas, dun só corpo sen engadidos exteriores.	
-ESTIMACIÓN DE PARTES CONSERVADAS:	Situado nunha zona de gran riqueza acuífera, zona de braña, moi mergullada en auga, o cal dificulta a posibilidade de poder acercarse en exceso e ter que contemplala dende a lonxanía a pesar de contar cunha boa pontella nas súas inmediacións.	CARTOGRAFÍA FLUVIAL: Río Ferreira


DENOMINACIÓN:	Muíño de Fonte do Can
PARROQUIA:	San Martiño dos Condes
REXISTRO DE COORDENADAS	
LATITUDE:	42,96868
LONXITUDE:	-7,8337
ALTITUDE:	575 m
PRECISIÓN:	3 m
http://maps.google.com/?q=42.96868,-7.83370	

FICHA DE CATALOGACIÓN Nº23		Nº INV. Fich.23/105
UBICACIÓN:	Muíño de Redondo	 
PARROQUIA/ advocación:	Santa de Devesa (Santa Baia)	
EXTENSIÓN SUPERFICIE DA PARROQUIA:	10,66 km ²	
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	Pese a un acceso moi complicado, sorprende atopalo en estado semirruinoso pero sen estar moi invadido pola maleza que si que o rodea pero non traspasa os seus muros en demasía como temos visto noutros muíños da contorna.	
-BLOQUE DESCRIPTIVO	Muíño de fachada principal na que se ven, ao mesmo tempo, o vano de acceso, dúas xanelas e as aberturas para a canle da auga para os rodicios, é dicir, cun só golpe de vista, percibimos todos estes elementos.	
-ESTRUTURA:	Interior dividido axialmente por un corredor que divide o espazo en dúas zonas, unha destinada a zona da moenda muíño e outra habilitada para as cortes do gando, onde aínda se perciben diversos útiles como un rodicio, etc.	
-DIMENSIÓNS:	De curiosa disposición por ese corredor vertebrador, non é pequeno, ten moito desenvolvemento en anchura, menos en altura, presentando unha forma algo achaparrada.	
-ESTIMACIÓN DE PARTES CONSERVADAS:	Inda son perceptibles restos da maquinaria adicada á moenda e as xanelas que servían de ventilación e iluminación ao interior. Posible construción complementaria adicada a batán para teas.	CARTOGRAFÍA FLUVIAL: Río Lodoso


DENOMINACIÓN:	Muíño de Redondo
PARROQUIA:	Santalla de Devesa
REGISTRO DE COORDENADAS	
LATITUDE:	43,03081
LONXITUDE:	-7.75188
ALTITUDE:	483 m
PRECISIÓN:	3 m
http://maps.google.com/?q=43.03081,-7.75188	

FICHA DE CATALOGACIÓN Nº24		Nº INV. Fich.24/105
UBICACIÓN:	Muíño de Daniel dos Pasiños	
PARROQUIA/ advocación:	Santalla de Devesa (Santa Baia)	
EXTENSIÓN SUPERFICIE DA PARROQUIA:	16,6 km ²	
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	Enmarcado nun entorno magnífico pola súa doada accesibilidade, é facilmente visitable, consérvase ben pero presenta un claro exemplo de feísmo coa anexión dun edificio en ladrillo.	
-BLOQUE DESCRIPTIVO	O contraste co tixolo permítenos ver unha fachada labrada en boa pedra de canteiría e cun bo lousado que cubre, a dúas augas, unha construción cadrangular con boa disposición simétrica.	
-ESTRUTURA:	Muíño de estrutura cadrangular con bo aparello construtivo, rodeado dunha extensa gabia que se prolonga moito por terse que abastecer dunha presa bastante afastada da construción.	
-DIMENSIÓNS:	Pequeno malia que non en exceso, vese un pouco engulido pola voluminosa construción en tixolo adosada ao seu carón.	
-ESTIMACIÓN DE PARTES CONSERVADAS:	Muíño bastante ben conservado, a súa pureza construtiva tendente á sobriedade e o aspecto comedido, é alterado polo tixolo da construción anexa.	CARTOGRAFÍA FLUVIAL: Río Lodoso

DENOMINACIÓN:	Muíño de Daniel dos Pasiños
PARROQUIA:	Santalla de Devesa
REXISTRO DE COORDENADAS	
LATITUDE:	43,03421
LONXITUDE:	-7,7494
ALTITUDE:	434 m
PRECISIÓN:	4 m
http://maps.google.com/?q=43.03421,-7.74940	

FICHA DE CATALOGACIÓN Nº25		Nº INV. Fich.25/105
UBICACIÓN:	Muíño de Lanchón	 
PARROQUIA/ advocación:	Santalla de Devesa (Santa Baia)	
EXTENSIÓN SUPERFICIE DA PARROQUIA:	10,66 km ²	
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	Exteriormente inda mantén en pé un bo sistema de peche de paramento mural, pero o interior está totalmente nú, desprovisto de tódolos útiles imprescindibles para o funcionamento do muíño.	
-BLOQUE DESCRIPTIVO	Pronunciada vertiente a dúas augas dun tellado de lousas que se abre en ángulo moi grande sobre a construción que centra a porta do acceso no medio da fachada principal.	
-ESTRUTURA:	Dotado dun interior moi amplo, que se enfatiza máis ao visualizalo carente de toda maquinaria e outros aditamentos. Conta con bo sistema de ventilación, pois hai certa proliferación de vanos e aperturas.	
-DIMENSIÓNS:	Pouca altura, moito desenvolvemento do fondo en proporción coa lonxitude de ancho da fachada.	
-ESTIMACIÓN DE PARTES CONSERVADAS:	É perceptible a maxestuosidade deste muíño espido interiormente, pero que se atopa encadrado nun entorno paradisíaco no que vemos o río coa disposición de "pasos" ao xeito de pedras en sentido vertical cara a beira para sorteare o río con seguridade.	CARTOGRAFÍA FLUVIAL: Río Narla



DENOMINACIÓN:	Muíño de Lanchón
PARROQUIA:	Santalla de Devesa
REGISTRO DE COORDENADAS	
LATITUDE:	43,048157
LONXITUDE:	-7,749193
ALTITUDE:	Non hai datos
PRECISIÓN:	3000 m
http://maps.google.com/?q=43.048157,-7.79193	

FICHA DE CATALOGACIÓN Nº26		Nº INV. Fich.26/105
UBICACIÓN:	Muíño de Serén	
PARROQUIA/ advocación:	Friol (San Xillao)	
EXTENSIÓN SUPERFICIE DA PARROQUIA:	5 km ²	
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	Bo, malia que nos últimos anos o estado de abandono se agravou.	
-BLOQUE DESCRIPTIVO	Muíño de singular beleza pola súa particularidade estética e a contorna que o enmarca. Presenta un pendello alintelado que serve de antesala á entrada do muíño, posiblemente adicado á fin do almacenamento de apeiros de labranza.	
-ESTRUTURA:	Expándese cunha fachada ampla e xalonada de fiestras dianteiras de marcos de madeira, baixo as cales se sitúan as aperturas para a canalización da auga, forza motriz que pón en funcionamento a maquinaria de moenda.	
-DIMENSIÓN:	De grandes dimensións, é unha arquitectura que se desparrama a xeito de balconada sobre o río Narla, aproveitando a proximidade do recurso acuífero.	
-ESTIMACIÓN DE PARTES CONSERVADAS:	A estrutura actual fálanos dun muíño de peso e categoría, pois debido á súa proximidade a un río caudaloso fai pensar nunha potente activación dos rodicios, habida conta de que este muíño tiña maior demanda ao servir á vila.	CARTOGRAFÍA FLUVIAL: Río Narla


DENOMINACIÓN:	Muíño de Serén
PARROQUIA:	Friol
REGISTRO DE COORDENADAS	
LATITUDE:	43,02655
LONXITUDE:	-7,80263
ALTITUDE:	478 m
PRECISIÓN:	18 m
http://maps.google.com/?q=43.02655,-7.80263	

FICHA DE CATALOGACIÓN Nº27		Nº INV. Fich.27/105
UBICACIÓN:	Muíño de Casa Quiroga	
PARROQUIA/ advocación:	Friol (San Xulián)	
EXTENSIÓN SUPERFICIE DA PARROQUIA:	5 km ²	
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	Moi bo, dos poucos que se manteñen activos na actualidade, moendo con total operatividade.	
-BLOQUE DESCRIPTIVO	Unha construción abraiante e con certo enigma, pois o avance crecente e imparable do urbanismo terminou por "tragalo" e quedar embebido entre construcións actuais de tixolo e cemento, facendo que o efecto escénico sexa aínda máis espectacular ao non contar cun muíño nestas inmediacións.	
-ESTRUTURA:	Interior perfectamente conservado, totalmente operativo e funcional. Estruturalmente, é unha estancia moi pronunciada ao longo e de bo aparello construtivo que conserva bos sillares.	
-DIMENSIÓN:	Tipoloxicamente, ten 3 pedras e aínda hoxe se pode ver traballar a peneira con total funcionalidade e nitidez.	
-ESTIMACIÓN DE PARTES CONSERVADAS:	Moi bo. É unha marabilla ver un muíño en funcionamento nos tempos que corren, e o mimo e atención con que os seus donos o coidan e permiten o acceso as súas inmediacións.	CARTOGRAFÍA FLUVIAL: Río Narla

DENOMINACIÓN:	Muíño de Casa Quiroga
PARROQUIA:	Friol
REGISTRO DE COORDENADAS	
LATITUDE:	Non referenciadas por tratarse dunha propiedade privada.
LONXITUDE:	
ALTITUDE:	
PRECISIÓN:	

FICHA DE CATALOGACIÓN Nº28		Nº INV. Fich.28/105
UBICACIÓN:	Muíño de Penín	
PARROQUIA/ advocación:	Guimarei (Santa María)	
EXTENSIÓN SUPERFICIE DA PARROQUIA:	8,7 km ²	
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	Emprazado coroando un cerro no alto dunha montaña, é un muíño disposto transversalmente á baixada de auga do río, pode ser unha decisión estratexicamente pensada para aproveitar mellor a enerxía do empuxe de auga que movería con maior ímpetu o rodicio.	
-BLOQUE DESCRIPTIVO		
-ESTRUTURA:	Sorprende o seu coroamento a base dun teitume de dúas augas, con saledizo frontal enorme, con moito derrame no que se aprecian uns bos taboleiros de madeira, algo cubertos xa de musgo e líques. Este tellado cubre un corpo arquitectónico angosto e estreito, de pouca superficie, pero en proporcións moi ben aproveitadas e delimitadas. Pódese ver o seu interior ao estar caída a porta de acceso que está flanqueada nun dos seus costados por unha pedra de pousar o saco, tamén chamada pousadoiro. Esta pedra é a antesala do interior no que aínda se poden percibir restos de maquinaria como unha pedra de moer, varios utensilios de moenda como arquetas e a grúa ou guindastre, e unha grande abertura na pedra de moer onde se ve a saída da auga e o rodicio xiratorio.	
-DIMENSIÓNS:	Mantense ben en pé, pese a que a súa construción non debeu ser doada pois presenta un desnivel orográfico ben considerable chea de irregularidades e un gran salto de auga, que fai a zona abrupta e de difícil acceso para conferir-lle unha contorna de singular beleza e atractivo.	
-ESTIMACIÓN DE PARTES CONSERVADAS:	Maquinaria interior que parece estar en bo uso, exterior practicamente desfeito e engulido pola maleza.	CARTOGRAFÍA FLUVIAL: Rego de Guimarei

DENOMINACIÓN:	Muíño de Penín
PARROQUIA:	Guimarei
REGISTRO DE COORDENADAS	
LATITUDE:	42,98072
LONXITUDE:	-7,76243
ALTITUDE:	589 m
PRECISIÓN:	3 m
http://maps.google.com/?q=42.98072,-7.76243	

FICHA DE CATALOGACIÓN Nº29		Nº INV. Fich.29/105
UBICACIÓN:	Muíño das Seixas	
PARROQUIA/ advocación:	Guimarei (Santa María)	
EXTENSIÓN SUPERFICIE DA PARROQUIA:	8,7 km ²	
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	Bastante ben, alomenos atópase exento de maleza pero desvirtuado da contorna propia dun muíño.	
-BLOQUE DESCRIPTIVO	Construción confundible hoxe en día con outra de tipo complementario como un alpendre, xa que a gabia se atopa cortada e isto evidencia a dificultade de identificación como muíño coa súa inconfundible maquinaria (pedra de moer).	
-ESTRUTURA:	A nivel construtivo, é unha edificación precedida dun pórtico asoportado que descarga as presións e empuxes sobre unha columna de acusada verticalidade, a continuación nun bloque cadrangular de tipo prismático albégase a dependencia propia dun muíño como tal.	
-DIMENSIÓNS:	Proporcionadas	CARTOGRAFÍA FLUVIAL: Rego de Guimarei
-ESTIMACIÓN DE PARTES CONSERVADAS:	Hai bastantes desperdicios e refugallos na entrada porticada que o antecede, pero as cubertas están ben e a estrutura inda se ten en pé.	



DENOMINACIÓN:	Muíño das Seixas
PARROQUIA:	Guimarei
REXISTRO DE COORDENADAS	
LATITUDE:	42,98773
LONXITUDE:	-7,7671
ALTITUDE:	574 m
PRECISIÓN:	12 m
http://maps.google.com/?q=42.98773,-7.76710	

FICHA DE CATALOGACIÓN Nº30		Nº INV. Fich.30/105
UBICACIÓN:	Muíño do Carballal	
PARROQUIA/ advocación:	Guimarei (Santa María)	
EXTENSIÓN SUPERFICIE DA PARROQUIA:	8,7 km ²	
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	Bastante deplorable	
-BLOQUE DESCRIPTIVO	Situado nunha depresión de terreo que vai finalizar no discurrir dun regato de bo caudal, no que se aposta este muíño que consta dunha turbina anexa, xeradora de enerxía aproveitando a forza motriz da auga.	
-ESTRUTURA:	A principal característica deste muíño é a tonalidade da súa pedra que lle serve de sustento para edificar a súa construción. Da devandita construción, hoxe en día só se ven os muros e un teitume a dúas augas ben lousada, tendo en conta a proliferación de pizarra do subsolo da contorna.	
-DIMENSIÓNS:	Intúese un muíño de adustas proporcións, que se insinúan a través da frondosidade da vexetación.	
-ESTIMACIÓN DE PARTES CONSERVADAS:	En mal estado de conservación, a vexetación e a gabiá impiden aproximarse ás inmediacións.	CARTOGRAFÍA FLUVIAL: Rego de Guimarei

DENOMINACIÓN:	Muíño de Carballal
PARROQUIA:	Guimarei
REXISTRO DE COORDENADAS	
LATITUDE:	43, 02192
LONXITUDE:	-7,82201
ALTITUDE:	Non hai datos
PRECISIÓN:	3000 m
http://maps.google.com/?q=43.02192,-7.82201	

FICHA DE CATALOGACIÓN Nº31		Nº INV. Fich.31/105
UBICACIÓN:	Muíño de Mera	
PARROQUIA/ advocación:	Guldriz (Santiago)	
EXTENSIÓN SUPERFICIE DA PARROQUIA:	8,7 km²	
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	Trátase dun muíño que se atopa ao fondo dun prado e que xa nos seduce cunha presenza escénica máis que aceptable, pois presenta exteriormente, un excelente estado de conservación. Asemade, é un muíño que "esixe" pivotar ao redor del, circundalo, xa que dependendo da óptica que se adopta, a vista que nos devolve é totalmente diferente e non decepciona para nada.	
-BLOQUE DESCRIPTIVO	Na súa fachada principal, presenta as aberturas para a canle da auga e enriba delas sendos vanos de luz con estupenda marquetería de madeira con 6 orificios distribuídos simetricamente á esquerda e dereita 3 e 3, respectivamente. Imprimen simetría, organicidade e beleza ao ritmo constructivo da fachada. Acompaña-se a porta de acceso, disposta esquinadamente e ao seu carón unha estrutura asoportalada identificable cun alpendre no que, actualmente, se atopa maquinaria industrial destinada a labores agrícolas.	
-ESTRUTURA:	Pola súa parte superior, vese o acceso da presa, a gabia e a abertura a través da cal a canalización do muíño recibía a auga para a activación da maquinaria da moenda.	
-DIMENSIÓNS:	Muíño grande	
-ESTIMACIÓN DE PARTES CONSERVADAS:	Consérvanse 2 pedras de muíño ao exterior, posiblemente restos de construción que aí quedaron para a posteridade, a modo de mera receta decorativa ou anecdótica.	CARTOGRAFÍA FLUVIAL: Rego de Lavandeira



DENOMINACIÓN:	Muíño de Mera
PARROQUIA:	Guldriz
REGISTRO DE COORDENADAS	
LATITUDE:	43,00602
LONXITUDE:	-7,75377
ALTITUDE:	547 m
PRECISIÓN:	108 m
http://maps.google.com/?q=43.00602,-7.75377	

FICHA DE CATALOGACIÓN Nº32		Nº INV. Fich.32/105
UBICACIÓN:	Muíño de Xan de Roca	 
PARROQUIA/ advocación:	Miraz (Santiago)	
EXTENSIÓN SUPERFICIE DA PARROQUIA:	12,5 km ²	
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	Pequena construción, case unha miniatura se o comparamos con muíños como o de Batán, pero moi armonioso en canto ás proporcións, que garda con especial simetría.	
-BLOQUE DESCRIPTIVO	Bo aparello constructivo, que se agocha baixo un prominente tellado que fai sobresaír uns chantos sobre o perímetro da fachada, e automáticamente por debaixo vai unha gran pedra a xeito de lintel.	
-ESTRUTURA:	O lintel descarga as presións sobre unhas xambas de pedra que enmarcan unha porta de acceso e enfatizan a súa lonxitudinalidade. Sorprende a presenza exterior de dúas pedras para pousar os sacos de grao (o pousadoiro).	
-DIMENSIÓNS:	De envergadura máis pequena e angosta.	CARTOGRAFÍA FLUVIAL: Rego da Ponte do Río
-ESTIMACIÓN DE PARTES CONSERVADAS:	Interior coa maquinaria en moi bo estado de conservación. A auga atravesa de lado a lado, entrando por un lado, atravesando o interior da súa construción e escupíndoa polo outro lateral onde activa o rodicio.	


DENOMINACIÓN:	Muíño de Xan de Roca
PARROQUIA:	Miraz
REXISTRO DE COORDENADAS	
LATITUDE:	43, 10805
LONXITUDE:	-7,84003
ALTITUDE:	474 m
PRECISIÓN:	8 m
http://maps.google.com/?q=43.10805,-7.84003	

FICHA DE CATALOGACIÓN Nº33		Nº INV. Fich.33/105
UBICACIÓN:	Muíño de Corveiros	 
PARROQUIA/ advocación:	Miraz (Santiago)	
EXTENSIÓN SUPERFICIE DA PARROQUIA:	12,5 km ²	
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	Malo, practicamente derruído.	
-BLOQUE DESCRIPTIVO	Practicamente xa en ruínas, só se perciben os restos murais que servían de peche á construción, e vese o arranque da cuberta do tellado xa vido abaixo.	
-ESTRUTURA:	Estrutura cadrangular, con tellado a dúas augas e gran vano a xeito de porta de acceso.	
-DIMENSIÓNS:	De reducidas e angostas dimensións, en comparanza cos seus coetáneos.	
-ESTIMACIÓN DE PARTES CONSERVADAS:	O importante deste muíño é a súa présa que se dispón antecedendo á construción, e que mediante un arranque cadrangular a base de chantos de lousa, aprisiona a auga.	CARTOGRAFÍA FLUVIAL: Río Corveiros.


DENOMINACIÓN:	Muíño de Corveiros
PARROQUIA:	Miraz
REXISTRO DE COORDENADAS	
LATITUDE:	43,12609
LONXITUDE:	-7,86464
ALTITUDE:	450 m
PRECISIÓN:	5 m
http://maps.google.com/?q=43.12609,-7.86464	

FICHA DE CATALOGACIÓN Nº34		Nº INV. Fich.34/105
UBICACIÓN:	Muíño de Graciano	 
PARROQUIA/ advocación:	Miraz (Santiago)	
EXTENSIÓN SUPERFICIE DA PARROQUIA:	12,5 km ²	
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	Inda conserva certa sostenibilidade e enteiraza, a pesar da desmembración dalgunhas das súas partes.	
-BLOQUE DESCRIPTIVO	Situado nas inmediacións próximas o de Xan de Roca, garda certas similitudes e afinidade construtiva con el, podendo falar dun mesmo obradoiro ou cuadrilla de canteiros co mesmo " <i>modus operandi</i> ".	
-ESTRUTURA:	Está " <i>espido</i> " no seu interior, carece de maquinaria, só percibindo sendos buratos que se apostarían baixo as pedras de moenda. Teitume con boas vigas de madeira, xa carcomidas pola acción de insectos e musgos.	
-DIMENSIÓN:	Reducidas, tendendo á pequenez e estreitez e sen grandes concesións arquitectónicas.	
-ESTIMACIÓN DE PARTES CONSERVADAS:	Bo acceso, a carón dunha vía de comunicación asfaltada.	CARTOGRAFÍA FLUVIAL: Rego da Ponte Saltiño.

DENOMINACIÓN:	Muíño de Graciano
PARROQUIA:	Miraz
REGISTRO DE COORDENADAS	
LATITUDE:	43,1261
LONXITUDE:	-7,8646
ALTITUDE:	442 m
PRECISIÓN:	66 m
http://maps.google.com/?q=43.12610,-7.86460	

FICHA DE CATALOGACIÓN Nº35		Nº INV. Fich.35/105
UBICACIÓN:	Muíño do Señorito de Miraz (Torre)	
PARROQUIA/ advocación:	Miraz (Santiago)	
EXTENSIÓN SUPERFICIE DA PARROQUIA:	12,5 km ²	
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	Practicamente engulido pola maleza, loita aínda por emerxer entre a masa árborea que o rodea e a auga que embiste contra él.	
-BLOQUE DESCRIPTIVO	O muíño acusa un estado de deterioro moi avanzado e carece de medios de comunicación para facilitar o seu acceso, posiblemente a pontella que estaría habilitada para tal fin, fica hoxe derruída pola acción da auga e estará posiblemente desmoronada impedindo achegarse a el, por iso tivemos que fotografala dende a outra beira.	
-ESTRUTURA:	Xa case imperceptible pola súa inaccesibilidade e escasa visibilidade.	
-DIMENSIÓNS:	Xa non se percibe o que fóra a súa estrutura integra.	
-ESTIMACIÓN DE PARTES CONSERVADAS:	Mal conservado, só se entreven certas partes da construción que están sepultadas pola maleza.	CARTOGRAFÍA FLUVIAL: Rego da Ponte do Río


DENOMINACIÓN:	Muíño do Señorito (Torre)
PARROQUIA:	Miraz
REXISTRO DE COORDENADAS	
LATITUDE:	43,10906
LONXITUDE:	-7,83825
ALTITUDE:	458 m
PRECISIÓN:	9 m
http://maps.google.com/?q=43.10906,-7.83825	

FICHA DE CATALOGACIÓN Nº36		Nº INV. Fich.36/105
UBICACIÓN:	Muíño de Vigo	
PARROQUIA/ advocación:	Miraz (Santiago)	
EXTENSIÓN SUPERFICIE DA PARROQUIA:	12,5 km ²	
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	Corre a mesma sorte que o do Señorito de Miraz, se ben este ten mellor acceso.	
-BLOQUE DESCRIPTIVO	Xa se atopa desteitado, ocupando a maleza trepadora o sitio das lousas, e sobresaíndo timidamente a súa estrutura no medio dun verxel vexetativo que está a consumir o pouco que queda xa del.	
-ESTRUTURA:	Case é imperceptible pola elevada concentración de maleza ao seu redor.	
-DIMENSIÓNS:	Non se poden adiviñar, pero non parecen ser moi reducidas.	
-ESTIMACIÓN DE PARTES CONSERVADAS:	A paraxe na que se enmarca, deixa entrever fermosos remansos de auga e oferta unha imaxe moi bucólica cos remuíños da auga.	CARTOGRAFÍA FLUVIAL: Rego da Ponte do Río


DENOMINACIÓN:	Muíño de Vigo
PARROQUIA:	Miraz
REXISTRO DE COORDENADAS	
LATITUDE:	43,10907
LONXITUDE:	-7,83824
ALTITUDE:	455 m
PRECISIÓN:	4 m
http://maps.google.com/?q=43.10907,-7.83824	

FICHA DE CATALOGACIÓN Nº37		Nº INV. Fich.37/105
UBICACIÓN:	Muíño da Pena	
PARROQUIA/ advocación:	Miraz (Santiago)	
EXTENSIÓN SUPERFICIE DA PARROQUIA:	12,5 km ²	
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	Mal estado de conservación	
-BLOQUE DESCRIPTIVO	Situado nunha zona de gran riqueza lítica pois abundan as penas.	
-ESTRUTURA:	Presenta unha disposición la-deada con respecto ao discurrir da auga do río.	
-DIMENSIÓNS:	Bastante considerables.	
-ESTIMACIÓN DE PARTES CONSERVADAS:	Practicamente en estado de ruina total, o seu esqueleto permite visualizar unha construción, antano, poderosa e hoxe vida a menos. Sorprende a entrada cun vano rectangular moi pronunciado en altura e estreito en anchura, vemos que está a saída da présa como en Batán, estando a entrada polo lado oposto a este que podemos visualizar dende esta beira do río.	CARTOGRAFÍA FLUVIAL: Rego da Ponte do Río


DENOMINACIÓN:	Muíño de Pena
PARROQUIA:	Miraz
REGISTRO DE COORDENADAS	
LATITUDE:	43,10905
LONXITUDE:	-7,83626
ALTITUDE:	477 m
PRECISIÓN:	23 m
http://maps.google.com/?q=43.10905,-7.83826	

FICHA DE CATALOGACIÓN Nº38		Nº INV. Fich.38/105
UBICACIÓN:	Muíño de Iglesias (1)	
PARROQUIA/ advocación:	Narla (San Pedro)	
EXTENSIÓN SUPERFICIE DA PARROQUIA:	18,7 km ²	
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	Muíño disposto nun rincón de singular beleza e atractivo, pois é un terreno rochedo bañado por múltiples regatos que se verten sobre as paredes das penas, totalmente bañadas ata ser pulimentadas pola magnitude da forza da auga.	
-BLOQUE DESCRIPTIVO	Muíño que se articula para adaptarse á orografía do terreo, presentando irregularidades no desnivel da súa construción.	
-ESTRUTURA:	Ten, así, unha fachada principal moi curta en desenvolvemento lonxitudinal e vertical, e alonxándose moitísimo nas fachadas traseira e lateral. Ten unha porta de acceso ben conservada, cor marrón, e unha xanela enmarcada con 6 orificios acristalados.	
-DIMENSIÓNS:	Grandes.	CARTOGRAFÍA FLUVIAL: Rego de Mourelle
-ESTIMACIÓN DE PARTES CONSERVADAS:	Pechado totalmente, interior franqueable, pero intuímos que non está en moi mal estado, pois o tellado está ben cuberto e non chove por él por mor dun bo lousado. Vese a gabia e os "aliviadeiros", un alpendre co carro tradicional galego.	


DENOMINACIÓN:	Muíño de Iglesias (1)
PARROQUIA:	Narla
REXISTRO DE COORDENADAS	
LATITUDE:	43,06553
LONXITUDE:	-7,78302
ALTITUDE:	495 m
PRECISIÓN:	275 m
http://maps.google.com/?q=43.06553,-7.78302	

FICHA DE CATALOGACIÓN Nº39		Nº INV. Fich.39/105
UBICACIÓN:	Muíño de Iglesias (2)	
PARROQUIA/ advocación:	Narla (San Pedro)	
EXTENSIÓN SUPERFICIE DA PARROQUIA:	18,7 km ²	
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	A escasa distancia do muíño máis grande de Iglesias, dispón este tamén chamado de Iglesias, por pertencer a dous irmáns da mesma familia que moían en muíños diferentes pero próximos en distancia.	
-BLOQUE DESCRIPTIVO	Este muíño ten un dos seus flancos totalmente cubertos pola maleza, que xa penetra polos intersticios de parte da súa fábrica o cal é unha ameaza para a súa disgregación e separación, de feito parte do seu aparello construtivo está derruído e removido.	
-ESTRUTURA:	Non conserva tellado nin lousado, estrutura totalmente desvalixada e despoxada de todo contido, aberta e desprotexida ante as inclemencias do tempo.	
-DIMENSIÓNS:	Non moi grandes, pero perfectamente simétricas, non ten irregularidades nin desniveis ao estar disposto nunha planicie.	
-ESTIMACIÓN DE PARTES CONSERVADAS:	Percíbese unha pontella, dende a cal con certa pericia e habilidade, inda se ve a apertura do inferno para o rodicio. Dende esta pontella, a través dunha sinuosa corredoira, chégase ao muíño de Iglesias de maior envergadura.	CARTOGRAFÍA FLUVIAL: Rego de Mourelle.



DENOMINACIÓN:	Muíño de Iglesias (2)
PARROQUIA:	Narla
REXISTRO DE COORDENADAS	
LATITUDE:	43,06706
LONXITUDE:	-7,78323
ALTITUDE:	526 m
PRECISIÓN:	2555 m
http://maps.google.com/?q=43.06706,-7.78323	

FICHA DE CATALOGACIÓN Nº40		Nº INV. Fich.40/105
UBICACIÓN:	Muíño de Fraíde	
PARROQUIA/ advocación:	Narla (San Pedro)	
EXTENSIÓN SUPERFICIE DA PARROQUIA:	18,7 km ²	
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	Muíño cunha ubicación moi similar ao de Roquiña ao que hai que chegar mediante uns pasos dispostos transversalmente sobre o leito do río.	
-BLOQUE DESCRIPTIVO	Construción que se acompaña dun gran volume de auga que co seu serpenteante fluír a rodea totalmente, apreciándose todo o armazón de madeira en torno ao cal se desploman as vigas.	
-ESTRUTURA:	Interiormente, non se percibe xa nada, pois un dos seus frontes está totalmente aberto, carecendo de porta, e é visible unha estrutura interna vencida polo paso do tempo e totalmente núa e sen maquinaria nin apeiros ou utensilios para o traballo da moenda. Tampouco se percibe a pedra de pousar o saco, o chamado "pousadoiro".	
-DIMENSIÓNS:	Do que se percibe entre as ruínas, foi un muíño de bastante envergadura e consistencia.	
-ESTIMACIÓN DE PARTES CONSERVADAS:	Case xa en estado de ruina total, sen ningún elemento interno a salientar e con pouca accesibilidade debido ao escarpado do terreo e abundancia de auga.	CARTOGRAFÍA FLUVIAL: Rego de Mourelle.

DENOMINACIÓN:	Muíño de Fraíde
PARROQUIA:	Narla
REXISTRO DE COORDENADAS	
LATITUDE:	43,06409
LONXITUDE:	-7,78272
ALTITUDE:	466 m
PRECISIÓN:	56 m
http://maps.google.com/?q=43.06409,-7.78272	

FICHA DE CATALOGACIÓN Nº41		Nº INV. Fich.41/105
UBICACIÓN:	Muíño de Roquiño	
PARROQUIA/ advocación:	Narla (San Pedro)	
EXTENSIÓN SUPERFICIE DA PARROQUIA:	18,7 km ²	
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	Situado nunha paraxe idílica, coma unha especie de ínsula coroadada pola construción deste muíño, ao cal se accede por unha pontella disposta estratexicamente sobre o paso da auga, e apostada moi preto da presa e do seu cauce.	
-BLOQUE DESCRIPTIVO	Sorteando o paso da auga, xa se ve unha gran superficie acotada que serve de presa de almacenamento para os recursos acuíferos que se introducían por un orificio aínda hoxe visible.	
-ESTRUTURA:	Ao interior, está totalmente destartado e abandonado, é posible asomarse e observar o declive do que foi un gran muíño no que se ven as pedras inmersas nun montón de refugallos e desperdicios.	
-DIMENSIÓNS:	Tendente á amplitude nunhas dependencias de mediano tamaño.	
-ESTIMACIÓN DE PARTES CONSERVADAS:	Vese o teitume totalmente cedido. Nas vigas proliferan os fungos e xilófagos, ao virse abaixo isto permite a entrada da auga, xerando decrepitude que ameaza risco de desplome e ruína inminente.	CARTOGRAFÍA FLUVIAL: Rego de Mourelle

DENOMINACIÓN:	Muíño de Roquiño
PARROQUIA:	Narla
REXISTRO DE COORDENADAS	
LATITUDE:	43,06289
LONXITUDE:	-7,78224
ALTITUDE:	534 m
PRECISIÓN:	32 m
http://maps.google.com/?q=43.06289,-7.78224	

FICHA DE CATALOGACIÓN Nº42		Nº INV. Fich.42/105
UBICACIÓN:	Muíño de Ximarei	 
PARROQUIA/ advocación:	Nodar (San Mamede)	
EXTENSIÓN SUPERFICIE DA PARROQUIA:	18,7 km ²	
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	Malo, de difícil acceso, pois os seus arredores, están invadidos de vexetación.	
-BLOQUE DESCRIPTIVO	Bloque macizo de ladrillo, cunha fachada antecedendo con porta e vano lateral. Restos do paramento mural de pedra de cantería empotrados na parte lateral da fachada, e que falaba do pasado dunha construción primixenia alterada pola man de obra.	
-ESTRUTURA:	Cadrangular, cuberta por teitume a dúas augas. As caras da construción ocupan case todas as mesmas dimensións tanto ao longo como ao ancho.	
-DIMENSIÓNS:	Proporcionadas e equitativas en desenvolvemento horizontal e vertical.	
-ESTIMACIÓN DE PARTES CONSERVADAS:	Está totalmente desvirtuado da súa esencia primixenia, por ter sido erroneamente restaurado en ladrillo, material moi agresivo para unha restauración acorde ao tradicionalismo imperante na construción dun muíño.	CARTOGRAFÍA FLUVIAL: Rego de Porto de Guimarei


DENOMINACIÓN:	Muíño de Ximarei
PARROQUIA:	Nodar (San Mamede)
REXISTRO DE COORDENADAS	
LATITUDE:	43,06192
LONXITUDE:	-7,92252
ALTITUDE:	630 m
PRECISIÓN:	6 m
http://maps.google.com/?q=43.06192,-7.92252	

FICHA DE CATALOGACIÓN Nº43		Nº INV. Fich.43/105
UBICACIÓN:	Muíño da Cabana	
PARROQUIA/ advocación:	Nodar (San Mamede)	
EXTENSIÓN SUPERFICIE DA PARROQUIA:	18,7 km ²	
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	Ben emprazado estratexicamente a carón da estrada, por onde pasa o camino de Santiago.	
-BLOQUE DESCRIPTIVO	Conserva moi pouco da construción tradicional e enxebre, pois está recuberto de cemento.	
-ESTRUTURA:	Bloque cadrangular, ensanchado lonxitudinalmente, desvirtuado pola tonalidade grisácea do material empregado.	
-DIMENSIÓNS:	Reducidas, cunha disposición ladeada con respecto á visión desde a ponte.	
-ESTIMACIÓN DE PARTES CONSERVADAS:	Rodeado dunha présa ben surtida de auga cun salto secuenciado en varias partes, que imprimen dinamismo e movemento á construción pola proximidade.	CARTOGRAFÍA FLUVIAL: Rego de Carral.



DENOMINACIÓN:	Muíño da Cabana
PARROQUIA:	Nodar
REGISTRO DE COORDENADAS	
LATITUDE:	43,06192
LONXITUDE:	7,92252
ALTITUDE:	630 m
PRECISIÓN:	6 m
http://maps.google.com/?q=43.06192,-7.92252	

FICHA DE CATALOGACIÓN Nº44		Nº INV. Fich.44/105
UBICACIÓN:	Muíño de Samede	
PARROQUIA/ advocación:	Nodar (San Mamede)	
UBICACIÓN:	Muíño das Vigas	
PARROQUIA/ advocación:	Vilalvite (San Pedro)	
EXTENSIÓN SUPERFICIE DA PARROQUIA:	11,2 km ²	
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	Presenta unha axeitada restauración en estilo, porque se adecentou a súa estrutura sen desvirtuala moito conservando certa pátina de antigüidade.	
-BLOQUE DESCRIPTIVO	Presenta unha parte baixa aberta (na que se aprecian os chanzos da escaleira) para resgardar as bestas e aos seus donos, apreciándose as argolas de amarre.	
-ESTRUTURA:	Apreciamos só o exterior , cuns sillares de canteiría encintados conveniente e non agresivamente. Presenta un pronunciado saínte que actúa visualmente como unha torre de acusada verticalidade, e adosada a ela a parte do corpo onde, supoñemos, estaría a maquinaria do muíño. Acerxada cor granate para as contras das xanelas combinadas artisticamente coas ferraxes en negro.	
-DIMENSIÓNS:	Bastante grandes.	
-ESTIMACIÓN DE PARTES CONSERVADAS:	Magnífica gabia toda chanteada de pedra co cuño e as comportas visibles. Longa e marcada lonxitude, o comezo atópamolo na presa circundada de macizos rochosos.	CARTOGRAFÍA FLUVIAL: Río Narla.

DENOMINACIÓN:	Muíño de Vigas
PARROQUIA:	Vilalvite
REGISTRO DE COORDENADAS	
LATITUDE:	43,04721
LONXITUDE:	-7,69464
ALTITUDE:	432 m
PRECISIÓN:	13 m
http://maps.google.com/?q=43.04721,-7.69464	

FICHA DE CATALOGACIÓN Nº85		Nº INV. Fich.85/105
UBICACIÓN:	Muíño das Ferrerías	 
PARROQUIA/ advocación:	Vilalvite (San Pedro)	
EXTENSIÓN SUPERFICIE DA PARROQUIA:	11,2 km ²	
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	Muíño de pequenas dimensións pero con certas particularidades xa que presenta unha gabiá de curioso trazado, porque pasa por debaixo do graneiro que está oradado pola superficie do chan para permitir a circulación da auga que, está seguindo lonxitudinalmente, o circuito ata morrer no muíño.	
-BLOQUE DESCRIPTIVO	A nivel arquitectónico, é un edificio de corpo cadrangular con bo aparello construtivo e que xoga coa bicromía de pedra, da porta e da xanela azul logrando un vistoso efecto óptico.	
-ESTRUTURA:	De reducidas proporcións, pero moi harmónicas e equilibradas creando unha estrutura ben definida espacialmente.	
-DIMENSIÓN:	Pequenas	
-ESTIMACIÓN DE PARTES CONSERVADAS:	Como nota anecdótica, teñen o rodicio de ferro fóra da construción apoiado nunha árbore.	CARTOGRAFÍA FLUVIAL: Rego do Porto Novo

DENOMINACIÓN:	Muíño das Ferrerías
PARROQUIA:	Vilalvite
REXISTRO DE COORDENADAS	
LATITUDE:	43,03114
LONXITUDE:	-7,70773
ALTITUDE:	470 m
PRECISIÓN:	10 m
http://maps.google.com/?q=43.03114,-7.70773	

FICHA DE CATALOGACIÓN Nº86		Nº INV. Fich.86/105
UBICACIÓN:	Muíño de Suspadros	 
PARROQUIA/ advocación:	Vilalvite (San Pedro)	
EXTENSIÓN SUPERFICIE DA PARROQUIA:	11,2 km ²	
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	Bastante ben exteriormente, ao interior atópase baleirado de toda a maquinaria propia como a grúa e arquetas, conservando só unha pedra de moer e a abertura a través da cal se vería o rodicio.	
-BLOQUE DESCRIPTIVO	Estupendo teitume a dúas augas ben deseñadas arquitectinicamente, inda visible hoxe en día a pesar da gran proliferación de musgos.	
-ESTRUTURA:	Boa cantería perceptible nos muros de acceso que se atopan incisos cunhas cruces, en teoría profilácticas para espantar as meigas portadoras de desgrazas e malos agorios.	
-DIMENSIÓNS:	Reducidas, pero moi proporcionadas e ben aproveitadas.	
-ESTIMACIÓN DE PARTES CONSERVADAS:	En conxunto, bo e aceptable estado de conservación. O muíño atópase nun montículo rodeado de brañas ao que se chega por varias pontellas estratexicamente colocadas.	CARTOGRAFÍA FLUVIAL: Rego de Seixo


DENOMINACIÓN:	Muíño de Suspadros
PARROQUIA:	Vilalvite
REXISTRO DE COORDENADAS	
LATITUDE:	43,02713
LONXITUDE:	-7,7087
ALTITUDE:	480 m
PRECISIÓN:	3 m
http://maps.google.com/?q=43.02713,-7.70870	

FICHA DE CATALOGACIÓN Nº87		Nº INV. Fich.87/105
UBICACIÓN:	Muíño da Bagulla	
PARROQUIA/ advocación:	Xiá (Santa María)	
EXTENSIÓN SUPERFICIE DA PARROQUIA:	25 km ²	
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	Consérvanse partes de elevado interese arquitectónico, pero o entorno é case inaccesible.	
-BLOQUE DESCRIPTIVO	Restos do paramento que amosan uns bos sillares graníticos inda perceptibles. Visibilidade do teitume parcial e apertura de canle a través da cal se ve, con dificultade o rodicio.	
-ESTRUTURA:	Tan só visible a exterior, a interior é infranqueable debido á maleza. Consérvase menos do que realmente foi, queda en pé unha pequena parte a base de sillares agolpados para conformar a estrutura arquitectónica.	
-DIMENSIÓNS:	Boa disposición espacial en ancho e altura coa correcta proporcionalidade; antano, de maior envergadura.	
-ESTIMACIÓN DE PARTES CONSERVADAS:	Cunha correcta poda e limpeza, este muíño pódese conservar, pois ten unha estrutura férrea que resistiu e resiste o avance da maleza invasiva que penetra polos intersticios das súas pedras coa intención de separalas. A ubicación deste muíño é moi bucólica, xa que está rodeado das augas do río e regatiños.	CARTOGRAFÍA FLUVIAL: Río de Riamonte



DENOMINACIÓN:	Muíño da Bagulla
PARROQUIA:	Xiá
REXISTRO DE COORDENADAS	
LATITUDE:	42,99195
LONXITUDE:	-7,86091
ALTITUDE:	598 m
PRECISIÓN:	10 m
http://maps.google.com/?q=42.99195,-7.86091	

FICHA DE CATALOGACIÓN Nº88		Nº INV. Fich.88/105
UBICACIÓN:	Muíño da Fraga ou de Souteiro	 
PARROQUIA/ advocación:	Xiá (Santa María)	
EXTENSIÓN SUPERFICIE DA PARROQUIA:	25 km ²	
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	O exterior está moi ameazado pola maleza que derribou parte da teitume o que permitiu a entrada da humidade impregnando as paredes de musgo e liques.	
-BLOQUE DESCRIPTIVO	O realmente fermoso atopámo-lo no seu interior onde a maquinaria do muíño se conserva case íntegra e en boas condicións, como o seu rodicio, completo en estrutura sen ningunha parte colgando rota ou deteriorada.	
-ESTRUTURA:	Cuberta a dúas augas con lousado grisáceo, característico da zona, e paramentos murais con boa cantería, con pedra para colocar os sacos á entrada.	
-DIMENSIÓNS:	Non moi reducidas nin moi desmesuradas, boa proporcionalidade arquitectónica e proximidade a unha vía de comunicación. Con restos de lavadoiros a man onde ían lavar as mulleres do rural da zona.	
-ESTIMACIÓN DE PARTES CONSERVADAS:	Accedendo, atopámonos coa pedra do muíño perfecta, pese a ter un exterior que se desmorona.	CARTOGRAFÍA FLUVIAL: Río Riamonte



DENOMINACIÓN:	Muíño da Fraga ou de Souteiro
PARROQUIA:	Xiá
REXISTRO DE COORDENADAS	
LATITUDE:	42,98458
LONXITUDE:	-7,87905
ALTITUDE:	449 m
PRECISIÓN:	10 m
http://maps.google.com/?q=42.98458,-7.87905	

FICHA DE CATALOGACIÓN Nº89		Nº INV. Fich.89/105
UBICACIÓN:	Muíño da Fraga ou da Segureira	
PARROQUIA/ advocación:	Xiá (Santa María)	
EXTENSIÓN SUPERFICIE DA PARROQUIA:	25 km ²	
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	Aceptable, pese a ter unha parte engadida que serviu de vivenda con ladrillo a xeito de incómodo pastiche que enturbia a visión do conxunto arquitectónico.	
-BLOQUE DESCRIPTIVO	Dúas construcións superpostas, a vivenda antecede ás instalacións do muíño propiamente ditas e a continuación, ven o muíño con dúas pedras e a maquinaria ao redor, en perfecta disposición.	
-ESTRUTURA:	Na zona da moenda, consérvase un vano que permite a entrada de luz e ventilación, e que se apertura para a canalización da auga onde se apostan sendos rodicios.	
-DIMENSIÓN:	Muíño de moi considerable envergadura e bo tamaño.	
-ESTIMACIÓN DE PARTES CONSERVADAS:	Exceptuando o teitume, resiste bastante ben a acción do paso do tempo.	CARTOGRAFÍA FLUVIAL: Río Riamonte.


DENOMINACIÓN:	Muíño da Fraga ou da Segureira
PARROQUIA:	Xiá
REGISTRO DE COORDENADAS	
LATITUDE:	42,98619
LONXITUDE:	-7,87191
ALTITUDE:	611 m
PRECISIÓN:	12 m
http://maps.google.com/?q=42.98619,-7.87191	

FICHA DE CATALOGACIÓN Nº90		Nº INV. Fich.90/105
UBICACIÓN:	Muíño de Rouchelo	 
PARROQUIA/ advocación:	Xiá (Santa María)	
EXTENSIÓN SUPERFICIE DA PARROQUIA:	25 km ²	
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	Exteriormente, difícil acceso, no interior inda é perceptible a súa estrutura de funcionamento.	
-BLOQUE DESCRIPTIVO	Ao interior percíbese un bo sistema de peche do paramento mural con moi bo aparello construtivo.	
-ESTRUTURA:	Estrutura cadrangular moi proporcionada con perfecta visibilidade da súa maquinaria e abertura entre dúas lousas que deixan entrever o rodicio, imprescindible na tarefa de moenda.	
-DIMENSIÓNS:	Comparado co de Segureira, é moito máis reducido en extensión, pero é perfecto en proporcións e simetría.	
-ESTIMACIÓN DE PARTES CONSERVADAS:	Pese a estar rodeado de maleza e vexetación, o interior consérvase case intacto e case sen presenza masiva de verdín de musgo e liques pola humidade.	CARTOGRAFÍA FLUVIAL: Rego de Riamonte



DENOMINACIÓN:	Muíño de Rouchelo
PARROQUIA:	Xiá
REGISTRO DE COORDENADAS	
LATITUDE:	42,98988
LONXITUDE:	-7,86582
ALTITUDE:	620 m
PRECISIÓN:	48 m
http://maps.google.com/?q=42.98988,-7.86582	

FICHA DE CATALOGACIÓN Nº91		Nº INV. Fich.91/105
UBICACIÓN:	Muíño das Pozas	 
PARROQUIA/ advocación:	Xiá (Santa María)	
EXTENSIÓN SUPERFICIE DA PARROQUIA:	25 km ²	
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	Bastante bo, atópase preto de casas dun núcleo rural.	
-BLOQUE DESCRIPTIVO	Un único van de acceso na fachada principal, teitume a dúas augas no que se aprecia uralita desvirtuando o carácter tradicional da construción primixenia do muíño.	
-ESTRUTURA:	De corte cadrangular, é un recinto ben delimitado perimetricamente que non desvirtúa a forma de cadrado ao que se debe circunscribir á construción.	
-DIMENSIÓNS:	Muíño de dimensións máis reducidas, pero ben proporcionadas.	
-ESTIMACIÓN DE PARTES CONSERVADAS:	A este muíño é difícil percibirle o rodicio debido á presenza de abundante maleza ao redor das canles da auga, si que se percibe a apertura na que se aposta o rodicio.	CARTOGRAFÍA FLUVIAL: Rego de Riamonte.


DENOMINACIÓN:	Muíño das Pozas
PARROQUIA:	Xiá
REGISTRO DE COORDENADAS	
LATITUDE:	42,99128
LONXITUDE:	-7,86211
ALTITUDE:	607 m
PRECISIÓN:	10 m
http://maps.google.com/?q=42.99128,-7.86211	

FICHA DE CATALOGACIÓN Nº92		Nº INV. Fich.92/105
UBICACIÓN:	Muíño de Enxeito	 
PARROQUIA/ advocación:	Xiá (Santa María)	
EXTENSIÓN SUPERFICIE DA PARROQUIA:	25 km ²	
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	Bastante aceptable, enmarcado nunha zona de gran riqueza acuífera e vexetativa, con remansos de auga.	
-BLOQUE DESCRIPTIVO	Unha estrutura que se abre pola parte frontal ao río para aproveitar a potencia do seu caudal, e sitúa aí os rodicios. Acceso polo lateral da fachada. Cuberta a dúas augas e lousado.	
-ESTRUTURA:	Bloque cadrangular que cobixa no seu interior a maquinaria do muíño con arquetas e outros dispositivos mecánicos e/ou utilitarios diseminados no interior da construción.	
-DIMENSIÓNS:	Bastante amplas e con disposición descendente con respecto ao río.	
-ESTIMACIÓN DE PARTES CONSERVADAS:	A maquinaria e as moas están en boas condicións así como as arquetas e outros aparellos de utilidade manual para o oficio.	CARTOGRAFÍA FLUVIAL: Rego de Riamonte.



DENOMINACIÓN:	Muíño de Enxeito
PARROQUIA:	Xiá
REXISTRO DE COORDENADAS	
LATITUDE:	42, 99366
LONXITUDE:	-7,86076
ALTITUDE:	622 m
PRECISIÓN:	70 m
http://maps.google.com/?q=42.99366,-7.86076	

FICHA DE CATALOGACIÓN Nº93		Nº INV. Fich.93/105
UBICACIÓN:	Muíño do Vilar	 
PARROQUIA/ advocación:	Xiá (Santa María)	
EXTENSIÓN SUPERFICIE DA PARROQUIA:	25 km ²	
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	Os seus intersticios entre as pedras inda non están moi adentrados e removidos pola maleza, o que nos permite ver un muro ben feito e consolidado.	
-BLOQUE DESCRIPTIVO	Fachada principal sen vanos de luz, só unha porta de acceso de madeira con listóns de madeira autóctona. Teitume a dúas augas con lousado, sobresaie un pouco o saedizo a xeito de cornixa.	
-ESTRUTURA:	Exteriormente, xa describimos unha construción ben elaborada xeometricamente falando, e no interior, podemos ver entre desperfectos das ruínas e dos escombros, parte da maquinaria do funcionamento do muíño coas partes ben conservadas pero desmontadas do seu conxunto global, pois atópanse individualmente separadas e afastadas da correcta ensamblaxe que, por exemplo, debería ter o cango, a estrutura en forma de tetraedo.	
-DIMENSIÓN:	Reducidas, pero ben aproveitadas.	
-ESTIMACIÓN DE PARTES CONSERVADAS:	Pese ao avance do tempo, consérvase bastante ben e en boas condicións, permitindo ver un interior bastante asequible de cara ao punto de vista etnográfico.	CARTOGRAFÍA FLUVIAL: Rego de Riamonte.



DENOMINACIÓN:	Muíño do Vilar
PARROQUIA:	Xiá
REGISTRO DE COORDENADAS	
LATITUDE:	42,99607
LONXITUDE:	-7,85691
ALTITUDE:	567 m
PRECISIÓN:	21 m
http://maps.google.com/?q=42.99607,-7.85691	

FICHA DE CATALOGACIÓN Nº94		Nº INV. Fich.94/105
UBICACIÓN:	Muíño de Sixto	
PARROQUIA/ advocación:	Xiá (Santa María)	
EXTENSIÓN SUPERFICIE DA PARROQUIA:	25 km ²	
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	Pésimo, non se conservan nin ben as estruturas dos muros e está sen maquinaria nin rodicio.	
-BLOQUE DESCRIPTIVO	Totalmente pasto da maleza que invade os seus muros, separando os seus sillares e abocándoo a un estado ruinoso que, nun futuro, derivará nun derrumbe e desaparición.	
-ESTRUTURA:	Situado estratexicamente, conserva un oco subterráneo onde se situaría o rodicio que evidencia o pasado dunha construción férrea e consolidada. Non se conserva nin o teitume de madeira nin o lousado.	
-DIMENSIÓNS:	De reducidas pero proporcionadas dimensións.	
-ESTIMACIÓN DE PARTES CONSERVADAS:	Estado de semirruína que en cuestión de moi poucos anos derivará nun estado de ruína total.	CARTOGRAFÍA FLUVIAL: Rego de Riamonte.

DENOMINACIÓN:	Muíño de Sixto
PARROQUIA:	Xiá
REXISTRO DE COORDENADAS	
LATITUDE:	43,00248
LONXITUDE:	-7,84935
ALTITUDE:	514 m
PRECISIÓN:	10 m
http://maps.google.com/?q=43.00248,-7.84935	

FICHA DE CATALOGACIÓN Nº95		Nº INV. Fich.95/105
UBICACIÓN:	Muíño de Albino, de Busto ou de Rón	 
PARROQUIA/ advocación:	Xiá (Santa María)	
EXTENSIÓN SUPERFICIE DA PARROQUIA:	25 km ²	
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	Moi bo, posiblemente o feito de que estivese habitado (mesmo incluso se di que foi unha taberna), beneficiou na súa conservación. Presenta unha combinación de muíño-vivenda moi harmonizada e estéticamente moi bela.	
-BLOQUE DESCRIPTIVO	Dúas construcións anexas, unha principal e outra secundaria, superpostas en altura e en desnivel. Perfecto teitume lousado. Vanos de acceso e feistras con marcos de madeira xalonando o perímetro da construción.	
-ESTRUTURA:	Un bloque cadrangular, emerxente en altura, con forma prismática ao que se anexiona unha construción secundaria alongada que conserva fiestras e portas con cor vermella. Moi bos sillares deixan ver un estupendo labor dos canteiros, tanto na disposición dos sillares como no traballo do cincelado e labra.	
-DIMENSIÓNS:	Trátase dun dos muíños de maiores dimensións que se conservan no concello de Friol, alomenos na parroquia de Xiá.	
-ESTIMACIÓN DE PARTES CONSERVADAS:	Moi bo estado, perfecta visibilidade e accesibilidade.	CARTOGRAFÍA FLUVIAL: Río Grande


DENOMINACIÓN:	Muíño de Albino, de Ron ou de Busto
PARROQUIA:	Xiá
REGISTRO DE COORDENADAS	
LATITUDE:	43,00409
LONXITUDE:	-784797
ALTITUDE:	534 m
PRECISIÓN:	10 m
http://maps.google.com/?q=43.00409,-7.8479	

FICHA DE CATALOGACIÓN Nº96		Nº INV. Fich.96/105
UBICACIÓN:	Muíño de Mixo (1)	 
PARROQUIA/ advocación:	Xiá (Santa María)	
EXTENSIÓN SUPERFICIE DA PARROQUIA:	25 km ²	
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	En conxunto, en estado ruinoso, pero algunhas partes consérvanse mellor ca outras, de feito aínda se ven os rodicios.	
-BLOQUE DESCRIPTIVO	En estado de semiruina, sen vigas de madeira no teitume e sen lousa, nin compartimentación interna.	
-ESTRUTURA:	Caída vertical moi pronunciada que alberga a ubicación dos rodicios e a proximidade á auga para a canalización.	
-DIMENSIÓNS:	Exteriormente, fachada estreita e angosta, pero ten un gran desenvolvemento vertical con profundidade. Acentuación da verticalidade perante a horizontalidade.	
-ESTIMACIÓN DE PARTES CONSERVADAS:	Estado xeral moi decrepito, rozando a ruína total, se ben hai partes parciais mellor conservadas dentro das totais.	CARTOGRAFÍA FLUVIAL: Río Grande

DENOMINACIÓN:	Muíño de Mixo (2)
PARROQUIA:	Xiá
REXISTRO DE COORDENADAS	
LATITUDE:	43,00488
LONXITUDE:	-7,84736
ALTITUDE:	511 m
PRECISIÓN:	10 m
http://maps.google.com/?q=43.00488,-7.84736	

FICHA DE CATALOGACIÓN Nº97		Nº INV. Fich.97/105
UBICACIÓN:	Muíño de Mixo (2)	
PARROQUIA/ advocación:	Xiá (Santa María)	
EXTENSIÓN SUPERFICIE DA PARROQUIA:	25 km ²	
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	Bo estado.	
-BLOQUE DESCRIPTIVO	Consérvanse rodas de muíño pousadas nos exteriores, que embelecen o conxunto que se nutre dun pendello como construción subsidiaria e secundaria á principal.	
-ESTRUTURA:	Construcción ben proporcionada, con bo mantemento e sentido de estética con marcos de portas e xanelas ben conservados.	
-DIMENSIÓNS:	Estrutura granítica, alongada, con teitume a dúas augas e lousado.	
-ESTIMACIÓN DE PARTES CONSERVADAS:	Construcción de proporcións harmoniosas e ben equilibradas. En conxunto, é un muíño ben conservado no que son perceptibles os rodicios a través da colocación dunha pontella de proximidade á construción coas dúas aberturas para a canle.	CARTOGRAFÍA FLUVIAL: Río Grande.


DENOMINACIÓN:	Muíño de Mixo (2)
PARROQUIA:	Xiá
REGISTRO DE COORDENADAS	
LATITUDE:	43,00574
LONXITUDE:	-7,84295
ALTITUDE:	482 m
PRECISIÓN:	17 m
http://maps.google.com/?q=43.00574,-7.84295	

FICHA DE CATALOGACIÓN N°98		N° INV. Fich.98/105
UBICACIÓN:	Muíño de A Castronela	 
PARROQUIA/ advocación:	Xiá (Santa María)	
EXTENSIÓN SUPERFICIE DA PARROQUIA:	25 km ²	
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	Bastante aceptable	
-BLOQUE DESCRIPTIVO	Muíño de proporcionadas dimensións, con teitume a 4 augas, vanos de acceso, de ventilación e de luz. Unha xanela conserva o marco de madeira con 6 ocos cadrangulares dispostos simétricamente.	
-ESTRUTURA:	Bo bloque prismático cadrangular, de perfecta e escadrada sillería, con pouca cachotería ou mampostería. Macizas pedras graníticas angulares cimentan e consolidan os esquinais. Na parte baixa, vese a canalización de entrada da auga e activación da maquinaria rotatoria.	
-DIMENSIÓN:	De non moi grande envergadura, pero moi ben aproveitado de cara á cavidade espacial dispoñible.	
-ESTIMACIÓN DE PARTES CONSERVADAS:	Pese a estar ameazado polo avance da vexetación, o muíño mántense en pé con bastante integridade e permite ver parte das súas instalacións de funcionamento.	CARTOGRAFÍA FLUVIAL: Río Grande

DENOMINACIÓN:	Muíño da Castronela
PARROQUIA:	Xiá
REGISTRO DE COORDENADAS	
LATITUDE:	43,00972
LONXITUDE:	-7,82176
ALTITUDE:	490 m
PRECISIÓN:	10 m
http://maps.google.com/?q=43.00972,-7.82176	

FICHA DE CATALOGACIÓN Nº99		Nº INV. Fich.99/105
UBICACIÓN:	Muíño de Rosón	 
PARROQUIA/ advocación:	Xiá (Santa María)	
EXTENSIÓN SUPERFICIE DA PARROQUIA:	25 km ²	
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	A fachada principal conserva bastante bo estado, con teitume de excepcional lousado; os laterais comezan a ser pasto das silvas.	
-BLOQUE DESCRIPTIVO	Magnífico exemplar de muíño de boa cantería con aparello de sillares ben escadrados, bo lousado, varios vanos de luz e de acceso, con anexión dun pequeno alpendre, a xeito de antesala á construción.	
-ESTRUTURA:	Non está directamente situado sobre a auga, pero polo redor véñense pequenas canalizacións que identificamos con gabias, e preto hai unha ferverza, co cal o caudal de auga en inverno estaba garantido.	
-DIMENSIÓNS:	Considerables dimensións, polo anexionado de construcións complementarias.	
-ESTIMACIÓN DE PARTES CONSERVADAS:	En xeral, mantense en bo estado, tan só precisaría dunha limpeza contra o crecemento vexetativo. Os muros vense fortes e ben consolidados.	CARTOGRAFÍA FLUVIAL: Río Narla.

DENOMINACIÓN:	Muíño de Rosón
PARROQUIA:	Xiá
REGISTRO DE COORDENADAS	
LATITUDE:	43,01375
LONXITUDE:	-7,81719
ALTITUDE:	486 m
PRECISIÓN:	27 m
http://maps.google.com/?q=43.01375,-7.81719	

FICHA DE CATALOGACIÓN N°100		N° INV. Fich.100/105
UBICACIÓN:	Muíño da Torrente	
PARROQUIA/ advocación:	Xiá (Santa María)	
EXTENSIÓN SUPERFICIE DA PARROQUIA:	25 km ²	
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	Bastante malo, malia que acusa máis deterioro por unhas partes que por outras.	
-BLOQUE DESCRIPTIVO	Muíño de pequenas dimensións, situado ao abeiro da estrada, quedando solapado polo desnivel inclinado da pendente asfaltada.	
-ESTRUTURA:	De disposición irregular, sorprende a colocación ladeada da porta de acceso, moi pouco desenvolvida en comparación coa parte traseira onde se aposta a canle para a auga, zona de ubicación do rodicio.	
-DIMENSIÓNS:	En estado ruinoso.	
-ESTIMACIÓN DE PARTES CONSERVADAS:	Perceptible inda hoxe en día a pedra de pousar o saco. En conxunto, inda se conserva o prisma cadrangular de construción con bos sillares de pedra granítica ben labrados que engrandecen unha construción diminuta e de pouca envergadura; o teitume veuse abaixo e está invadido de musgo e liques, plantas trepadoras que penetran a través dos intersticios que separan as pedras.	CARTOGRAFÍA FLUVIAL: Rio Porto da Serra.

DENOMINACIÓN:	Muíño da Torrente
PARROQUIA:	Xiá
REXISTRO DE COORDENADAS	
LATITUDE:	43,00111
LONXITUDE:	-7,8872
ALTITUDE:	647 m
PRECISIÓN:	16 m
http://maps.google.com/?q=43.00111,-7.88720	

FICHA DE CATALOGACIÓN Nº101		Nº INV. Fich.101/105
UBICACIÓN:	Muíño de Cascabado	
PARROQUIA/ advocación:	Xiá (Santa María)	
EXTENSIÓN SUPERFICIE DA PARROQUIA:	25 km ²	
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	Muíño practicamente xa derruído	
-BLOQUE DESCRIPTIVO	Só conserva parte da súa estrutura que evidencia férreos muros nun pasado.	
-ESTRUTURA:	Sorprende a súa disposición directamente emprazada sobre o torrente da auga, aproveitando a súa canle a forza motriz da mesma estrutexicamente posicionada.	
-DIMENSIÓNS:	De dimensións pequenas, se o comparamos co da Freiría.	
-ESTIMACIÓN DE PARTES CONSERVADAS:	Inda hoxe se perciben bos sillares de pedra, de boas proporcións perfectamente escadradas.	CARTOGRAFÍA FLUVIAL: Rego do Porto da Serra.

DENOMINACIÓN:	Muíño de Cascabado
PARROQUIA:	Xiá
REGISTRO DE COORDENADAS	
LATITUDE:	43,00078
LONXITUDE:	-7,88974
ALTITUDE:	719 m
PRECISIÓN:	4824 m
http://maps.google.com/?q=43.00078,-7.88974	

9.1. Muíños habilitados na actualidade como vivenda particular: concello de Friol

- N° INV. Fich.102/105.- Muíño de Pedrouzo (Cotá)
- N° INV. Fich.103/105.- Muíño de Daniel (Devesa, Santalla de)
- N° INV. Fich.104/105.- Muíño de Cobas (Narla)
- N° INV. Fich.105/105.- Muíño de Espiñeira (Narla)

➔➔ 10. Galería fotográfica

A

ANAFREITA

Muíño de Portolamas




Fig. 1 Vista tomada dende o camiño, só se vislumbra dificultosamente parte do teitume

ANXERIZ

Muíño do Coto



Fig. 2 Vista tomada dende o camiño, só se vislumbra dificultosamente parte do teitume



Fig.3 Vista da fachada traseira



Fig.4 Restos dunha pontella que servía como medio de comunicación e de unión das vías.



Fig. 5 Orificio de abertura para a canalización de entrada e saída da auga



Fig.6 Vista dos arredores que anteceden a baixada ao muiño

Muíño de Ribeiro do Monte



Fig. 7 Resto do paramento mural e da apertura da canle



Fig. 8 Desenvolvemento en altura dos restos do muro (verticalidade fronte á horizontalidade das fiadas)



Fig. 9 Restos dunha pedra de muíño nas inmediacións



Fig. 10 Visión dende arriba dos restos que quedan do muro de construción



Fig. 11 Foto dos arredores e sistemas de peche graníticos

Muíño de Cándido



Fig. 12 Vista idílica do conxunto coa súa presa aos pés



Fig. 13 Parte traseira, salientado a frondosa vexetación e o salto da auga



Fig. 14 Desenvolvemento en alto e ancho da fachada traseira con sendas xanelas



Fig.15 Interior en estado ruinoso



Fig.16 Restos do teitume xa en estado de decrepitude total

B**BRA, SAN MARTIÑO****Muíño de Capitán**

Practicamente imperceptible entre a maleza, xa documentado con fotografías nas súas fichas de catalogación, non as repetimos para evitar duplicidades.

C**CARBALLO****Muíño de Barallobre**

Fig. 1 Vista do acceso á entrada principal.



Fig. 2 Vista do lousado e o do seu asentamento no tellado a dúas augas.



Fig. 3 Canles cadrangulares para entrada e saída do cauce da auga no tellado a dúas augas.



Fig.4 Detalle da barra divisoria de ambas canles



Fig.5 Vista do rodicio, pertencente á estrutura da maquinaria

Muíño de Santos



Fig. 6 Vista principal con engadido de ladrillo a xeito de alpendre.



Fig. 7 Vista do muíño potenciado pola marabillosa contorna da natureza



Fig. 8 Vista da gabia co cauce a xeito de laxas como pavimento



Fig. 9 Vista do oco para o paso da auga



Fig. 10 Porta característica de madeira, con petadores e peches con arandela de ferro

Muíño de Candaíde



Fig.11 Visión do conxunto oculto tras o arborado.



Fig.12 Ventá enmarcando o interior do muiño coa súa maquinaria característica



Fig. 13 Restos de arquetas e outros utensilios de manexo útil.



Fig.14 Vista de dependencias externas complementarias.

F

FRIOL

Muíño de Serén



Fig.1 Vista da entrada principal con alpendre incorporado antecedendo.



Fig.2 Detalle do corpo do muíño descolgándose sobre o río



Fig.3 Vista do muíño enmarcado polo arborado e mecido polas augas do río.



Fig. 4 Ponte das Varelas, principal acceso ás inmediacións do muíño



Fig. 5 Vista do oco de entrada da auga e saída.

G

GUIMAREI

Muíño de Carballal



Fig. 1 Vista principal da construción envolta entre silvas



Fig.3 Instántanea dunha construción identificada cunha turbina



Fig. 2 Vista do teitume envolto entre follas e maleza



Fig.4 Desenvolvemento lonxitudinal da fachada lateral e vista do coroamento

Muíño das Seixas



Fig.5 Vista principal do muíño con pórtico cunha columna de soporte



Fig. 6 Detalle do muíño inmerso na súa contorna envolta entre silvas



Fig.7 Vano de madeira centralizando a construción



Fig. 8 Detalle da depresión orográfica na que se atopa inmerso



Fig.9 Vista pormenorizada do aparello construtivo

Muíño de Penín



Fig.10 Detalle da pedra de pousar o saco (pousadoiro)



Fig.11 Visión lateral do muíño precipitando a súa arquitectura á procura de auga



Fig. 12 Detalle do saledizo do teitume con pronunciada vertente



Fig. 13 Detalle do interior coa pedra de moer



Fig.14 Grúa ou guindastre de manipulación nas tarefas de moenda

GULDRIZ

Muíño de Mera



Fig. 1 Alpendre antecedendo ao muíño



Fig 2. Pedras de muíño no exterior.



Fig. 3 Inscricións na pedra da xamba de acceso (posible nome dun propietario)



Fig.4 Visión da fachada principal coas xanelas e as aberturas das canles da auga



Fig.5 Vista panorámica do muíño coas súas canalizacións

L**LAMAS**

LEA, en principio parroquias sen muíños.

M

MADELOS, en principio parroquia sen muíños.

MIRAZ**Muíño de Xan de Roca**

Fig. 1 Vista principal da fachada da construción



Fig. 2 Pedra para colocar o saco chea de vexetación



Fig. 3 Detalle de saínte na parede, a xeito de mensulón, posiblemente tamén para colocar o saco



Fig. 4 Detalle das vías de comunicación a xeito de pontellas



Fig. 5 Detalle do muíño dende o seu lateral

Muíño de Corveiros



Fig.6 Vista ao lonxe da construción



Fig.7 Detalle da gran acumulación de agua na presa deste muíño



Fig. 8 Visión en conxunto da presa e da súa extensión

Muíño de Graciano



Fig.9 Vista en conxunto da estrutura exterior do muíño



Fig. 10 Detalle da pedra de pousar o saco



Fig. 11 Abertura interna dende a que se ve o rodicio



Fig.12 Detalle da edificación inserida na súa contorna



Fig. 13 Detalle do marco da porta granítico dende o interior cara o exterior

Muíño do Señorito (Torre)



Fig. 14 Detalle do que se percibe a través da espesura da maleza



Fig.15 Vista da auga ao paso do muíño inmerso no cauce do río



Fig. 16 Pequena ferverza ou salto de auga na contorna do muíño

Muíño de Vigo



Fig. 17 Detalle da pontella como punto de comunicación



Fig. 18 Figura emerxente do corpo principal do muíño



Fig. 19 Detalle da auga ao paso polos arredores do muíño

Muíño da Pena




Fig. 20 Vista do muíño abríndose paso a través da frondosa vexetación



Fig. 21 Vista do acceso lateral dende a presa



Fig. 22 Detalle pormenorizado do vano de acceso ao interior



Fig. 23 Vista da caída da auga en ferverza

N

NARLA

Muíño de Roquiño



Fig. 1 Detalle dos muros de contención da presa



Fig. 2 Pontella de acceso ao muíño, potenciando opticamente o seu trazado




Fig. 3. Salto de auga irrumpindo con forza entre as pedras



Fig. 4 Fachada lateral en conexión co depósito de auga da presa.



Fig.5 Lamentable estado do interior en ruína e abandono total

Muíño de Fraíde



Fig. 6 Muíño emerxendo entre a masa boscosa



Fig. 7 Condución da auga polo seu cauce da gabia

Muíño de Iglesias (1)



Fig. 8 Vista de detalle do lousado en boas condicións de conservación.



Fig. 9 Vista do alpendre que se conserva nas inmediacións



Fig. 10 Recepción do muíño da auga que ven da gabia á presa



Fig. 11 Porta de entrada en cor marrón en bastante bo estado de conservación.



Fig. 12 Vista do muíño no seu conxunto enmarcando entre a frondosidade arbórea

Muíño de Iglesias (2)

Debido o seu estado ruinoso, non permitiu facer un estudo fotográfico amplo ao non presentar moitas variantes por estar oculta parte da súa construción entre a maleza.

NODAR**Muíño de Ximarei**

Fig.1 Vista da fachada principal co engadido do ladrillo.



Fig. 2 Detalle de porta de acceso principal enmarcada entre tixolos.



Fig. 3 Abertura da canalización da auga



Fig.4 Rodicio coa súa maquinaria perfectamente conservada e con pouca ferruxe

Muíño de Cabana



Fig. 5 Detalle do muíño co teitume descuberto



Fig.7 Salto de auga con caída escalonada.



Fig. 6 Fachada principal acompañada do salto de auga ao seu carón



Fig.8 Vista do conxunto dende un lateral

Muíño de Samede



Fig. 9 Vista da fachada principal da edificación



Fig. 10 Vista dende un lateral percibíndose a súa magnífica regularidade estrutural



Fig. 11 Detalle da pedra de pousar o saco para levar o gran a moer



Fig. 12 Perfecto lousado grisáceo da teitume



Fig. 13 Detalle da abertura da canalización da auga.

O

OUSÁ

Muíño de Serén



Fig. 1 Detalle da pontella de acceso de vía de comunicación



Fig. 2 Rodicio en suspensión, en bo estado de conservación



Fig. 3 Ubicación lateral de porta de acceso



Fig. 4 Muro de saledizo de pedras para pousar o saco



Fig.5 Chegada da traída de auga pola gabia e presa ao muíño

Muíño de Rabelo



Fig. 6 Recepción da auga polas entradas das canles



Fig.7 Depósito de almacenamento subsidiario á construción



Fig. 8 Canle de auga e ubicación do inferno



Fig. 9 Detalle da maquinaria en sorprendente bo estado de conservación



Fig. 10 Vista dos diversos útiles empregados na moenda.

Muíño de Ferreira (Grande)



Fig. 11 Detalle da presa enmarcada polo pórtico adintelado



Fig.12 Vista traseira da fachada



Fig. 13 Salto de auga a carón do muíño



Fig. 15 Vista do tellado perfectamente lousado



Fig. 14 Vista da pena pulimentada pola auga e o muíño

Muíño de Ferreira (pequeno)

Fig.16 Vista do muíño emerxendo entre a espesura do bosque



Fig. 17 Vista do rodicio co ferro desgastado



Fig. 18 Vista do magnífico paramento mural a base de sillares



Fig. 19 Vista do muíño coa auga rodeando a construción



Fig. 20 Detalle da inscrición "VLG" nun sillar

Muíño de Campo

Practicamente imperceptible entre a maleza, xa documentado con fotografía nas súas fichas de catalogación, non as repetimos para evitar duplicidades.

P

PACIO (O)

Muíño de Seoane



Fig. 1 Detalle do muíño inmerso na espesura da vexetación autóctona



Fig. 2 Pedra de pousar o saco



Fig. 3 Interior do muíño coa cuberta ben conservada



Fig. 4 Elementos da maquinaria interna precisa nas labores do muíneiro



Fig. 5 Vista lateral da pedra de moer e do cango. Moi bo estado de conservación

Muíño de Xácobe



Fig. 6 Visión do muíño emerxendo entre a maleza



Fig. 7 Percepción máis nítida da estrutura arquitectónica deste muíño



Fig. 8 Instantáneas da beleza da auga ao seu paso polos arredores do muíño



Fig. 9 Árbore con curiosa disposición precedendo á construción




Fig.10 Outra perspectiva do muíño na súa correspondente ubicación coas súas peculiaridades orográficas

Muíño do Pacio



Fig.11 Detalle de como a maleza está a engulir o muíño



Fig. 12 Fermosa panorámica dos arredores deste muíño



Fig.13 Caída do sol nunha tarde de serán

Muíño do Cruceiro



Fig. 14 Restos do muíño tentando abrirose paso entre a maleza



Fig.15 Mostra da cubeta que recolle a auga transportada pola gabia



Fig.16 Enfoque sobre a abertura cadrangular

Muíño da Valiña



Fig. 17 Vista da estrutura do muíño entre a masa arbórea



Fig. 18 Visión da fachada principal con gran desenvolvemento da porta principal



Fig. 19 Conxunto do muíño coa súa pontella de acceso



Fig. 20 Detalle da presa cos seus muros de contención



Fig.21 Detalle da pavimentación a base de crois

Muíño vello de A Grela



Fig. 22 Vista da fachada principal da construción



Fig. 23 Perspectiva máis afastada da fachada principal



Fig. 24 Fachada traseira onde se apostan os rodicios e as canles da auga




Fig. 25 Detalle da xanela cos vidros rotos



Fig. 26 Detalle da recepción da auga por parte da gabia

Muíño de Lameiro



Fig. 27 Percorrido sinuoso da gabia á procura do muíño



Fig. 29 Vista da fachada principal



Fig. 28 Detalle da adaptación ao escarpado do terreo



Fig. 30 Enlace de unión entre a gabia e o muíño



Fig. 31 Desenvolvemento lonxitudinal da gabia con trazado sinuoso

Muíño do Moreno



Fig. 32 Detalle da gabia fortalecida co sistema de contrarresto dos contrafortes



Fig. 33 Fachada principal con teitume frontal desproporcionado en proxección sobre a fachada



Fig.34 Pedra de posar o saco e rodas de muíño



Fig.35 Detalle da fachada traseira do muíño coa abertura da canle



Fig.36 Perímetro da gabia cos contrafortes

Muíño do Pico



Fig. 37 Detalle da gabia con menor percorrido ca anterior



Fig. 38 Vista principal da fachada xa destartalada



Fig. 39 Vista da parte traseira da fachada



Fig. 40 Parte do receptáculo do rodicio con restos da súa maquinaria



Fig. 41 Visión global da parte traseira con desenvolvemento en altura

R**RAMELLE**

Fig. 1 Detalle da fachada vista en ángulo dende a corredoira



Fig. 2 Fachada principal co engadido dun cobertizo



Fig. 3 Visión lonxitudinal do discurrir da gabia



Fig. 4 Bo lousado a base de laxas de pizarra ben biseladas



Fig. 5 Porta de madeira con bo picaporte en forma de arandela en suspensión

ROCHA

Muíño da Regüela



Fig.1 Detalle da fachada principal co teito fendido.



Fig. 2 Parte traseira para a canalización de entrada e saída da auga



Fig. 3 Vista do acceso á entrada principal, observáse o deterioro e abandono



Fig. 4 Detalle da maquinaria interna de manipulación e uso



Fig. 5 Sistema de compartimentación dos rodicios.

ROIMIL**Muíño de Terrón**

Fig.1 Vista da vía de comunicación a xeito de pontella.



Fig. 2 Detalle da fachada traseira co desague do vertedoiro



Fig. 3 Detalle da chimenea con pináculo de bola a modo de dinámico remate.



Fig. 4 Sistema construtivo da presa a base da superposición de pedras



Fig. 5 Vista dun lateral do edificio.

Muíño de Gallardo



Fig. 6 Visión en conxunto do muíño e da súa contorna



Fig. 7 Detalle dun esquinale coa visibilidade da boa cantería.



Fig. 8 Vista do interior do muíño en ruínas desde o marco da porta



Fig. 9 Detalle dunha pontella de acceso



Fig. 10 Detalle da parte traseira do muíño

Muíño de Reguengo ou de Ricardo



Fig.11 Discurrir da presa ao seu paso pola contorna do muíño.



Fig. 12 Pasos de pedra para atravesar de beira a beira o río



Fig. 13 Visión esquinada do muíño



Fig. 14 Fachada traseira do muíño



Fig. 15 Detalle das canles de entrada e saída da auga.

S

SAN CIBRAO DE PREGACIÓN

Muíño de Escandada e Rebordelo



Fig. 1 Detalle do gran salto de auga ao paso polo 1º dos muíños deste conxunto



Fig. 2 Detalle dos diferentes ocos e compartimentacións que presenta a fachada



Fig. 3 Segundo muíño integrante do conxunto da auga.



Fig. 4 Detalle das inscricións tintadas en negro na porta da fachada



Fig 5. Detalle do bo estado de conservación do lousado do tellado

SAN MARTIÑO DOS CONDES

Muíño de Fonte do Can

Fotografías xa adxuntas na súa correspondente ficha de catalogación, por problemas orográficos foinos totalmente imposible aproximarnos ao muíño, o cal supuxo facernos cun número moi limitado de fotografías que non repetimos para evitar caer en duplicidades.

Muíño de Arxerei



Fig.1 Vista do muíño enmarcado entre as árbores



Fig. 2 Vista lateralizada da construción do do tellado



Fig. 3 Vista do acceso principal



Fig.4 Detalle da pedra de pousar o saco da grá.



Fig. 5 Vista do saledizo da teitume

Muíño de Portodenarla



Fig. 6 Magnífico exemplar de rodicio perfectamente conservado



Fig.7 Detalle da pedra de pousar o saco



Fig. 8 Pedra dun muíño incrustada no paramento mural



Fig. 9 Pontella como vía de comunicación e acceso



Fig. 5 Vista do saledizo do teitume

Muíño de Mundín



Fig. 11 Receptáculo de ubicación do rodicio



Fig. 12 Porta de acceso principal cuberta pola maleza



Fig. 13 Pontellas con disposición paralela



Fig. 15 Detalle da abertura da canle para a auga



Fig. 14 Detalle de pedra de pousar o saco

Muíño de Xulacasa



Fig. 16 Vista do conxunto do muíño precedido dunha vivenda



Fig. 17 Detalle do interior bastante deteriorado



Fig.18 Aberturas de canles para a auga



Fig.19 Rodicio suspendido sobre a auga



Fig. 20 Rodicio compañeiro doutro, xa deteriorado e inclinado

Muíño de Santa Eufemia



Fig. 21 Vista traseira da fachada



Fig.22 Interior do muíño bastante ben conservado



Fig.23 Detalle duns dos laterais da fachada



Fig. 24 Saintes do tellado con lousas



Fig.25 Teitume envellecido e ameazando ruina total

Muíño da Folgueira



Fig. 26 Elevada verticalidade da fachada traseira



Fig. 27 Vista actual do acceso ao muíño



Fig.28 Detalle interior do sistema construtivo



Fig. 29 Detalle interior das pedras de moer




Fig. 30 Visión do andar superior

SANTALLA DE DEVESA

Muíño de Redondo



Fig. 1 Detalle dun alpendre dos arredores do muíño



Fig. 2 Curiosa construción onde se dí que facían teas



Fig. 3 Detalle dun vano e dúas aberturas de canle



Fig. 5 Detalle da maquinaria interna



Fig. 4 Rodas do carro a xeito de banco

Muíño de Daniel dos Pasiños



Fig. 6 Muíño antecedido de feísmo construtivo (ladrillo vs. pedra)



Fig.7 Gabia entrando na canle da auga do muíño



Fig.8 Trazado da gabia polo terreo



Fig.9 Vista frontal do conxunto do muíño



Fig. 10 Visión das canles coas súas aberturas cadrangulares

Muíño de Lanchón



Fig.11 Vista da fachada principal



Fig. 12 Detalle da disposición do teitume



Fig.13 Vista dende o interior cara a porta exterior



Fig. 14 Posible lavadoiro no río a base de chantos



Fig.15 Interior do muíño todo desmantelado e só con algunha pedra

SEIXÓN

Muíño de Batán



Fig. 1 Exteriores do muíño



Fig.3 Baixada da auga cara o rodicio



Fig.2 Interior do muíño coa maquinaria desperdigada polo chan



Fig. 4 Restos dunha construción de pesqueira recente



Fig. 5 Visión de dependencia aledaña a xeito de vivenda

Muíño de Manteigas



Fig. 6 Muíño emerxente entre a espesura da maleza.



Fig. 7 Construción da presa e salto da auga.



Fig. 8 Vista do muíño co río aos seus pés.



Fig. 9 Arredores do muíño amosando a súa gran riqueza acuífera.

Muíño de Gabino



Fig. 10 Vista do alpendre antecedendo o muíño.



Fig. 11 Interior do muíño.



Fig. 12 Vista da grúa e dos diversos aparellos



Fig. 14 Vista do muíño coa presa aos pés



Fig. 13 Vista lateral do muíño coa canalización da auga

SEOANE DE PREGACIÓN

SERÉN

Muíño de Cidre

Actualmente, en estado de ruina total, non se puido obter maior número de exemplares de documentación fotográfica.

Muíño de Casa Escrita



Fig. 1 Casa Escrita, muíño de. Detalle do discurrir do trazado da gabia.



Fig. 2 Casa Escrita, muíño de. Exteriores da construción

SILVELA

Muíño de Corteporcós



Fig. 1 Vista frontal do conxunto de muíño



Fig. 2 Magnífico exemplar da maquinaria interior de moenda



Fig. 3 Detalle da canalización para entrada e saída da auga



Fig. 4 Detalle da recepción da auga polo muíño



Fig.5 Detalle destacado da pedra de pór o saco (pousadoiro)

Muíño de Bernadal



Fig. 6 Acceso ás inmediacións do muíño



Fig. 7 Vista frontal do muíño



Fig. 8 Detalle da apertura da canle da auga



Fig.9 Detalle da xanela cos vidros rotos



Fig. 10 Vista da disposición triangular do tellado.

Muíño de Busto



Fig. 11 Muíño adaptándose á orografía do terreo en pendente.



Fig. 12 Visión lateralizada da fachada co seu vano de acceso



Fig. 13 Interior en bo estado de conservación (teitume integra)



Fig.14 Restos dun posible moble para apoiar e pousar utensilios



Fig. 15 Parte exterior da fachada traseira.



Fig.16 Detalle da rotundidade e bo ensamblaxe das vigas de madeira

Muíño de Cango



Fig. 17 Vista da fachada principal



Fig.18 Detalle do aparello granítico da construción

T**TRASMONTE****Muíño de Bouzaboa**

Fig. 1 Vista do conxunto a base de muíños e cobertizos




Fig. 2 Detalle de escaleiras excavadas na pedra



Fig. 3 Vista do muíño en perspectiva dende o alto



Fig. 4 Evidencia da riqueza rocheda da zona



Fig. 5 Detalle da presa natural de auga

V

VILAFIZ

Muíño de Racamonde, Valín ou Fondemera



Fig. 1 Detalle do muíño encravado no fondo dunha frondosa carballeira e con bos recursos acuíferos

Muíño Real da Folgueira

Debido a estar pechado nunha propiedade privada e rodeado dunha profunda braña, só puidemos sacar as fotografías que adxuntamos na correspondente ficha de catalogación.

Muíño do Cabo

En estado moi ruinoso, non arroxou máis material fotográfico.

Muíño da casa do Cura



Fig. 2 Gabia co seu discurrir lonxitudinal ata chegar a cubeta receptora do muíño.



Fig. 4 Presenza da pedra para pousar os sacos na fachada principal.



Fig. 3 Vista da riqueza boscosa coa curiosidade dunha árbore arrincada pola acción do vento

Muíño de Cobas

Inaccesible, imposibilidade total de realización de práctica de campo e fotografado.

Muíño do Estanqueiro



Fig.5 Detalle da gabia xa case sepultada e oculta trala maleza



Fig. 6 Detalle do saledizo do teitume con gran proxección exterior

Muíño das Laxes

En estado moi ruinoso, non arroxou máis material fotográfico.

Muíño de Outeiro

En estado moi ruinoso, non arroxou máis material fotográfico.

VILALVITE

Muíño das Vigas



Fig. 1 Detalle dos chanzos de subida a 1º andar da vivenda



Fig. 2 Vista dos baixos do muíño habilitado para a parada de bestas e resguardo da xente perante as condicións climatolóxicas adversas



Fig.3 Vista do canal lonxitudinal da gabia e da recepción da auga polo muíño a través das súas canles



Fig. 4 Detalle das comportas do conxunto comprendido pola gabia e pola presa



Fig. 5 Detalle dos macizos ou formacións rochosas circundantes

Muíño das Ferrerías



Fig. 6 Vista de cómo chega a gabia ao muíño



Fig. 7 Vista da gabia ao seu paso baixo o graneiro, presidindo o hórreo.



Fig. 8 Construción anexa ou adxectiva identificada cun graneiro

Muíño de Suspadros



Fig. 9 Saledizo identificado como a cambota dunha cheminea e para tornar a calor do teitume da madeira, como medida preventiva



Fig.10 Interior do muíño despojado da súa maquinaria



Fig.12 Detalle de tres cruces incisas na xamba da porta como medida profiláctica contra as meigas



Fig. 11 Visualización da apertura cadrangular baixo a cal iría apostado o rodicio



Fig. 13 Pontellas de acceso no terreo circundante ás inmediacións do muíño

X

XIÁ

A Castronela, Muíño de



Fig. 1 Vista da fachada coa canalización subterránea da auga



Fig. 2 Fachada lateral co corte da esquina e a sustentación do teitume



Fig. 3 Vista da fachada coa apertura do vano con marco de madeira con bastidor central e seis ocos ou orificios de paso de luz



Fig.4 Vista da fachada co vano ou porta de acceso interior.
Visibilidade dun bo aparello construtivo e de boa canteiría



Fig. 5 Exemplo visual do avance devastador da
vexetación invasiva e destrutiva

Rosón, muíño de

Fig. 6 Sistema de canalización a xeito de aceas para garantir o suministro de auga o muíño e poñelo en funcionamento



Fig. 7 Magnífico exemplar de ponte de arquitectura civil para conectar o muíño coa vía do camiño, obsérvese a calidade e traballo dos sillares de pedra e a súa calidade e verticalidade no pavimento e nas barandillas laterais.



Fig. 8 Muros de peche de pedra nos que se combina a verticalidade do chanto de pedra e a horizontalizade de pequenos croios apilados para chegar á altura do chanto e conformar a estrutura de cerramento, a xeito de cinto perimetral.



Fig. 9 Visión da teitume perfectamente lousada con disposición das lousas a dúas augas, e con saíntes de lousas en aresta a xeito de coroamento externo

Muíño da Bagulla, na montaña do Corno do Boi



Fig. 10 Vista do rodicio en bo estado pese á inaccesibilidade da maleza que dificulta a súa visión



Fig. 11 Exemplo do avance devastador da maleza invasora que trepa polos muros da construción



Fig.12 Restos do peche ou muro de cerramento que circunda a construción.



Fig.13 Ubicación xeográfica con diversidade vexetativa que agocha o muiño



Fig.14 Proximidade dun macizo rochoso coñecido como Pena Abrigada ou Furada

Muíño da Riba da Fraga ou de Suouteiro



Fig.15 Visualización da pedra externa que serve de sustento o saco de grao para pousalo



Fig.16 Restos da maquinaria interna que conserva as pedras e a estrutura de moenda case en perfectas condición



Fig. 17 Vista da podredume e deterioro do tellado que ameaza desprendemento e ruina.



Fig.18 Vista da maquinaria interna enmarcada pola porta de acceso feita en pedra con boa labra.



Fig. 19 Visualización do rodicio asediado pola frondosidade da vexetación invasora.

Muíño da Fraga ou da Segureira



Fig. 20 Restos dunha escada que evidencian a vida doméstica interior de antano



Fig. 21 Interior ruinoso con presenza de pedras circulares



Fig.22 Vano de apertura de luz e ventilación visto dende o exterior



Fig. 23 Vista do rodicio coa posición xiratoria sobre a auga



Fig.24 Vista do entorno natural e fluvial no que se insire o muíño

Muíño do Rouchelo



